



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 99

Sesión plenaria
19 de outubro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto 4. Interpelacións

4.1 28908 (11/INT-001443)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a política eólica e medioambiental en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

4.2 30713 (11/INT-001519)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis

Sobre a segregación do alumnado por xénero nos centros de ensino concertados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 282, do 24.02.2022

4.3 41947 (11/INT-002045)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e tres deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa emancipación da mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 05.10.2022

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 42473 (11/POPX-000081)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas urxentes que ten previsto adoptar en materia de sanidade para poñer fin á situación de colapso na que se atopa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 14.10.2022

5.2 42474 (11/POPX-000082)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para atender as necesidades de saúde mental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 14.10.2022



Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 37271 (11/POP-005333)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e seis deputados/as máis

Sobre as medidas e os programas que a Xunta de Galicia ten previsto desenvolver no ano 2022 en apoio ao comercio de proximidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 02.08.2022

6.2 42459 (11/POP-000282)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de manter as traballadoras sociais que integran actualmente as Oficinas de Atención á Víctima

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 14.10.2022

6.3 38672 (11/POP-005759)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre os estudos ou informes existentes ou previstos por Augas de Galicia en relación cos terreos e co proxecto do parque empresarial de Pontecesures

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 26.08.2022

6.4 37722 (11/POP-005467)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis

Sobre a inclusión por parte da Xunta de Galicia nos orzamentos para o ano 2023 dunha partida suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363 que permita mellorar a mobilidade e a seguridade en Redondela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 02.08.2022

6.5 38556 (11/POP-005715)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do acordo acadado no Parlamento de Galicia para comunicar Valdeorras con Galicia pola estrada OU-533

Publicación da iniciativa, BOPG nº 367, do 25.08.2022

6.6 37657 (11/POP-005431)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e sete deputados/as máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia respecto das actuacións levadas a cabo en relación co pazo de Meirás

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 02.08.2022



6.7 42469 (11/PUP-000283)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia**

Sobre a valoración do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do cesamento do director xeral de Formación Profesional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 14.10.2022

6.8 37454 (11/POP-005392)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre os novos programas que puxo en marcha a Xunta de Galicia en 2021 para o desenvolvemento do Plan de saúde mental de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 02.08.2022

6.9 42115 (11/POP-006345)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa reapertura do centro sociocomunitario Porta do Camiño, en Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 14.10.2022



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas urxentes que ten previsto adoptar en materia de sanidade para poñer fin á situación de colapso na que se atopa. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 9.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 10.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 12.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 14.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para atender as necesidades de saúde mental. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 17.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 20.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional en relación co Día Nacional do Dano Cerebral.
(Páx. 21.)

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política eólica e medioambiental en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 23.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López).* (Páx. 26.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 29.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López).* (Páx. 32.)



Interpelación de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a segregación do alumnado por xénero nos centros de ensino concertados. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)*. (Páx. 33.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 36.)

Réplica do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)*. (Páx. 39.)

Réplica da Xunta *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 41.)

Interpelación de D^a Noelia Otero Lago e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa emancipación da mocidade. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 44.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 46.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 50.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 52.)

Pregunta de D^a Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas e os programas que a Xunta de Galicia ten previsto desenvolver no ano 2022 en apoio ao comercio de proximidade. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Sanz Arias (P)*. (Páx. 54.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López)*. (Páx. 55.)

Réplica da autora: *Sra. Sanz Arias (P)*. (Páx. 56.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López)*. (Páx. 57.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica unha alteración da orde do día que consiste en debater a seguir a pregunta de dona Ana Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 58.)

Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa reapertura do centro sociocomunitario Porta do Camiño, en Santiago de Compostela. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 58.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López)*. (Páx. 59.)



Réplica da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 60.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López)*. (Páx. 61.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e D^a Noa Presas Bergantiños, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia de manter as traballadoras sociais que integran actualmente as Oficinas de Atención á Vítima. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 62.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 63.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 64.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 65.)

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os estudos ou informes existentes ou previstos por Augas de Galicia en relación cos terreos e co proxecto do parque empresarial de Pontecesures. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 66.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 67.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 69.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 69.)

Pregunta de D^a María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a inclusión por parte da Xunta de Galicia nos orzamentos para o ano 2023 dunha partida suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363 que permita mellorar a mobilidade e a seguridade en Redondela. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 71.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 72.)

Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 73.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 73.)

Pregunta de D. Eduardo Ojea Arias e D^a Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do acordo acadado no Parlamento de Galicia para comunicar Valdeorras con Galicia pola estrada OU-533. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ojea Arias (S)*. (Páx. 74.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 76.)

Réplica do autor: *Sr. Ojea Arias (S)*. (Páx. 77.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 77.)



Pregunta de D. José Luis Ferro Iglesias e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia respecto das actuacións levadas a cabo en relación co pazo de Meirás. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 78.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 79.)

Réplica do autor: *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)* (Páx. 82.)

Pregunta de D^a Noelia Otero Lago, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do cesamento do director xeral de Formación Profesional. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 83.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 84.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 85.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 88.)

Remata a sesión ás dúas e catorce minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión co punto quinto da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas urxentes que ten previsto adoptar en materia de sanidade para poñer fin á situación de colapso na que se atopa

O señor PRESIDENTE: Señor Álvarez, cando queira.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías. Bo día, señor presidente.

Antes de anda, quería dicir que hoxe, que se celebra o Día Internacional da Loita contra o Cancro de Mama, quero trasladar toda a solidariedade, apoio e cariño a todas as mulleres que padeceron e padecen esta enfermidade. Creo que é algo compartido por todos os membros desta cámara. *(Aplausos.)*

Señor presidente, Galicia ten a máxima preocupación polo seu sistema sanitario público, e iso leva a que esta sexa a terceira vez que eu lle pregunto nunha sesión de control sobre o sistema sanitario público desta comunidade autónoma, máxime cando esta fin de semana houbo unha entrevista da xerente do Sergas, nunha especie de estratexia para facilitarlle esta pregunta, na que, evidentemente, errou ou erraron a estratexia que pretendían. E deixou tres grandes titulares: un deles, relativo ao servizo de pediatría: «non vai haber pediatras». E esta é unha situación ben distinta do que ocorre en comunidades autónomas limítrofes como, por exemplo, Asturias, Castela-León ou mesmo Cantabria, cando en Galicia non se cobre nin o 85 por cento das prazas. E vostedes renuncian, evidentemente, con esa entrevista, a dar solución a este problema.

Tamén nos dixo que non todas as citas de atención primaria tiñan que darse no día. E isto é unha realidade, un recoñecemento do que hai. Pero é ben triste que a propia xerente do Sergas nos instrúa a toda a Comunidade Autónoma sobre esta realidade, porque cando o sistema sanitario estaban ben dotado de profesionais isto non ocorría. E mire, señor Rueda, entre non dar cita para o día seguinte e tardar en dala quince días creo que hai bastantes termos medios que vostedes podían solucionar.

E tamén que hai pacientes crónicos que non asistiron ao sistema sanitario durante seis meses, seis meses pacientes crónicos. E a solución é que vostedes van sobrecargar o sistema sanitario sen dotalo de máis persoal, porque iso é o que se deduce das declaracións desta xerente.

E hai tamén realidades que saíron na prensa, como que hai un incremento nas listas de agarda: trinta mil persoas para consultas desde o ano 2019, doce mil para cirurxías e trinta



e dúas mil para probas diagnósticas. Toda vez que non se negaron estes datos, asumo que a consellería, o Goberno da Xunta de Galicia, asume que son certos; ou unha espera media de catro meses para atención á saúde mental.

¿E como se chega a esta situación? Pois moi fácil. Entre os anos 2017 e 2020, segundo os indicadores clave do Sistema nacional de saúde —con datos facilitados pola propia Xunta de Galicia—, esta comunidade autónoma pasou de ser a décimo segunda, de dezasete comunidades autónomas, sen médicos para atención primaria por cada mil habitantes a ser a décimo cuarta. É dicir, mentres outras comunidades autónomas melloraron, Galicia empeorou, e pasou de ser a novena comunidade autónoma en gasto sanitario por habitante protexido —que xa era unha mala posición— a ser a décimo segunda, que evidentemente é unha posición moitísimo peor. E todo isto, señor Rueda, corresponde a gobernos dos que vostede formaba parte.

Pero hai máis. O fracaso do sistema de vacinación nesas vacinódromos, que vostedes corrixiron cando se deron conta de que, quince días despois de iniciado o procedemento, non foran quen de vacinar practicamente a metade da poboación obxectivo. E iso ¿por que? Por non contratar máis persoal. Porque vostedes, señor presidente da Xunta de Galicia, son de moitísimo amor por Galicia, pero permítame dicirlle que son de amor por Galicia *low cost*, porque non queren contratar máis persoal. (*Aplausos.*)

Fracasaron vostedes nas políticas que fixeran atractiva a profesión sanitaria en Galicia, a prestación do servizo público sanitario, e non pasa o mesmo co servizo privado, lamentablemente. E todo o anterior pode ter dúas explicacións ou obedecer, se quere, a dúas causas: en primeiro lugar, unha decisión ideolóxica, ao non apostar polos servizos públicos; e se iso é así, o beneficiado xa sabemos quen é: o sector privado. E tamén pode obedecer á falla de capacidade para dar resposta ás necesidades que ten esta comunidade autónoma, porque noutras comunidades autónomas si se dá resposta; e se iso é así, xa sabemos quen son os prexudicados...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...—remato—: os galegos e as galegas.

Por iso, señor Rueda, eu preguntolle nesta sesión de control: ¿que medidas urxentes vai adoptar o seu Goberno para resolver a situación da sanidade pública desta comunidade autónoma? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señorías, señor Álvarez, efectivamente, eu súpome ás súas manifestacións sobre a solidariedade con todas as persoas que sofren cancro de mama, as súas familias e, por suposto, o



apoio. É unha das nosas responsabilidades do Goberno galego para facer todo o posible na prevención e no tratamento.

E gustárame tamén facer unha mención e un recoñecemento público aquí no Parlamento aos doutores María García Vieites e Carlos Velasco e todo o equipo de cirurxía cardíaca do CHUAC da Coruña, que lle transplantaron a un neno un corazón, que levaba dous meses conectado a un corazón artificial. É a primeira vez que se fai en España e foi todo un éxito. Polo tanto, quería facer aquí tamén un recoñecemento público. *(Aplausos.)*

E mire, señor Álvarez, alégrome de que lera a entrevista da xerente do Sergas; eu tamén a lin e creo que estaba moi clara. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non foi preparación de nada, é simplemente dicir o moito que se está facendo na sanidade pública galega. Mire, por darlle algún dato, no que vai de ano, vacinadas cento oitenta mil persoas; vostede falaba da vacinación, da cuarta dose; cento oitenta mil persoas, nunha semana vacinadas vinte e unha mil nos centros de maiores.

No que vai de ano, a sanidade pública galega realizou vinte e dous millóns de consultas e oito na atención primaria, un 13 por cento máis que o ano pasado. Un millón na atención pediátrica primaria, un 10,9 por cento máis que o ano pasado. E o 82 por cento dos médicos de primaria dan cita en menos de catro días e o 60 por cento en menos de dous días. Esta é a realidade, que a vostede, por suposto, non lle interesa recoñecer. Disto non fala. Non fala dos tres millóns de probas diagnósticas nos hospitais feitas este mesmo ano.

Ben, interésalles moitísimo máis facer o que están facendo e dicir que isto é un caos. Comparar, como fixeron —ninguén lles cre, afortunadamente, e retrátanse por si mesmos—, perdoe que lle diga, a sanidade pública con hospitais de campaña de guerra, iso foi o que vostedes fixeron... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, non, xa sei que debe de estar arrepentido de escoitar o seu líder dicir iso, pero díxoo; polo tanto, iso escoiteino eu e escoitárono todos os galegos. É o que fan.

E eu diríalle que, mire, que xa basta de tremendismos, señor Álvarez. Claro que hai moitas cousas que corrixir, pero creo que estas cifras falan por si soas; e nós, dende logo, imos facer todo o posible para seguir corrixíndoas. Sabe de sobra, porque falamos, efectivamente —non é a primeira vez que fai unha pregunta nesta cámara—, falouse moitas veces de sanidade pública no Parlamento, onde se ten que falar, falamos das cousas que pode facer a Xunta de Galicia e das cousas que teñen que facer dende o Goberno central.

O outro día estivo aquí a ministra de Sanidade. Eu volvinlle dicir: ¿por que non se convocan prazas extraordinarias de MIR en atención primaria?, entre outras, non só en atención primaria, tamén en atención pediátrica. Díxome que era un lío tremendo, díxome que era moi complexo, díxome que iso tiña moitas ramificacións e non sei o que me dixoo, pero o caso é que non o vai facer. E non llo pedimos só nós, pídenllo outras comunidades autónomas, porque é necesario, porque é imprescindible. E non sabemos por que non o fai, pero non o fai. O que deriva diso si que é un lío tremendo. Polo tanto, se non o quere facer, non se pode facer nada ao respecto.



Mire, nós imos seguir facendo o que podemos facer: 65 millóns de euros, 4 millóns de euros máis que o ano pasado, van ir no orzamento de 2023 para formación sanitaria especializada. 4 millóns para pagar horas extras aos profesionais de atención primaria, para que cubran baixas, para que cubran turnos. Sería moito mellor ter máis prazas, pero, como vostedes non as convocan —o seu Goberno, a súa ministra—, pois temos que facer isto. 3,5 millóns de euros no orzamento de 2023 para cento trinta novas prazas en atención primaria, para reforzar as prazas de médicos que hai.

Polo tanto, señor Álvarez, cousas que mellorar, por suposto. Situación de caos, situación de absoluta deixadez, situación de desastre que vostedes insisten en pintar, en absoluto. O malo é que cada vez quedan máis retratados na sociedade galega.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor presidente da Xunta de Galicia, menos mal que non me respostou a nada, porque, se non, tiña que cambiar o discurso, viña xa preparado para que non me dixera absolutamente nada do que se lle pregunta. *(Aplausos.)*

Mire, é certo que en Galicia temos grandísimos profesionais no sistema sanitario, é certo, e para eles todo o recoñecemento deste grupo parlamentario.

Pero vostede deume cifras de incremento de consultas con respecto ao ano pasado. Ata onde eu sei, o ano pasado as consultas estaban limitadas. Polo tanto, permítame dicirlle, tanto desde o punto de vista estatístico como de sentido común, que ese incremento pouco ten que ver cunha mellora absoluta de terse producido con respecto a un ano normal esa comparación. *(Aplausos.)*

Pero é que, ademais, señor presidente, desde o ano 2017 a 2020 en España hai 22.796 médicos colexiados máis. E seguramente son insuficientes para atender ás necesidades de todos os sistemas sanitarios. Pero resulta que a Comunidade Autónoma de Galicia nunca está favorecida por eses incrementos. E esa é a realidade. E é a realidade porque repítolle que vostedes non crean unhas condicións axeitadas para facer efectiva a profesión sanitaria nesta comunidade autónoma.

Mire, o Goberno de Euskadi, por exemplo, acaba de anunciar a convocatoria de trescentas prazas de atención primaria no seu sistema público de saúde. ¿Quere apostar unha cifra aproximada a ver cantos médicos formados en Galicia acaban indo a Euskadi porque van ter ofertas de emprego estables e mellores? E esa é a realidade, señor Rueda.

E vostede vén aquí e fálame de cifras para a formación de docentes, para a formación médica, etc., etc. E resulta que vostedes na nota de prensa que sacaron onte anuncian un incremento



de 33,4 millóns de euros de reforzo en atención primaria. E iso supón simplemente un 2,4 por cento de incremento con respecto ao programa de atención primaria con respecto ao orzado neste ano 2022. É dicir, nuns orzamentos que globalmente se incrementan un 8,5 por cento, vostedes van incrementar a atención primaria —que é onde está verdadeiramente máis colapsado o sistema— nun 2,4 por cento. ¿E iso é todo o que lle ten que ofrecer a esta comunidade autónoma?

E mire, non por repetido vou deixar de dicírllo outra vez. O problema das prazas MIR sabe vostede que non é certo. Sabe vostede que as prazas MIR convocadas desde que o señor Sánchez está no goberno duplican todas as que fixo o señor Rajoy cando estaba no goberno. *(Aplausos.)* E esa é a realidade. Se quere, doulle as cifras, déixollas ao presidente do Parlamento; e incluso, se quere, elixa vostede o tipo de letra e o formato da táboa na que llas presento, para maior facilidade. A ver se así asumen dunha vez que eses datos son os que son...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...non os que lles gusta que fosen.

E, señor Rueda, renuncie vostede a ese descenso no imposto do patrimonio, que con tanto éxito defendeu o señor portavoz do grupo parlamentario onte —ou pretendeu defender— falando de desplumar gansos. *(Murmurios.)* Pero, en realidade, a quen están desplumando vostedes é ao sistema sanitario público de Galicia; e esa, señor Rueda, é unha realidade que ten vostede que corrixir. Porque, se todo o que ten que anunciar para atención primaria é un reforzo de 34 millóns de euros, ao mellor podía duplicar ese reforzo, polo tanto duplicar a porcentaxe...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...simplemente eliminando esa figura impositiva que todos sabemos a estas alturas a quen vai beneficiar, con independencia dos discursos, máis ou menos académicos, que se pretendan dar neste parlamento. A realidade é que vostedes desean unha política fiscal que en nada vai contribuír a mellorar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...en concreto a sanidade pública, que é obxecto desta pregunta.

Señor Rueda, tremendismos, os xustos. Tremendos son os datos que publicou a prensa a semana pasada sobre o incremento das listas de espera...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...e tremendas son as realidades que evidencia a entrevista da Xerencia.

(Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo. Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, non son certas as cifras que vostede di. Estou desexando que mas dea para ver que se convocaron moitas máis prazas.

E mire, se se poden convocar máis, ¿por que non convocan as mil que estamos pedindo as comunidades autónomas? ¿Por que ese empeño aquí en vir defender a ministra, en vir defender o presidente do Goberno en algo que non queren facer e que non lles custaría absolutamente nada? É que están todas as comunidades autónomas dicindo que sería unha parte importante da solución. Non o queren facer e vostedes xa non saben terxiversar as cifras, dicir que se convocaron máis. Pois convoquen todas as necesarias, que as imos pagar as comunidades autónomas.

E non me diga que temos grandes profesionais e despois diga que a sanidade pública é un desastre absoluto, porque as dúas afirmacións son incompatibles. Os grandes profesionais nun magnífico sistema de saúde pública. Son as dúas cousas. (*Aplausos.*)

E despois, mire, lea ben os orzamentos. Van entrar neste parlamento de xeito inmediato. Onte dicía a señora Pontón —linlle unhas declaracións— que adicamos 31 millóns de euros á atención primaria. ¡Oia!, aumenta o orzamento este ano en atención primaria en 137 millóns de euros; máis dun 10 por cento, por enriba do aumento medio da Consellería de Sanidade; vaise a 1.500 millóns. ¿Pero que están vostedes dicindo? ¿Cre que pode chegar aquí e soltar unha cifra e a xente...? Menos mal que están os orzamentos para respaldar que vostede non di a verdade.

E os fondos para persoal de atención primaria soben case un 6 por cento, 576 millóns de euros. É un 30 por cento máis que nos seus orzamentos expansivos do ano 2009.

E no 2023 vai ter lugar o maior aumento de prazas MIR da historia: seiscentas vinte prazas. Si, si, aquí en Galicia. Vostede pon o exemplo doutras comunidades autónomas. Cento trinta e nove máis que o ano pasado. ¿E desas cento trinta e nove sabe cantas van para atención primaria? Setenta e unha. Todas as que podemos formar. Cambien os criterios de docencia. Tamén é outra cousa que, polo que sexa, a ministra e o señor Sánchez non queren facer. E isto é o que impide que poidamos convocar máis.

E non me diga que noutras comunidades autónomas non se dá o problema. Imos ver, o conselleiro socialista de Sanidade en Extremadura: *Ni con todo el oro del mundo conseguiríamos más médicos.* Isto dío un conselleiro socialista de Extremadura.

¿E que me di? ¿Isto é culpa da Xunta de Galicia? ¿E que me di da folga indefinida en atención primaria que ten a conselleira socialista de Sanidade de Cantabria? ¿Tamén é culpa da Xunta



de Galicia e non teñen eses problemas? ¿Ou que me di do que din os médicos de primaria de Aragón? Falan de *hundimiento absoluto del sistema*. Ao mellor tamén é cousa da Xunta de Galicia ou só se dan eses problemas en Galicia e vostedes fano todo de marabilla. Non poña exemplos que se lle volvan en contra. Isto é un problema xeral que tería unha solución directa se o Goberno central quixera, en gran parte. Xa sei que esa non é a única solución, pero é unha parte moi importante e non lles custaría absolutamente nada. E dáme igual que a ministra me diga que é un lío, que é moi complexo, que ten moitas ramificacións. Pois haberá que facelo. Para iso hai un Ministerio de Sanidade, para iso é responsable desa planificación.

E mire, se quere falamos de pediatría. Efectivamente, foron os propios pediatras os que falan dunha reorganización dende hai moitos anos. E queremos que haxa un sistema cada vez mellor. E haberá que reorganizalo nos centros de saúde, os propios profesionais din que é necesario.

E partimos dunha situación bastante mellor. Mire, doulle dous exemplos a vostede, que lle gusta tanto apelar a outras comunidades autónomas; as dúas gobernadas polo Partido Socialista. Aquí en Galicia o 90 por cento das prazas de pediatría en atención primaria están ocupadas por pediatras. En Valencia é o 70 por cento, en Baleares é o 50 por cento. O número de pediatras en atención primaria é practicamente o mesmo que había no ano 2008, baixou moi pouco, dende logo baixou moito menos que os nenos, por desgraza, co problema demográfico, e, polo tanto, a ratio que temos pediatra/neno está moi encima da media nacional. Iso hai que dicilo tamén. E, se quere, falamos de calidade asistencial.

Lei de garantías. Vostedes votárona en contra porque dixeron que era un coladero para facer derivacións. ¿Sabe cantas derivacións se fixeron? Cero. ¿Sabe o que está permitindo, señor Álvarez? Mire, primeiro, tempo medio de espera para acudir a consulta en hospital, cincuenta e seis días. ¿A media nacional cal é? Sábea, non o vai contar, non lle interesa: oitenta e nove. E queremos chegar a corenta e dous e imos chegar este ano.

E claro que aumentaron as consultas respecto do ano pasado, pero é que queremos volver á situación anterior. Espera media para cirurxías de prioridade 1, dezanove días. Con vostedes eran corenta. E este ano, a través da Lei de garantías, imos introducir novas patoloxías para acurtar os prazos.

E mire, moi acaído no día de hoxe, Día do Cancro de Mama, once mil pacientes de cancro teñen o primeiro diagnóstico nunha media de seis días. Isto sábeo a xente que realmente ten un problema serio de saúde. Duascentas mil persoas con patoloxías graves teñen acceso a unha operación en menos de sesenta días.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Polo tanto, mire, imos seguir por este vieiro. Seguiremos construíndo hospitais, seguiremos construíndo centros de saúde, seguiremos reducindo as listas de espera, seguiremos adquirindo tecnoloxía de vangarda, seguiremos facendo o que poidamos no reforzo da atención primaria na parte que



nos corresponde e seguiremos dicindo que, mentres o Goberno central non tome unha serie de decisións, será imposible solucionar o problema. Vostedes sigan branqueando a ministra, sigan branqueando o presidente do Goberno e sigan perpetuando o problema.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para atender as necesidades de saúde mental

O señor PRESIDENTE: Señora Pontón, cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías.

Señor Rueda, trescentas trinta e unha persoas suicidáronse en Galiza o ano pasado, trescentas trinta e unha persoas. Temos unha taxa de suicidios que está moi por riba da media estatal e tamén da europea. E mesmo antes do *shock* que supuxo a covid en Galiza catrocentos mil galegos e galegas tomaban pílulas para durmir ou tranquilizantes.

Lideramos o consumo de psicofármacos: somníferos, ansiolíticos, antidepressivos. Señor Rueda, ¿sabe que os galegos e galegas son os que se senten máis deprimidos de todo o Estado? Pero é que o Partido Popular leva trece anos deixando soas estas persoas, que en moitos casos non teñen máis axuda que unha caixa de Prozac ou unha caixa de Lorazepam. E isto, señor Rueda, non o podemos dar por normal. Nin tampouco que a atención á saúde mental dependa da túa conta bancaria, que dependa de se tes recursos para pagar un psicólogo ou unha psiquiatra na privada. Non é normal e non o podemos dar por normal. (*Aplausos.*)

Miles de mozos e mozas sofren depresión, angustia, autolesións. Miles de homes e mulleres deste país viven con estrés, con ansiedade, con insomnio. Miles de persoas maiores viven en soidade, con illamento social, sen máis recursos que os que lles pode dar a súa familia.

E é importante que nos poñamos na súa pel, que nos poñamos na pel dunha familia que ten un pai, unha nai ou un fillo ao que non pode deixar só nunca porque teme que lle pase o peor. Temos que poñernos na pel desas persoas.

O 23 por cento da poboación ten un problema crónico de saúde mental. Estamos ante a gran pandemia do século XXI, pero vostedes levan trece anos mirando para outro lado. Faltan medios, faltan recursos, faltan campañas de prevención e de sensibilización. Estamos á cola no número de psicólogos, temos neste momento no noso país cinco por cada cen mil habitantes, fronte á media da Unión Europea, que é dezaioito. E hai hoxe, señor Rueda, hoxe, dez mil vinte persoas que están esperando pola súa primeira consulta de psiquiatría.

E vostedes, fronte a isto, fan anuncios. Si, si, no 2020 anunciáronnos un Plan de saúde mental, cun investimento a catro anos de 83 millóns de euros. En 2021 orzaron 1,3 millóns de euros. En 2022 xa non había partida específica.



E, se falamos dos medios humanos, vostedes propoñían contratar douscentos corenta e un especialistas. ¿Sabe cantos propoñía a Xunta de Galiza no ano 1997? Mil cincocentos. É dicir, que en 2022 propoñen contratar menos profesionais que hai vinte e catro anos. É impresionante. (*Aplausos.*)

Por iso, señor Rueda, pregúntolle: máis alá da propaganda, ¿que vai facer o seu Goberno para atender un problema tan serio como é o da saúde mental? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, presidente.

Señora Pontón, bos días.

Creo que está ben, sinceramente, falar de saúde mental e falar no Parlamento. Isto non se facía durante moitos anos polo Goberno nin pola oposición probablemente e é necesario. E estou de acordo en que é un problema e é un problema que debemos afrontar, e é bo para os doentes, é bo para as familias e é bo para a sociedade galega en xeral. ¿É unha parte fundamental da saúde pública? Sen dúbida. ¿É un problema que se está agravando? Sen dúbida. ¿É un problema que temos que afrontar todas as administracións? Sen dúbida. As que temos competencias sanitarias, as primeiras; non teño ningunha dúbida, e ademais facelo sen falsos prexuízos, sen apriorismos, con plantexamentos abertos e con orzamento. Estou absolutamente de acordo. Porque en todo isto despois pode haber moitas reflexións, moitas chamadas de atención, pero despois ten que haber orzamentos.

E, efectivamente, aprobamos no ano 2020 o Plan de saúde mental de Galicia con horizonte 2024, e aí empeza o que fai vostede sempre: non contar a verdade. É que non se fixo absolutamente nada. Ben, onte dicía que temos 31 millóns de euros para atención primaria. Xa lle dixen antes: 137 de aumento, 1.500 o total. Lance esas cifras ao aire, a ver se cola, ¡que máis dá! Vostede non goberna, non ten que ter rigor. Pero eu si e, polo tanto mire, Plan de saúde mental. ¿Como me pode dicir que non se fixo nada? A día de hoxe hai cento vinte e cinco profesionais da saúde mental contratados ao abeiro dese plan, xa contratados: trinta psiquiatras, trinta e catro psicólogos, trinta profesionais de enfermería especialistas en saúde mental —que, por certo, é unha categoría creada pola Xunta de Galicia—, doce traballadores sociais e once traballadores doutras categorías profesionais, pero todas relacionadas coa saúde mental.

¿É dabondo? Non. Imos seguir, por suposto. Nos orzamentos de 2023 hai partida orzamentaria para a contratación de sesenta e un novos especialistas en saúde mental; cento oitenta e seis. Chegamos ao número comprometido, que era un ano, e, se podemos, superáremolo, por suposto. Isto dá igual, se vostede di que non hai... Non sei se é que non o sabe, se o sabe e non o quere dicir. Fastídiaselle a pregunta, pero é moi grave que vostede diga que non se fixo absolutamente nada, cando vai haber o ano que vén cento oitenta e seis novos profesionais contratados a maiores dos que xa había. (*Aplausos.*)



E mire, temos que traballar tamén na formación. Efectivamente, porque o problema é moi complexo, é moi amplo. Somos a segunda comunidade autónoma en formar psiquiatras especialistas en saúde mental infantoxuvenil, que é un enorme problema, no que estou de acordo con vostedes.

E non esquecemos, por tanto, os máis novos, que sufriron ademais os efectos da pandemia nun momento complexo das súas vidas e que, polo tanto, poden ter doenzas deste tipo e as teñen sen ningunha dúbida.

Facemos protocolos para detectar condutas preocupantes no ámbito educativo, efectivamente, limitar as taxas de suicidio. Contamos cun plan de benestar emocional nos centros educativos, pioneiro en España, por certo. Sen ir máis lonxe, a semana pasada aprobamos no Consello da Xunta de Galicia a Estratexia de convivencia escolar, para orientar e previr situacións, que despois son moito máis complicadas e tamén teñen que ver coa saúde mental, e previr este tipo de actitudes na comunidade escolar.

E tamén, mire, contamos con catro hospitais de día: en Vigo, en Santiago, en Ourense e en Lugo. E xa lle anuncio que no ano que vén vai haber consignación orzamentaria para tamén facelos na Coruña, en Ferrol e en Pontevedra. Nas sete cidades haberá un hospital de día de saúde mental. E creo, polo tanto, que isto está ao abeiro do plan, e quero dicir que seguimos traballando.

E neste 2022, neste mesmo 2022, que aínda non rematou, licitaremos a segunda unidade de hospitalización infantoxuvenil de Galicia, de saúde mental, en Vigo; duplicaremos a capacidade.

Creo que queda acreditado que estamos facendo cousas, sen ningunha dúbida. Creo que hai que facer moitas máis —insisto—, estou absolutamente convencido e niso si que concordo con vostede. É un problema que vai ir a máis, por desgraza, e, polo tanto, as administracións temos que facerlle fronte con investimentos. Creo que o estamos facendo, e ímolo seguir facendo. Se vostede non o quere recoñecer, para non fastidiar a súa pregunta, iso é cousa súa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Mire, señor Rueda, eu creo que cando falamos dun gran problema como é a saúde mental dos galegos e das galegas, que é a gran pandemia silenciosa deste século XXI, de nada vale que vostede veña aquí, como sempre, intentar descualificarme; desde logo, paréceme *(Murmurios.)* que o deixa a vostede retratado.

Porque mire, estamos falando de algo moi serio, que é o sufrimento das persoas; un gran problema de tipo social que, desde logo, non vai combaterse con titulares nin con propa-



ganda, porque estaría ben que recoñeceran que non fixeron o seu traballo. E fíxese: é que as súas propias declaracións o que nos din é que, no mellor dos casos, Galiza terá no 2024 oito veces menos profesionais dos que dicían que facían falta no ano 1997. (*Aplausos.*)

E, de verdade, non sigan con anuncios e anuncios que logo quedan en nada. Estes días, hai unha semana, anunciaban o programa sueco de prevención do suicidio en xoves. ¿Sabe en que consiste o programa sueco? Cincuenta psicólogos por cada cen mil habitantes. ¿Sabe cantos temos en Galiza? Cinco, señor Rueda. (*Aplausos.*) Esa é a diferenza. Fan falta medios e fan falta recursos.

O BNG trouxo a esta cámara un Plan para a prevención do suicidio no ámbito escolar e votaron en contra. ¿Sabe por que? Porque vostedes non queren poñer medios nos centros educativos. E é gravísimo o que está pasando. Fíxese o que di a presidenta de Salma, a Fundación para o Coidado da Saúde Mental en Galiza: «Os orientadores teñen ao seu cargo en colexios e institutos oitocentos alumnos. ¿Como van atendelos? Afóganse en protocolos, en burocracia, e cando conseguen derivar algún neno con problemas a espera alóngase até cinco meses. Algúns directamente dinlles ás súas familias que se endebeden para pagar unha atención no ámbito da privada». Isto é o que está pasando (*Aplausos.*) nos centros de ensino deste país, mentres vostede vén aquí, señor Rueda, con máis anuncios.

E o que queremos é que haxa realmente recursos concretos. Por iso propoñémoslle que traballen en serio neste tema. E déixolle aquí algunhas das propostas do BNG: a primeira, que como mínimo doten de 21 millóns de euros o Plan de saúde mental para o ano 2023, porque é cumprir o que vostedes prometeron, que sería o mínimo que se lles pode exixir. Segundo, hai que dotar a atención primaria de psicólogos e psicólogas clínicas, porque sabemos que o 30 por cento das consultas teñen que ver cun problema de saúde mental. Os propios profesionais din que se necesitarían catrocentos sesenta e un profesionais en primaria para poñernos na media europea, teríamos dezasete por cada cen mil. Fágao, señor Rueda, porque iso é o que necesita a xente deste país. (*Aplausos.*) E incrementen o número de orientadores no ámbito educativo, porque agora mesmo cada orientador ten oitocentos alumnos, cando a propia Unesco di que deberían de ser douscentos cincuenta. Sen medios non se pode atender ás necesidades nin neste ámbito nin en ningún outro.

E eu remato, señor Rueda. Agardo que polo menos hoxe na súa réplica non teña —non sei— tentación de utilizar o seu turno de peche para volver atacar a portavoz nacional do BNG, (*Murmurios.*) porque estamos falando dun tema moi serio como é a saúde mental, que causa moita dor..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: ...moito sufrimento. E, desde logo, ben, pódense escandalizar os deputados e deputadas do PP, pero, sinceramente, o que se necesita... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: ...é empatía por parte do Goberno.



Agardo que non teña a intención de vir aquí nin enlodar o debate nin desviar a atención cando estamos falando dun problema no que vimos o ano pasado trescentas trinta e unha persoas que se quitaron a vida.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Temos a taxa máis alta, unha das máis altas de todo o Estado. E sabemos que isto só é a punta do iceberg...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...un 23 por cento dos galegos e das galegas con saúde mental. Póñanse a traballar e non veñan aquí enlodar o debate. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, efectivamente, a saúde mental é un tema moi serio; polo tanto, sexa seria por unha vez. Mire, esa táctica de facerse a ofendida cada vez que a pillan nas patacas, *(Murmurios.)* é que así é moi difícil. Vostede non o sabía, dixo aquí que non había consignación e non se fixera nada, e resulta que temos cento oitenta e seis persoas contratadas a maiores na saúde mental en Galicia. *(Aplausos.)* Teño a dúbida sobre se non o quería dicir ou non o sabía, e vexo que nin o sabía; polo tanto, non se faga a ofendida. Prepare mellor este tema, porque é un tema moi serio, sinceramente.

Mire, hai máis servizos que nunca de atención á saúde mental en Galicia. ¿Que é dabondo? En absoluto. Xa lle dixen que este é un tema do que todas as administracións non nos preocupamos dabondo. E digo todas, de todas as cores políticas, e probablemente en toda España e non só en España durante moitos anos. E é un problema que vai ir a maiores e, polo tanto, temos que facelo, e por iso temos ese Plan de saúde mental, que ten un horizonte ata o 2024, e seguiremos despois.

E fixéronse moitas cousas, non só a contratación deses profesionais. Mire, abríronse unidades de saúde mental en centros de saúde en Oleiros, en Ordes, en Tui, en Pontearreas, e seguiremos o ano que vén facéndoo. Hai prazas públicas en centros ocupacionais para cidadáns que padecen doenzas mentais en Noia, en Santiago, en Narón, en Redondela. É moi importante a inserción laboral de persoas con doenzas mentais; vostede isto nin o mencionou.

Igual que non mencionou o problema engadido de ter unha doenza mental e vivir nun contorno rural. Mire, no 2022, xa neste ano, incrementamos un 50 por cento o orzamento para apoio social das persoas con doenzas mentais e as súas familias no contorno rural. E nestes



tres anos dende que empezou, dende que colleu vigor ese plan horizonte 24, pasamos dunha a seis unidades de prevención de suicidio na sanidade pública. Este mesmo ano completamos o mapa coa de Santiago, que non a había; polo tanto, haberá unha en cada cidade.

E investimos 2 millóns de euros entre Sanidade e Política Social para unha abordaxe integral de saúde mental, porque hai que facer a abordaxe integral; se non, é moi difícil tratalo axeitadamente.

E colaboramos coas entidades do sector. Vostede falou dunha manifestación dunha persoa do sector, pero mire, hai outras moitas que din que a Xunta de Galicia por fin está facendo un esforzo encomiable, e que temos que facer máis, pero que se avanzou moitísimo nestes catro anos.

E financiamos con 3 millóns de euros cento quince prazas en centros para persoas con trastorno dual, que teñen doenza mental e unha discapacidade; polo tanto, un problema engadido que hai que tratar de xeito especializado. Vostede non falou diso tampouco.

En 2023 imos destinar 9,1 millóns de euros a prazas en centros de rehabilitación, pisos protexidos, residencias especializadas, que é un 50 por cento máis do que se investía antes deste plan.

Como ve, temos unha folla de ruta que por desgraza non rematará no ano 2024 e que seguirá demandando investimento, seguirá demandando compromiso e seguirá demandando esforzo.

E hai que facer plans de saúde mental ambiciosos —estou totalmente de acordo—, pero sabendo o que se está facendo.

Mire, permítame rematar cun consello. Non o entendo. Se a vostede tanto lle preocupa este tema, ¿por que votou en contra dunha lei que o que pretendía era cubrir con estabilidade as prazas de psicología, de psiquiatría e de enfermería que queríamos introducir no Sergas en saúde mental? ¿Que ten vostede en contra de que estes profesionais —insisto— da psiquiatría, da psicología e da enfermería teñan unha praza fixa por concurso de méritos? Vostede opúxose.

Polo tanto, mire, está ben poñer twits, está ben facer preguntas, pero hai que comprometerse. Este goberno faino e vostede o día que se entere do que está facendo este goberno podemos facer un debate en serio sobre un tema tan serio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Vou dar lectura a unha declaración institucional con motivo da conmemoración do Día Nacional do Dano Cerebral. E saúdo os integrantes de Fegadace, que hoxe están aquí con nós para esta lectura, que xa tiveron unha reunión con nós. A declaración di así:



«Ante a conmemoración o 26 de outubro do Día Nacional do Dano Cerebral, o Parlamento de Galicia quere amosar o seu recoñecemento ao colectivo de persoas con dano cerebral adquirido que hoxe en día hai en Galicia, e que multiplica as 35.756 por un número indeterminado de persoas, entre as que se inclúen cuidadores e cuidadoras, familiares e contorno social, así como o imprescindible movemento asociativo que as representa e que encabeza a Federación Galega de Dano Cerebral.»

Sobre a investigación epidemiolóxica, continuidade asistencial e coordinación, di o manifesto:

«Os datos de incidencia e prevalencia a nivel autonómico son incompletos, o que fai imprescindible a realización dunha investigación epidemiolóxica e un censo de persoas con dano cerebral adquirido. Precísase coñecer ao detalle a envergadura desta discapacidade, de maneira que se poidan dimensionar adecuadamente os recursos da atención na nosa Comunidade.

Así mesmo, é unha prioridade a dotación dun indicador código diagnóstico «dano cerebral adquirido» que axude a identificar todas as persoas dadas de alta con esta discapacidade, complementando os diagnósticos de cada unha das causas. Coñecer as persoas dadas de alta con secuelas dun ictus ou dun traumatismo, é dicir, con dano cerebral adquirido, saber onde residen ou cales son as súas afectacións é un requisito para garantir a continuidade asistencial do hospital á casa, ao centro de día, á residencia ou ao lugar máis axeitado, de acordo coas necesidades da persoa e da súa familia, e a coordinación sociosanitaria entre eles. Este debe ser o compromiso do sistema público de saúde coa dotación de recursos necesaria para poder acadar estes obxectivos.

Neste sentido, é necesaria a posta en marcha do proceso asistencial integrado do dano cerebral adquirido, que aínda non ten data de aplicación mais que está sendo elaborado e se aprobará proximamente. Será a garantía do compromiso da Administración galega nos eidos sanitario e social para que todas as persoas con esta discapacidade poidan acceder a cada un dos niveis de atención e de asistencia que precisen para preservar ao máximo as súas capacidades, evitar a súa deterioración e velar polo seu benestar e calidade de vida.»

Sobre a accesibilidade cognitiva e exercicio de dereitos de plena cidadanía, di a declaración:

«Un dano cerebral adquirido é un proxecto de vida dunha persoa pero tamén dun fogar cortado repentinamente pola erupción dunha lesión que o cambia todo. O labor das asociacións é acompañar esta familia, proporcionándolle todas as ferramentas necesarias para volver ao seu lugar ou para desenvolver un novo proxecto de vida adaptado ás súas novas necesidades e capacidades, o que deberá ser apoiado desde a propia Administración para que o esforzo non recaia de maneira exclusiva nas familias e nas persoas próximas.

Unha das condicións fundamentais para a inclusión social é a participación comunitaria e é a accesibilidade en todos os eidos. Desde a asunción do paradigma expresado na Convención da discapacidade das Nacións Unidas, esta pasa por ter unha consideración social e non individual. Polo tanto, é o conxunto da sociedade a responsable de derriuir as barreiras que dificultan o acceso a dereitos, lugares, servizos, produtos, a partir dos avances que debe promover a Administración.



As persoas con dano cerebral adquirido vense afectadas por unha multiplicidade de secuelas, entre as que se inclúen as cognitivas, en moitas ocasións coñecidas como «invisibles». Ben que a Administración dá pasos para a supresión das barreiras, é preciso lembrar a necesidade de continuar dotándose de recursos que permitan o exercicio efectivo de dereitos e tamén que se desenvolvan de xeito vinculante plans de accesibilidade nos contornos sanitarios, xurídicos, educativos e sociais, incluíndo as deportivas e de lecer, pois estas son as garantes do gozo do tempo libre en convivencia, compañía e igualdade co resto da sociedade. Porque unha democracia plena é aquela na que todas as persoas teñen garantidos os seus dereitos e a posibilidade de os exercer, facendo, como di o lema das asociacións do dano cerebral adquirido, que cada vida salvada grazas ao sistema sanitario e de emerxencias mereza ser vida con dignidade.»

Moitas grazas. Esta é a declaración. (*Aplausos.*) (*Apróbase por asentimento.*)

Continuamos coa orde do día, interpelacións. É o punto cuarto da orde do día.

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política eólica e medioambiental en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moitas grazas.

Moi bo día.

Señor Conde, creo que vostede debería mercar un paraugas ben grande, un sete parroquias. E non polo chaparrón, polo vendaval, que está caendo neste momento; senón polo vendaval xudicial de sentenzas que botan abaixo a política eólica do Partido Popular, que se repiten mes tras mes. (*Aplausos.*)

Señor Conde, o outro día publicaba un medio galego, *Praza Pública*, o *annus horribilis* da Xunta nos tribunais pola súa xestión eólica. (*Aplausos.*) A xustiza tumba tres parques nos que os gobernos do señor Feixóo xogaron cos prazos. E non son os únicos, veñen aí máis. Polo tanto, aquí está non a crítica política do BNG, non a denuncia pública das plataformas do movemento ecoloxista, dos concellos, do Consello da Cultura Galega, do Observatorio Eólico de Galiza, da Comisión Europea —que cuestionaron o modelo eólico do Partido Popular—, senón os tribunais de xustiza, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e despois, en varios destes casos, sentenzas firmes do Tribunal Supremo. E todo isto deixa claro o que levamos dicindo moito tempo: que vostedes gobernan ao servizo do *lobby* eólico, ao servizo dos intereses das grandes empresas que están espoliando literalmente o noso país.

Mire, O Oribio, Sasdónigas, Corme, Campelo, Bustelo, proximamente tamén Toural —e continuará, virá a máis— son nomes que simbolizan o abuso, o espolio, a depredación. Pero tamén simbolizan a dignidade dunha sociedade que é capaz de plantarlle cara a este abuso. E nós aquí queremos nesta tribuna do Parlamento expresar a nosa gratitude, o noso recoñecemento e os nosos parabéns, a Adegas, á Fundación do Oso Pardo, á Sociedade Galega de



Ornitología —que defenderon O Oribio—. Queremos expresar a nosa gratitude a dez persoas que impugnaron a aprobación do parque de Sasdónigas. Queremos expresar a nosa gratitude á Asociación Veciñal de Corme —tres persoas que lle plantaron cara á Xunta e á gran patronal eólica—. Queremos expresar a gratitude a Adegas e á Plataforma en Defensa da Cordilleira Cantábrica no caso de Campelo, Bustelo e Toural. Son a representación da dignidade deste país fronte ao abuso cometido pola Xunta do Partido Popular. (*Aplausos.*) ¡Así, con todas as letras, señor Conde!, para que quede claro.

E o problema aquí é que, ademais das decisións xudiciais, exiximos responsabilidades patrimoniais, políticas e incluso económicas. ¡Claro que si, señor Conde, efectivamente! Porque miren o que permitiron vostedes nun espazo da Rede Natura como O Oribio: a destrución deste espazo. (*O señor Bará Torres amosa dúas fotografías.*) Estas son imaxes do que vostedes permitiron alí. Este mal xa está feito. ¿Quen o vai reparar? Nós exiximos que o reparen vostedes e a empresa, porque son os responsábeis deste ecocidio, desta agresión. (*Aplausos.*) E, se é necesario, respondendo co seu propio patrimonio, (*Aplausos.*) porque non se pode consentir, non se pode consentir esta barbarie. Como que haxa un parque eólico, como o de Sasdónigas, que foi anulado polo Tribunal Supremo en sentenza firme e leve dous anos funcionando; ou como o caso do parque eólico de Corme, que tamén foi anulado e segue funcionando. Hai empresas que están facturando e enchendo os seus petos con parques eólicos que foron anulados por sentenza firme do Tribunal Supremo.

E moitos destes proxectos nos que houbo sentenzas xudiciais están promovidos por Greenalia, que é a gran empresa galega das portas xiratorias do Partido Popular. Isto xa non son portas xiratorias, son portalóns xiratorios. E refírome aos casos dos parques eólicos de Campelo, Bustelo e Toural, en Coristanco, Santa Comba e Carballo. E non foi porque non se avisase. Trouxémolo aquí moitas veces, houbo alegacións e houbo denuncias públicas. E Adegas e a Plataforma en Defensa da Cordilleira Cantábrica tiveron que recorrer o acordo da Xunta polo que se aprobaron estes parques, e agora acaban de saír as resolucións xudiciais do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que decretan a suspensión cautelar de dous destes parques —Bustelo e Campelo—. Proximamente sairá tamén o do Toural, porque está no mesmo caso. Ademais, son un exemplo de libro de fragmentación dun único parque en tres; porque, mire, señor Conde, (*O señor Bará Torres amosa unha fotografía.*) son as mesmas poligonais, unha enriba da outra. Mire, señor Conde, a imaxe, non teña medo a mirar para a tribuna. Son tres poligonais, unha enriba da outra, coa mesma subestación, a mesma infraestrutura de evacuación. É que, máis claro, auga. É unha fragmentación de libro. E tamén lla van botar abaixo por isto. Son 110 megavatios divididos en tres e xa sabemos por que: para pasar o dromedario polo ollo da agulla, como fan vostedes habitualmente. Esta é a razón da división.

Pero, claro, a suspensión cautelar é pola mesma razón pola que se anulou o parque de Corme, do Roncudo; polo tanto, tamén se vai anular. Porque vostedes, para favorecer a empresa, ¿que fixeron? Fixeron unha modificación legal para reducir o prazo de información pública —é dicir, dos dereitos que teñen os cidadáns— de trinta días a quince días; cousa que foi declarada ilegal polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia porque é unha vulneración como unha catedral dos dereitos que teñen os cidadáns a poder participar nun proceso público de información.



A vostedes dálles igual. Claro, os que estaban agora en tramitación retiráronos e volvéronos tramitar porque estaban no inicio. Pero os que estaban aprobados de antes non foron quen de retiralos, e agora é o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia quen llelos bota abaixo. E caerán máis. Pero, claro, aquí prevalecían os intereses das empresas e buscar todo tipo de subterfuxios. E recórdolle que levan 52 modificacións da Lei de desenvolvemento do sector eólico pola porta de atrás —52 modificacións dunha lei pola vía da Lei de acompañamento— para favorecer os intereses das empresas.

Mire, señor Conde, agora resulta que por esas resolucións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Adegas e a Plataforma de Defensa da Cordilleira Cantábrica teñen que depositar 20.000 euros de fianza. E nós desde aquí queremos facer un chamamento ao pobo galego que queira defender os intereses deste país para que colaboren con estas organizacións para recadar ese diñeiro para facerlle fronte á Xunta, a Greenalia, e ao abuso de poder, á desviación de poder, na que están incorrendo vostedes. Mañá vai haber un acto en Santa Comba. Animamos a todo o mundo desde esta tribuna, a todo o mundo que nos estea vendo, para que axuden e apoien esta campaña de recadación de fondos.

Pero o trato de favor a Greenalia vén de máis atrás, e vostede tivo unha participación absolutamente determinante e principal nesta cuestión co cambio —tamén pola porta de atrás, na Lei de acompañamento de 2016— da regulación sobre as plantas de biomasa, que tiñan unha limitación de 10 megavatios e que vostedes cambiaron. E vostede, vostede como conselleiro de Industria, por presións de Greenalia —está acreditado documentalmente—, cambiouna para que, despois de que Greenalia presentase un proxecto de 50 megavatios, que non tiña cabida legal, puidesen facer proxectos de biomasa de 50 megavatios. Cambiouna na Lei de acompañamento de 2016. E aprobouse no 2018 con informes favorables da Consellería de Medio Ambiente, presidida, dirixida, por Beatriz Mato —con informes favorables da súa consellería—. Porque xa vostede negociara co dono de Greenalia o cambio legal. *(Aplausos.)* E iso é unha auténtica infamia que non se pode consentir. *(Aplausos.)* Pero é que o dixo publicamente, ademais, o señor Manuel García. Dixo el como negociou con vostede.

Pero isto só é o principio, porque despois viñeron nove parques eólicos promovidos por Greenalia entre os anos 2017, 2020 e 2021 aos que vostedes lles puxeron a alfombra vermella e pasaron os dromedarios outra vez polo ollo da agulla. E recórdolle, señor Conde, que varios deses parques estaban no concurso de 2010. Vostedes foron os que paralizaron o desenvolvemento eólico deste país porque desde o 2010 ao 2018 houbo parálise absoluta. E o señor de Greenalia, que tiña esas portas de ida e volta, comprou varios deses parques eólicos e conseguiu meteoricamente, a través de todos eses cambios legais que foron facendo, que a Xunta os declarase todos de especial interese. Todos, porque teño aquí todos os datos, que llos podo dar: Oural, declarado de especial interese polo Consello da Xunta o 7 de xullo de 2018, nun Consello da Xunta no que se sentaba Bea Mato; o monte Tourado, o 6 do 9 de 2018, con Bea Mato sentándose no Consello da Xunta; Miñón, o 18 de maio de 2018, aprobado polo Consello da Xunta con Beatriz Mato sentándose no Consello da Xunta; o alto da Croa, tamén o parque de Bustelo, de Campelo... En fin, algúns —fíxese en que portas xiratorias teñen estas empresas— presentaban a solicitude de declaración de especial interese o día 14 de abril e o 28 xa lla aprobaran no Consello da Xunta. Isto é, en fin, o carril rápido da autoestrada. Mentres que outros teñen que ir alí, no atasco, polo carril lento, hai algunhas em-



presas que teñen eses privilexios que lles conceden vostedes para ir polo carril rápido de aceleración. ¡Isto non o podemos consentir e estánllelo dicindo os tribunais de xustiza! (Aplausos.)

Pero digo máis, digo máis. Esta empresa utilizou información privilexiada dun estudo da Xunta, do Plan integral de recuperación e conservación de especies en perigo de extinción, da zona de Bergantiños —concretamente, sobre a *Centaurea aurea*, que é unha especie endémica única no mundo que se conserva neste espazo que está afectado polos parques eólicos de Greenalia—.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Este é un plan de recuperación e conservación que non se coñece publicamente e que nunca foi aprobado. Foi encargado pola Xunta de Galiza, non se someteu a ningún tipo de trámite público, pero si o tiña Greenalia. (Aplausos.) ¡Isto é un escándalo maiúsculo! (Aplausos.) E vostedes teñen que dar explicacións e exiximos responsabilidades por isto.

Pois ben, despois de que a señora Beatriz Mato participase en todas estas decisións ao longo do ano 2018, resulta que o 27 de setembro de 2018 é cesada como conselleira de Medio Ambiente da Xunta de Galiza. E en febreiro de 2020 é nomeada conselleira de Greenalia, vulnerando...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...de maneira absolutamente flagrante a Lei de incompatibilidades e a Lei de transparencia, que di no artigo 45 que durante os dous anos seguintes á data de cesamento os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditasen resolucións no exercicio do seu cargo. E xa sei que me van dicir que foi a directora xeral de Calidade Ambiental quen informou a avaliación ambiental, pero a señora Mato sentábase nos consellos da Xunta en 2018 que declararon o interese prioritario e o interese especial de todos eses parques; polo tanto, participou na tramitación. Polo tanto, non podía ser conselleira de Greenalia...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo, señor Bará. Síntoo.

(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Moitas grazas.

Ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, don Francisco Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señora presidenta.



Señor Bará, a verdade é que, escoitándoo, teño que dicirlle que son vostedes persistentes nas descualificacións cara a este goberno, acusando implicitamente a este goberno de abuso de poder. Debería ter un pouquiño máis de mesura seguramente. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, dixo «abuso de poder». *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*, dixo «abuso de poder», de «espolio», de «espoliación»... Eu aconséllolle un pouquiño máis de mesura na súa intervención. Porque parece que unha vez máis vostede pretende non só trasladar a súa intervención, senón que me traslada o que quere que eu lle responda, coma sempre. Porque o BNG só entende que a verdade é a súa.

Vostedes o que queren facer é simplemente impoñer o seu modelo eólico, e, a partir de aí, o demais simplemente está fóra da lei. Pero non é así, señor Bará. O único que é certo é que o BNG si está instalado no ecoloxismo radical. O que si é certo é que o BNG é o abandeirado desa plataforma Stop Eólicos, iso si é certo. Vostedes están permanentemente detrás da pancarta e simplemente negando que Galicia poida avanzar a través dun equilibrio entre o progreso e o medio ambiente. Porque vostedes non entenden que, a través do sector eólico e a través das enerxías renovables, Galicia tamén pode progresar e que, sobre todo, Galicia, a pesar do BNG, está progresando e está desenvolvendo o sector eólico. *(Aplausos.)*

Vostedes, señor Bará, presumen de defender esta terra, presumen moito de Galicia, cando o primeiro que fan é precisamente unirse a grupos que antepoñen a súa ideoloxía e actúan en contra dos sectores estratéxicos, como é a minería, como é a gandería, como é a enerxía ou como é o turismo. E, máis recentemente, ademais, tamén se poñen en contra da pesca mantendo esa alianza cos Verdes tras o veto ao palangre de fondo galego. Seguramente deberían buscar esa mesura na defensa dos intereses galegos, porque seguramente a minería, a gandería, a enerxía, o turismo e a pesca o que lles están dicindo é: Déixennos un pouco tranquilos, porque así, dende logo, nós non estamos avanzando.

Iso é o que fai o BNG exactamente no sector eólico. Prefire ser o portavoz do «non é non» a calquera tipo de infraestrutura enerxética, aínda que sexa renovable, en lugar de defender un modelo eólico para Galicia que sexa sustentable, que sexa ordenado e, polo tanto, que permita o crecemento do produto interior bruto galego e que xere emprego. É un sector que xera máis de 5.000 empregos en Galicia e que achega practicamente 500 millóns de euros ao produto interior bruto galego.

Eu simplemente lles recordo que en Galicia fomos quen, a pesar do BNG, de compaxinar medidas de axilización administrativa, que están plasmadas nas leis de fomento da implantación de iniciativas empresariais e de reactivación económica, co total respecto, señor Bará, ás garantías legais, técnicas e ambientais. Nós cumprimos coa normativa estatal e autonómica. A partir de aí, os promotores saben que, loxicamente, teñen que cumprir con todas esas garantías, e a Administración é garante desas normativas.

Nós temos un modelo eólico. Eu lamento que vostedes non o compartan. Enténdoo, porque vostedes están simplemente defendendo o «non é non». E ¿que parte do «non» non están entendendo? Iso é o que realmente copiaron, é unha mala copia do seu socio de goberno, pero é o que queren trasladar ao sector eólico. Nós en Galicia temos un plan sectorial eólico



que está vixente e que prohibe implantar novos parques en Rede Natura. Temos establecida unha moratoria precisamente para tramitar con máximas garantías preto de trescentos expedientes. Temos limitadas as distancias dos aeroxeradores con respecto aos núcleos de poboación, pasouse dos 500 metros ao das cinco veces a altura do aeroxerador. E, efectivamente, estámolles dando prioridade a aqueles proxectos que destinen, cando menos, o 50 por cento da enerxía que produzan á industria asentada en Galicia. Porque unha das prioridades que temos é precisamente impulsar o sector industrial vinculado ao desenvolvemento das renovables. E temos unha taxa de retorno ao territorio cun canon. Somos unha das catro comunidades autónomas que teñen un canon establecido; polo tanto, os propios concellos e os propios territorios beneficiáanse de forma directa polo desenvolvemento nos seus territorios do sector eólico. Estámolo facendo con transparencia e, polo tanto, orientando tamén os propietarios, orientando os concellos e, sobre todo, trasladando esas garantías na súa tramitación.

Eu sei que o BNG non escoita, porque vostedes simplemente viven na súa burbulla nacionalista e todo o que traspase esa burbulla pois non existe. Pero, señor Bará, tramitar non significa autorizar, significa simplemente ser unha administración que cumpre coa legalidade. Igual que declarar un proxecto de especial interese tampouco significa autorizar, simplemente significa que se lle vai dar prioridade na tramitación pola especial incidencia e beneficios nos eidos industrial, social e territorial de acordo coa normativa aplicable. E sabe perfectamente que esta Administración non vai aprobar nada que non se axuste á normativa. O que nós non imos facer, dende logo, é pechar expedientes sen tan sequera avalialos, que é a súa proposta. Iso, dende logo, non o faremos, porque somos unha Administración responsable.

A Xunta de Galicia vai seguir mantendo todas as garantías. A Xunta de Galicia non vai aplicar a tramitación exprés aprobada polo Goberno, que permite desenvolver parques sen unha avaliación ambiental ordinaria. Non o imos facer. Esa responsabilidade que a asuma o Partido Socialista e vostedes, que o están apoiando. Nós imos manter, loxicamente, que todos os parques —todos e cada un dos parques— que se poidan desenvolver en Galicia teñan a tramitación máis rigorosa dende o punto de vista medioambiental e a través dunha avaliación ambiental ordinaria; e tamén tendo en conta o estudo de sinerxías, no que se avalían —debería sabelo— tanto os parques máis próximos como as propias infraestruturas de evacuación, e, polo tanto, garantindo que non hai ningún tipo de fragmentación —porque se avalían todos os impactos medioambientais—.

Farémolo informando en cada un dos ámbitos sectoriais correspondentes. E voulle dar un dato, porque moitas veces parece que vostedes intentan simplificar o labor desta Administración. Nos dous últimos anos os diferentes organismos e departamentos da Xunta de Galicia emitiron máis de 2.400 informes en relación con proxectos eólicos, informes técnicos e informes que intentan garantir precisamente ese cumprimento da normativa. Polo tanto, señor Bará, mal que lle pese ao Bloque Nacionalista Galego, en Galicia actúase conforme ao principio de legalidade. E estamos executando o que establece o ordenamento xurídico con total respecto á separación de poderes, cousa que vostedes veñen aquí a non respectar. Polo tanto, a Xunta de Galicia vai respectar as decisións xudiciais amosando sempre a máxima predisposición a colaborar en todos e cada un dos casos. Fixémolo co parque eólico do Oribio,



ao paralizar a súa construción de xeito cautelar en outubro do ano 2019. Fixémolo co parque eólico de Sasdónigas ao ditar as ordes de acatamento das sentenzas. Fixémolo coa repotenciación do parte eólico de Corme ao repetir as informacións públicas dos parques, que saían por un período de quince días. E farémolo tamén —non se preocupe— cos parques eólicos de Campelo e Bustelo adoptando as medidas cautelares.

Polo tanto, creo que este tremendismo é simplemente o único obxectivo que ten o Bloque Nacionalista Galego, que é paralizar o desenvolvemento do sector eólico, e, dende logo, non vai contar co apoio, loxicamente, da Xunta de Galicia. Nós imos manter o desenvolvemento do sector, temos un modelo garantista e sabemos que loxicamente todo o labor ten que contar co respecto á normativa. E eu lamento que ao Bloque Nacionalista Galego lle dea igual —que lle dá o mesmo todo— e que coas súas acusacións a este Goberno intenten desacreditar a independencia dos traballadores públicos. Non o van conseguir, pero si lle aconsello unha cousa, señor Bará. Sexan un pouco máis prudentes.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor vicepresidente.

E, se me permiten, antes de dar o turno de réplica, imos enviar un afectuoso saúdo aos alumnos de quinto de primaria do CEIP Albeiros, de Lugo. Como veciña, doulles a benvida á casa de todos, ao Parlamento de Galicia.

Pasamos ao turno de réplica.

Ten a palabra o señor Bará por un tempo de cinco minutos.

O señor BARÁ TORRES: Pois vaia tamén a nosa benvida a este Parlamento ao alumnado de quinto de primaria do colexio Albeiros, de Lugo. Alégranos de que estean neste debate, que é un debate importante sobre a enerxía e tamén sobre defensa do noso medio natural e de serras tan importantes como a serra do Oribio, que temos que defender do arrase, da destrución promovida por políticas agresivas co territorio e que afortunadamente foron paralizadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non son candidato ás eleccións, non os vou convencer de nada. (*Aplausos.*) Non os vou convencer de nada. (*Aplausos.*) Non me presento por ningún concello da provincia de Lugo. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É o Parlamento. Si, xa sei. Téño claro.

Abuso de poder, señor Conde. Mire, voulle ler unha moción aprobada nun concello galego recentemente, hai uns días: «Desde hai un tempo vimos padecendo no concello un aluvián de solicitudes de concesión de parques eólicos e dos seus conseguintes trazados de liñas de evacuación e de máis infraestruturas vencelladas. Este problema, compartido e padecido por moitos concellos de Galicia, está ameazando gravemente o noso territorio...» —ameazando gravemente o noso territorio— «...e, de xeito especial, os núcleos de poboación rurais, que verían como os seus fogares, onde están asentados tradicionalmente, se poderían converter en inhabitables e perder todo o seu valor». Isto deu lugar a un acordo unánime de toda a



corporación, de todos os grupos políticos da corporación, no Concello de Arteixo, presidido por un alcalde do Partido Popular.

É un clamor, señor Conde, de concellos que están denunciando este abuso, que están pedindo que paren, que fagan outra planificación, que respecten o territorio, que respecten os dereitos das persoas. Pero o do abuso de poder estao dicindo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e mais o Tribunal Supremo, non o dicimos nós, que os están paralizando. Claro, vostede di aquí que paralizaron cautelarmente, claro, porque os obrigou o Tribunal Superior Xustiza de Galicia a paralizar o parque do Oribio, na provincia de Lugo, cando xa estaba unha parte importante do mal feito, da destrución feita, como se pode ver aquí (*O señor Bará Torres amosa unha fotografía.*) —coa cimentación e a zapata do parque—, nun espazo que é Rede Natura, que é un espazo de especial protección do oso pardo. Isto é o que fan vostedes cos espazos naturais protexidos.

Eu interpeleino e vostede non me respondeu a nada do que lle preguntei. ¿Que van facer para restaurar esta paisaxe, para corrixir o dano, o mal feito? Quero que me diga o que van facer, ou o que vai facer a empresa.

Mire, fala vostede da plataforma Stop Eólicos. Confúndense de principio a fin. A plataforma chámase Eólica así non, Eólica así non. Hai outro slogan, que é «Eólica si pero non así». (*Murmurios.*) Para que lle quede claro, queremos enerxía eólica, cando estivemos no Goberno fixemos un plan eólico que era modélico pola participación social e pública. E ademais, se quere, pois pode pasarlle o posicionamento do BNG, aprobado polos seus máximos órganos, sobre o desenvolvemento do sector eólico. (*O señor Bará Torres amosa unha documentación desde o estrado.*) Déixolle aquí unha copia para que se informe destas cuestións e fale aquí con coñecemento de causa. Polo tanto, temos un modelo eólico, o que pasa é que é contraposto ao que quere impoñer, ao que está impoñendo, o Partido Popular ao servizo das grandes empresas eólicas.

E seguen vostedes aquí erre que erre coas súas mentiras sobre o veto da pesca. Mire, teño que recordarlle que o veto da pesca foi aprobado polo Consello de Ministros da Unión Europea no ano 2016, cando era ministra de Pesca en España a señora Tejerina. Foi aprobado naquel momento e despois aprobouse o regulamento derivado; polo tanto, é a súa responsabilidade. Agora queren botarlle a culpa ao «cha cha cha» (*Murmurios.*). En fin, sigan por aí.

Mire, sobre o trato de favor a Greenalia, dixémoslle claramente aquí que había un trato de favor, unha secuencia de feitos. Vostede non foi capaz de rebater ningunha información dos datos que lle demos aquí. E díxenlle, ademais, que vostede participou directamente na aprobación desa modificación legal para permitir a planta de biomasa de Greenalia en Curtis, en Teixeira, de 50 megavatios. Porque a lei non permitía facelas. E mire o que dixo o señor Manuel García: «*Llevamos dos anos negociando con la Xunta y parece que hay voluntad política*». Iso díxoo en abril do 2016. Pois en decembro dese ano cambiaron a lei, ¡cambiaron a lei! (*Murmurios.*) Porque vostedes cambian a lei ao servizo dos grandes poderes económicos e de empresas como Greenalia, (*Aplausos.*) que os obrigan a cambiar a lei. (*Aplausos.*) Díxoo claro o señor Manuel García, que se reuniron con vostede: «*Hasta ahora el conselleiro ha demostrado coherencia, colaboración con el sector. Su mensaje de desarrollo de la biomasa es claro y nos dice que se está estudiando*



la fórmula más adecuada para adaptarla a la normativa». Señor Conde, é que isto é... *(O señor Bará Torres amosa un documento desde o estrado.)* En fin, unha acusación... En fin...

Con respecto ao tema de parques eólicos de Greenalia, fíxenlle aquí un relato. E non é a declaración de interese público só, é que vostedes autorizaron os parques no Consello da Xunta. E esa autorización foi paralizada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia —Campelo, Bustelo e despois virá Toural— pero só por unha cuestión de procedemento, a redución dos prazos á metade. Pero hai máis cuestións aí aínda pendentes de resolución.

Polo tanto —remato—, e para que lles quede claro, o BNG o que defende é que a riqueza galega —que temos moita— estea ao servizo do noso país e da nosa maioría social. Vostedes queren que estea ao servizo das grandes empresas, do *lobby* das eólicas e das empresas do IBEX, das empresas...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...das portas xiratorias.

Mire un exemplo. *(O señor Bará Torres amosa un documento desde o estrado.)* Ourense é unha gran potencia enerxética. En hidráulica, por exemplo, ten o 15 por cento da riqueza hidráulica do país. ¿Sabem a cantidade de postos de traballo e de riqueza que se podería crear en Ourense se esa potencia hidráulica e enerxética estivese ao servizo da provincia de Ourense? Pois isto vale para todo o país. E o que queremos nós precisamente é que haxa un goberno neste país, como houbo no seu momento...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...—por iso o botaron abaixo—, que poña a riqueza galega...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...a riqueza enerxética, ao servizo da maioría social do país. Así de fácil.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor BARÁ TORRES: Pero todos os imperios e todos os grandes grupos de poder ao longo da historia tiveron intermediarios nos territorios, intermediarios que defendían os seus intereses, desde o Imperio romano ao Imperio británico pasando pola doma e castración do Reino de Galicia. Ese papel... *(O Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo.

(Aplausos.)

Ten a palabra novamente o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía.



O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Bará, a posición do Bloque Nacionalista Galego sobre o sector eólico é ben coñecida. O BNG tan só entende un sector eólico que sirva aos intereses do BNG. (*Murmurios.*) E non o digo eu nin o di este grupo parlamentario, díxoo o presidente da Xunta de Galicia que gobernou con vostedes. E remítome ás súas palabras, ás palabras do presidente Pérez Touriño: «Fixeron un concurso eólico» —o BNG— «que non ofrecía garantías desde a óptica de ordenación do territorio, da sustentabilidade ambiental e da viabilidade económica dos proxectos que acompañaban as ofertas». Este é o seu modelo, un modelo que sirva aos intereses do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

Non conte con nosoutros, señor Bará, porque nós non temos ningún tipo de complicidade coas eléctricas, por moito que vostedes o intenten trasladar aquí. Aquí o que si se ten demostrado é que foi un goberno socialista, co apoio do BNG naqueles momentos, o que creou unha burbulla das renovables —cunhas primas de ata o 25 %, recórdollo—. Porque tamén foi un goberno do Partido Socialista co apoio do BNG o que deixou unha hipoteca eléctrica de 24.000 millóns de euros co déficit de tarifa. E vostedes estaban apoiando. E tamén foi un goberno socialista co apoio do BNG o que perdoou máis de 3.000 millóns de euros ás eléctricas ao non reclamar o cobrado de máis polos custos de transición á competencia. Este é o seu currículo coas eléctricas, polo que eu entendo que se avergoñen. Pero iso, dende logo, non é responsabilidade deste goberno. (*Aplausos.*)

Señor Bará, insistiremos como a chuvia fina e o orballo en Galicia. Tramitar non é autorizar. Eu non sei cal é a problemática que ten o Bloque Nacionalista Galego con garantir os dereitos. Non lles gusta garantir os dereitos porque non vai no seu ADN, loxicamente. (*Murmurios.*) Porque o que non sexa BNG simplemente forma parte doutra realidade que hai que, loxicamente, deixar sen efectos.

Pero, non, tramitaremos todo aquilo que se nos presente e que cumpra a normativa. E, a partir de aí, nós aprobaremos o que cumpra. E o que non cumpra non se aprobará, e xa o temos demostrado. Polo tanto, creo que a partir de aí as súas mensaxes de convivencia, loxicamente, deixan xa de ter todo tipo de sentido.

O que si temos claro é que vostede, que lle puxo moita énfase á súa intervención, é dos que pensa que as boas palabras da señora Pontón para con Inditex seguramente foron un erro, porque en realidade o Bloque Nacionalista Galego non cre na iniciativa privada. E esa é a realidade tamén levada ao sector eólico. Eu espero que, polo seu ben, a señora Pontón non queira ir visitar Ence. Porque seguramente, se se saca unha foto con Ence, o Bloque Nacionalista Galego vai ter un problema serio, serio, serio. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Só así se entenden os ataques que vostede trae aquí a esta Cámara —o que é permanente, ademais—, ataques ás empresas que son referentes en enerxías renovables, e que lle recordo que xeran emprego en Galicia e que teñen un compromiso claro non só co desenvolvemento do sector, senón tamén coa industria electrointensiva deste país. ¿Ou o Bloque Nacionalista



Galego tampouco defende os contratos asinados con Alcoa e con Showa Denko para subministrar enerxía verde ás plantas de San Cibrao e da Coruña? ¿Tampouco defenden iso? ¿Non temos que tramitar eses parques? Entón, ¿como lles subministramos esa enerxía a Showa Denko ou a Alcoa?

E os proxectos eólicos que cuestionan, señor Bará, son claves para o futuro destas industrias en Galicia. Polo tanto, será dende logo a súa responsabilidade se non chegan a tempo, se se perden milleiros de empregos. Nós imos facer todo o posible —cumprindo a normativa, lóxicamente— para dar esa resposta ao sector industrial.

Desde a Xunta de Galicia, señor Bará, seguiremos traballando para favorecer ese modelo eólico. Eu o único que lle podo trasladar é que imos seguir cumprindo coa normativa. Simplemente lles pediría que respecten un pouco máis a separación de poderes. Seguramente lles iría moito mellor. Con esa separación de poderes, non intentando impoñer os criterios do BNG en todos os eidos, non só no eido político senón tamén no xudicial, seguramente lles iría moitísimo mellor. Serían seguramente un partido un pouquiño máis democrático.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Conde.

Continuamos co punto cuarto, de interpelacións. Entramos no punto 4.2.

Interpelación de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a segregación do alumnado por xénero nos centros de ensino concertados

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a interpelación ten a palabra don Manuel Antonio Lourenzo Sobral por un tempo de dez minutos.

O señor LOURENZO SOBRAL: Grazas, presidenta.

Un 14 de novembro do 1960 Ruby Bridges, unha nena de 6 anos, afroamericana, entraba na escola de primaria William Frantz, no estado de Luisiana. E facíao cunha imaxe que eu creo que queda nos anais da hemeroteca e na retina da vergoña. Facíao escoltada pola policía federal ante centos de manifestantes exaltados que berraban, que se preguntaban como era posíbel que brancos e negros fosen á mesma escola, e que defendían —a ver se nos soa de algo isto, señor conselleiro— o suposto dereito que os asistía a unha educación diferenciada.

Todo isto producíase, ademais, mediado o século pasado, despois do caso máis que estudado de Plessy versus Ferguson, no que a Corte Suprema —hai unha certa analoxía, a ver se somos capaces de atopala, señor conselleiro— mantiña tamén a terríbel doutrina de *Separates but equals* —separados pero iguais—, na que basicamente o que se viña dicir é que o feito de que o alumnado branco e o alumnado negro tivesen que estudar en diferentes escolas era legal, era constitucional.



Polo tanto, señor Rodríguez, o que vimos debater é —se non é lexítimo, e entendemos que nisto coincidimos, que nunha escola financiada con fondos públicos se lle negue o dereito a estudar a unha nena pola súa cor de pel— se é lexítimo que nunha escola financiada con fondos públicos se lle negue o dereito a estudar a unha nena polo seu sexo. Este é o debate que propoñemos, señores do Partido Popular. E como entendemos que no primeiro caso concordamos, a pregunta que nos facemos é: ¿como é posíbel que lle deamos carta de naturalidade ao feito de que nenas e nenos estuden separados?, ¿como é posíbel non só iso, señor Rodríguez, senón que financieemos con 2 millóns de euros cada ano con fondos públicos un modelo educativo extemporáneo, ultraconservador, machista, clasista e segregador?

É este o debate que propoñemos nesta interpelación. E nós cremos que é importante contextualizalo —e supoño que se vía vir— a respecto doutro tipo de discriminacións. Porque eu creo que, fronte ao prexuízo, só cabe a ciencia, señor Rodríguez. Houbo hai escasos anos unha publicación que eu creo que vostede coñece, e que digamos que marcou un antes e un despois a respecto do que implicaba a segregación por sexos, do que implicaba o modelo educativo segregador e que, dalgún xeito, viña desmontar todos os argumentos que ata ese entón viñan esgrimindo os partidarios deste modelo. O artigo é o famoso *Pseudociencia da segregación na escola*. É un artigo que foi publicado na revista *Science*, un artigo que foi avalado polos neurocientíficos, pedagogos e profesionais de maior prestixio internacional. E dicimos que marcou un antes e un despois, señor Rodríguez, porque dalgún xeito puña no miradoiro os tres grandes argumentos que se viñan mantendo ata ese entón polos partidarios da educación diferenciada —digamos da educación machista— do ensino segregador.

O primeiro dos argumentos que se puña enriba da mesa é que este tipo de ensino, que este modelo educativo, melloraba os resultados a respecto da coeducación. O que se demostraba con este artigo era que é algo absolutamente falso, que non hai nin un só argumento nin un só estudo que avale esta máxima de que a separación do alumnado por sexos teña ningún tipo de incidencia na aprendizaxe dos nenos.

O seguinte dos argumentos cos que se adoitaba avalar isto era o dos diferentes ritmos de crecemento e maduración. Neste artigo tamén se demostraba que isto era un absurdo absolutamente inasumíbel pola ciencia —que, por certo, aquí está a analoxía que nós facemos nosa neste debate, pero que tamén se trasladaba nese artigo, e que sería igualmente aplicábel a afroamericanos e alumnado branco—.

E o terceiro dos elementos era o do sexo como elemento determinante da aprendizaxe, no que aquí si que se evidenciaba que todas as diferenzas que se podían dar no sistema de aprendizaxe tiñan que ver co carácter vivencial, é dicir, co adquirido, moito máis que co innato. Polo tanto, a neurociencia desmontaba este argumento de que o sexo podería ser un elemento determinante.

Polo tanto, señor Rodríguez, señor conselleiro, como semella que dende hai xa varios anos o debate académico, científico, está superado —isto é, non hai nin un só argumento pedagógico, non hai ningún argumento da teoría da aprendizaxe, non hai ningún argumento de carácter didáctico e sociolóxico que poidan dicir que este modelo educativo é beneficioso—, o que nos queda é buscar unha explicación doutro tipo. E o que nos preguntamos é como é po-



síbel que a estas alturas o goberno do Partido Popular siga mantendo estes concertos, o que nos preguntamos é como é posíbel que na última década se chegasen a financiar con case 25 millóns de euros estes centros do Opus Dei. (*Aplausos.*) E, claro, cando non existen argumentos o que atopamos é o interese, o interese do Partido Popular por beneficiar centros cos que teñen unha certa conivencia, cando menos no ideolóxico.

E imos por partes, porque eu creo que aquí a sucesión de feitos é importante.

Goberno Fraga. Durante o Goberno Fraga, señor Rodríguez, estes centros do Opus Dei foron sendo financiados con normalidade. E é curioso —porque este é un argumento que se adoita traer a este Parlamento— que dúas semanas antes de que Fraga tivese que abandonar o Goberno, cun goberno en funcións, se renovasen os concertos a estes centros que separan os nenos das nenas —fazaña que serve para dicir en tantas ocasións que no Bipartito se mantiñan o mesmo número de concertos que durante o Goberno Fraga—.

Pero é curioso, porque fíxense en que, pasado este momento, no ano 2009 tocaba novamente renovar eses concertos con estes centros clasistas e elitistas, e o Goberno Feixóo renovou estes concertos a pesar de que a posteriori a lexislación educativa impediu que estes concertos se puidesen levar adiante. Isto non é algo que diga o BNG, isto é algo que di, negro sobre branco, unha sentenza do Tribunal Supremo que demostrou que eses concertos se realizaron practicando unha fraude de lei.

E despois, señores do Partido Popular, non contentos con isto, continuaron cunha retahíla de manobras para beneficiar o *lobby* da educación segregadora —para beneficiar, neste caso, o Opus Dei— que nos levou en última instancia a un cambio lexislativo. Antes sinalábase que non ten reparo o Partido Popular en facer cambios lexislativos para beneficiar as súas empresas amigas do *lobby* eléctrico. Vese que tampouco ten moito reparo en facer cambios lexislativos para beneficiar os seus amigos do Opus Dei.

Polo tanto, o que nos atopamos son cambios lexislativos, renovacións exprés e concertos en fraude de lei. A nós, señores do Partido Popular, o que nos preocupa é que un modelo educativo superado pola pedagogía, superado pola ciencia, do que se desmontan todas as súas posíbeis bondades e do que non existe ningún tipo de argumento de liberdade se poida soste por riba do machismo e da discriminación. (*Aplausos.*) O que nos preguntamos, señores do Partido Popular, é como é posíbel que todas as declaracións que se veñen facendo a respecto —e coa nova lexislación— dos concertos que caducan en agosto do ano 2023 vaian encamiñadas a dicir que —e díxoo o señor conselleiro— a LOMLOE teña o menor impacto no ensino en Galiza.

Nós, polo tanto, o que queremos que nos responda, señor conselleiro, é a se vai manter os concertos con estes centros clasistas que segregan ao alumnado por sexo máis alá do curso 2023. E o debate que lle propoñemos xa non é se estes centros teñen autorización ou non —que sería un debate lexítimo tamén—, o que creo que si debemos preguntarnos, señor conselleiro, é se é de recibo que familias que están pasando necesidades, familias ás que vostede lles está dicindo que temos que adecuar os fondos do sistema público, teñan que pagar o ensino das elites para que teñan acceso a un ensino machista, clasista e segregador. (*Aplau-*



sos.) O que estamos a preguntarnos é se, ao mesmo tempo que vostede di que temos que facer un axuste e unha adecuación dos fondos da Consellería de Educación para cuestións tan elementais como as bolsas para o alumnado, é de recibo que se estean mantendo cantidades como son vinte millóns de euros nunha década para financiar as elites que queren unha educación exclusiva e segregada.

Do que estamos a falar, señor conselleiro, en definitiva, é dun modelo educativo que estea baseado na liberdade, na coeducación e no feminismo ou se, pola contra, hai un modelo educativo que está ao servizo dos intereses do Opus Dei, de manter unha estrutura social que é absolutamente lesiva e dun modelo educativo que determina, en tantas ocasións, que episodios que debemos desenterrar...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Lourenzo.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...—remato, presidenta— do noso sistema educativo, se perpetúen como unha lacra que, a estas alturas do século XXI, consideramos que non é xa asumíbel.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Lourenzo.

Continuamos e ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, a verdade é que este é un debate moi recorrente nesta Cámara. Eu teño participado en varios debates sobre esta cuestión e é un debate recorrente, pero moi interesante porque plantexa dous conceptos básicos para entender o que é un modelo de sociedade democrática. Creo que é moi importante o contraste de pareceres e que a sociedade galega vexa que entende unha formación política por legalidade e que entende a outra, e que entende por liberdade unha formación política e que entende a outra. Cando falo de legalidade falo fundamentalmente de respecto e de cumprimento dos marcos normativos e cando falo de liberdade falo das decisións individuais das familias e das persoas.

A verdade é que o BNG, o nacionalismo, cando, dalgún xeito, opta por defender un ideario —que é lícito, pero pode estar equivocado e os galegos pensan que está equivocado— fano basicamente sementando dúbidas sobre os demais. E, unha vez máis, dá a sensación de que o BNG o que plantexa é unha interpelación na cal dun xeito máis ou menos aberto o que intenta trasladar é que a Xunta e o Goberno non cumpren coa lexislación vixente ou non van cumprir coa lexislación vixente.

Señor deputado, este é un goberno responsable e a Xunta de Galicia cumpriu, cumpre e cumprirá coa normativa vixente. E neste caso, igual que noutros, tamén o faremos. É obvio que a Xunta de Galicia vai cumprir co establecido na normativa, xa o fixo no pasado.



Hai unha cuestión que creo que é importante, que vostede tamén citou aquí, que son as sentenzas dos máis altos tribunais de xustiza deste país. Nestas sentenzas fíxanse —pódenlle gustar ou non, pero son frases literais— que tanto a coeducación como a educación diferenciada por xénero son modelos educativos —dío a sentenza, literalmente— compatibles cunha educación dende a igualdade de valores e do respecto ás persoas. E creo que iso é tremendamente importante. Por iso, falo de conceptos diferentes de entender o que é o cumprimento da lexislación e tamén a liberdade das persoas.

A verdade é que tampouco é a primeira vez que o BNG rexeita acorde co seu ideario ideolóxico —como xa dixen, lexítimo, aínda que errado— o modelo de educación diferenciada. Vostedes fano por ideoloxía e prefiren rexeitar este modelo porque confunden —é a nosa opinión— a defensa da igualdade entre as persoas con independencia do seu xénero co que é a liberdade das familias á hora de elixir centros educativos.

Tamén ignoran que este tipo de centros existen na propia rede pública en países tan democráticos como poden ser Reino Unido ou Estados Unidos —que vostede citou aquí ao principio— ou outros moitos países do noso entorno.

E tamén esquecen que no Bipartito vostedes mantiveron os concertos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se había interese por beneficiar —e vostedes trasladan esta responsabilidade ao Goberno—, vostedes tiñan moito máis interese, porque nós, neste momento, financiamos tres centros cando vostedes financiaban cinco. Realmente, se o fixeron é porque había un marco legal que o permitía e o posibilitaba, porque se non ¿por que vostedes non os anularon? Eu xa sei o que van dicir porque é un debate xa vello. Pero, se para vostedes a legalidade e as sentenzas non contan, ¿como lles explican á sociedade que sobre algo tan negativo —segundo a súa percepción— non actuaron para remedialo? Terían tamén que darnos unha idea. A verdade é que é un vello debate e moi interesante.

Agora vostedes plantexan que non se deben ter centros educativos que diferencien por xénero porque a normativa o prohibe. ¡Iso dino! Tamén antes lles daba igual que a LOMCE os posibilitase.

E aquí tamén é curioso e ímolo vendo constantemente na súa forma de facer política. Cando o marco normativo, a lexislación, coincide cos intereses e coa visión política do BNG son os máis legalistas do mundo e cando non coinciden nin os marcos normativos nin os marcos das sentenzas, o máis fácil é dicir que son ilexítimas, erradas e que hai que combatelas. A iso xa nos teñen acostumados vostedes e é tamén o abecé que fan vostedes.

Antes criticaban —e téñeno criticado aquí, en moitas ocasións— os centros que diferenciaban e non lles importaba para nada nin o marco legal nin a sentenza do Tribunal Supremo. E unha cuestión tamén moi significativa que dixen antes, que non se cuestiona por parte do Tribunal Supremo nin por parte do Constitucional, que é a existencia da educación diferenciada, senón que a considera tan lexítima como o modelo de coeducación e con encaixe na Constitución. Poderá gustar ou non, pero isto é o que din os principais órganos xurídicos deste país.



E é certo que o marco normativo mudou. A LOMLOE nunha disposición adicional, na vinte e cinco, di que non se pode separar o alumno polo seu xénero. Tamén é certo que esta disposición adicional está recorrida ante o Constitucional e terá que ser o Constitucional quen o teña que dicir e quen terá que fixar.

Tamén citou vostede outro aspecto que hai que poñer encima da mesa. No actual marco legal existe un tempo dos propios concertos e ese tempo —vostede citouno— remata en agosto do ano 2023. Non se deben modificar os concertos a metade do partido, aínda que poder, pódese facer. ¿Vostedes non o fixeron? Vostedes non se atreveron a facelo. (*Murmurios.*) Outras comunidades autónomas fixérono. Recentemente, en Cataluña intentárono facer e cun resultado xurídico negativo para estes intereses. (*Aplausos.*) E isto está na propia LOE, fíxese que é un precepto básico da LOE e que se recolle na LOMCE e na LOMLOE. E os concertos en Galicia rematarán en agosto de 2023 e, naquel momento, teremos que ver cal é o marco legal para en base ao cumprimento da lei e a outro principio básico da democracia actual, que é a liberdade das familias, tomar as decisións que teñamos que tomar.

Xa sei que a vostedes isto lles dá absolutamente igual e que vostedes teñen unha visión —insisto— ideolóxica e particular que defenden deste asunto. É certo que cando puideron actuar non actuaron, mantendo unha crítica absoluta e que se omite que estamos ante un proceso xurídico non pechado e que estamos falando de legalidade e de respecto á propia legalidade. Estou seguro de que se o marco legal se modifica a través de sentenzas do Constitucional ou do Supremo a vostedes lles vai dar igual e van seguir cuestionando e criticando completamente igual esta modalidade de ensino.

Tamén quero deixar clara outra cuestión porque ao mellor vostede ten a tentación de dicir que este goberno ou este partido non defende a igualdade das persoas e que non defende a igualdade entre as persoas con independencia do seu xénero. Vostede sabe que esta cuestión está fóra de toda dúbida para este goberno, para este grupo parlamentario e para este partido.

Débase respectar a lei e cumprir coa igualdade das persoas. En educación témolo feito e demostrado en moitísimas ocasións. Simplemente lles vou dar uns datos: o 96 % dos centros educativos de Galicia teñen un plan de igualdade e nese plan abórdanse medidas de acción positiva para a promoción da igualdade entre mulleres e homes, e búscase tamén sensibilizar, prever e intervir fronte á violencia de xénero.

Case o 84 % do profesorado, que é unha porcentaxe altísima, está formado no módulo de formación específico de inclusión, convivencia e igualdade. Temos guías e materiais específicos para fomentar a igualdade de xénero. Incluso, nalgunhas normativas de acceso a ciclos de FP, se prima ás alumnas fronte aos alumnos, no caso daqueles ciclos con baixa representación feminina.

E hai un dato que é indicativo e tremendamente significativo que pon a Galicia en bo lugar no tocante ao coñecemento e ao respecto á igualdade de xénero; e non o di este goberno, senón que o di un organismo tan significativo como é o Informe PISA. O Informe PISA di que practicamente o 94 % dos estudantes galegos de 15 anos está informado e formado sobre



igualdade entre os homes e as mulleres, unha media moi por riba da media de España, que está no 90 %, e por riba da media da OCDE. Galicia é a comunidade autónoma líder neste parámetro en España.

Hai moi pouco tamén vimos de presentar e aprobar unha estratexia galega de convivencia e aquí plantexamos a existencia dun plan de coeducación para reforzar os instrumentos da loita contra a violencia de xénero. Pero, se saímos do marco legal entramos noutra cuestión e noutro principio básico nas sociedades democráticas que é a liberdade das persoas de desenvolver, neste caso, unha opción educativa ou outra en base ao marco normativo.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Por iso son dúas cuestións que teñen que estar intimamente unidas: a legalidade e a liberdade.

E estou seguro de que a vostedes isto lles dá igual e de que van continuar coa súa visión ideolóxica de bos e malos, a de nós temos a razón, nós somos os bos...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Rodríguez. Ten despois un segundo turno.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...vostedes non teñen a razón, son os malos, pero, en todo caso, non se pode, en ningún momento, poñer en tea de xuízo a responsabilidade e o convencemento que ten este goberno e esta formación política coa igualdade entre as persoas con independencia do seu xénero.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Antes de dar paso á rolda de réplica, saúdo os alumnos de 5º e 6º de primaria do CEIP Virxe do Rocío de Vigo, os nenos e nenas, e tamén a todo o equipo docente que hoxe nos visitan.

Ten agora a palabra don Manuel Antonio Lourenzo Sobral por un tempo de cinco minutos.

O señor LOURENZO SOBRAL: A nosa benvida tamén aos nenos e ás nenas do Virxe do Rocío de Vigo. É unha honra que esteades aquí acompañándonos neste Parlamento e que ademais esteades así xuntos, nenos e nenas. Benvidos. *(Aplausos.)*

Falando precisamente de ensino, señor conselleiro, falaba vostede da liberdade das familias para que asistan a centros só de nenos ou só de nenas. Eu preguntolle, señor Rodríguez, ¿existe a liberdade para que unha familia decida que os seus fillos vaian a centros só de brancos e non de negros? ¿Existe a liberdade das familias, señor Rodríguez, para que digan que un xitano non pode entrar nun centro porque nese centro só hai brancos? ¿Existe liberdade nas familias,



señor Rodríguez, para que se diga que un homosexual non pode entrar nunha escola porque nesa escola só hai homosexuais? Se en todo isto non hai liberdade, ¿por que para prohibir que unha nena poida entrar nun centro de nenos ou que un neno poida entrar nun centro de nenas, si que esgrimimos o argumento de liberdade, señor Rodríguez? *(Aplausos.)*

A pregunta é, señor Rodríguez, ¿por que lle chama liberdade cando queren dicir ideoloxía? Unha ideoloxía ultra conservadora que é a que defende o seu goberno, señor Rodríguez. *(Aplausos.)* Cando veñen vostedes aquí falar de respecto ao marco constitucional ou de respecto ao marco legal, depende, señor Rodríguez, teñen días.

Vexamos que, por exemplo, cando o Supremo —digo eu que non serán adalides da coeducación na súa totalidade, cando menos— establece que entre o ano 2009 e 2013 a Xunta de Galiza fixo contratos aos concertos do Opus Dei, centros que segregan por sexos de maneira fraudulenta... Como moito, moito respecto non parece, señor Rodríguez. Pero é que ademais non contentos con isto como o Supremo lles tirou das orellas e os deixou en evidencia, ¿que é o que fan, señor conselleiro? Cambian a lei. Se a lei non nos permite manter a nosa ideoloxía de que os nenos e as nenas estean separados, e non só que estean separados, senón que se lles pague co diñeiro de todos, ¿que facemos? Cambiamos a lexislación e despois dicimos que isto son os argumentos do Tribunal Constitucional.

A nós ensináronnos —seguramente, non sei moito disto— que os tribunais interpretan a lexislación e a executan; digamos que son outras instancias as que deciden se os nenos e as nenas estudan xuntos ou non. Pero, se cadra, niso tamén estamos equivocados e a ver se vai resultar que iso vai ser unha cuestión ideolóxica.

Cando fala dos países nos que se está a levar adiante este modelo educativo, nos seis países de Europa que se leva adiante este modelo educativo, en todos coinciden que estes centros —por certo, en diferentes modelos e con índices por debaixo do 1 % e do 2 %, en moitas ocasións— coinciden dous motivos recorrentes sistematicamente, que son modelos educativos ultra conservadores e modelos educativos elitistas. Os mesmos que vostedes defenden, señores do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Despois, como queren disfrazar dunha cuestión técnica o que é unha decisión ideolóxica, caen nas incoherencias e nas evidencias de dicir que no Bipartito... É curioso, señor Rodríguez, dixo que no Bipartito se podían reverter estes concertos e tres minutos despois dixo que era ilegal reverter estes concertos. Aclárese porque se non as súas incoherencias en tres minutos quedan moi á vista. *(Aplausos.)* E di que foi o Bipartito o que puido manter eses concertos dúas semanas antes de que o señor Fraga tivese que deixar o Goberno. *(Aplausos.)* Renovaron estes concertos en funcións e non se lles derrete a cara de vergoña de vir aquí a dicir que no Bipartito se mantiñan eses concertos. Iso é rigor ou desvergoña, señor conselleiro, pero aquí isto non se sostén de ningunha das maneiras.

Despois falan vostedes da súa grandísima implicación coa igualdade no ámbito educativo e fala de que o 96 % dos centros contan con plans de igualdade. ¿Dotación orzamentaria, señor Rodríguez? Dígollo eu, cero euros. Burocracia baleira que está denunciando o propio profesorado. E xa que vostede trae o tema, señor Rodríguez, ten os plans de igualdade do profe-



sorado da Consellería de Educación parados dende hai unha década. Iso esqueceulles, para iso no tiveron tempo.

Do organigrama da consellería, señor conselleiro, mellor non falamos porque iso xa o deixa en evidencia a vostede que foi o encargado de elaboralo.

Da estratexia galega de formación profesional, un 16 % de desigualdade entre alumnos e alumnas, nin unha soa medida na propia estratexia para implementala, señor conselleiro. Da materia de igualdade en 4º da ESO, señor conselleiro, que foi suprimida e que puido haber algunha ocasión de implementala e non a implementaron. Esqueceulles tamén, para iso non tiveron tempo. Están atendendo ao Opus Dei.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Lourenzo.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...—remato—.

Da materia, por exemplo, de igualdade no máster do profesorado, as persoas que van educar aos nosos fillos, por acordo deste Parlamento, ¿tampouco tivo tempo, señor conselleiro? *(Aplausos.)*

O seu problema é que está máis pendente de agradar aos seus amigos do Opus Dei que de atender ao sistema educativo. Despois non é de estrañar que nos teñamos que botar as mans á cabeza con iso de que...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Lourenzo.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...«putas, salid de vuestras madrigueras, sois todas unas ninfómanas». *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Señor portavoz, efectivamente hai días. E vostede ten tido días ben mellores. *(Risos.)* Tan demagóxicos, quizais non. Estou seguro de que estes nenos e nenas que nos acompañan estaranse preguntando de que falaba este señor. *(Murmurios.) (Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Vostede fixo un exercicio demagóxico de 3º de primaria porque veu poñer aquí en sede parlamentaria unha serie de exemplos comparativos realmente escalofrantes. Eu preguntárlle a vostede se lle preguntou ou se falou con algunha persoa que lexitimamente leva aos seus fillos a un centro deste tipo se vai obrigado. *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Pregúntelle! Eu creo que é o mellor. ¡Pregúntelle se vai obrigado! Porque vostede



despois asimila esta cuestión ás persoas de diferente raza, vostede díxoo aquí, negros ou non.

Vostede visita poucos centros educativos. Eu que os visito habitualmente en moitos centros educativos vexo persoas de diferentes razas; a ningún xitano se lle prohíbe o acceso a un centro educativo deste país. E eu recoméndolle que visite algún centro onde pode atoparse con persoas de máis de vinte nacionalidades diferentes e que utilice este argumento da realidade para intentar buscar un argumento demagóxico de 4º de Primaria é francamente escalofriante. Porque facer unha correlación comparativa entre ambas cuestións e falar de ideoloxía é realmente curioso. (*Murmurios.*)

En todo caso, hai dúas cuestións que son moi significativas. É verdade ou non...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio... por favor, silencio.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...que o Bipartito financiou cinco centros que separan por xénero, ¿é verdade ou non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Diga si.

O señor PRESIDENTE: Silencio...

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): E tamén certamente falaba vostede de ideoloxía, unha ideoloxía líquida a do BNG, aquí case nos asocia directamente ao Grupo Parlamentario do Partido Popular co Opus Dei, como se foramos o Opus Dei. (*Murmurios.*) ¡Non hai ningún problema! Ao mellor dentro de tres días, igual que vostedes que criticaron tanto a Inditex e despois foron facerse unha foto. (*Murmurios.*) Ao mellor, dentro de poucos días, están pedindo entrar vostedes nesta organización. (*Aplausos.*)

O que está claro é que a vostede non lle interesa, en ningún caso, a prudencia, non lle interesa a moderación, non lle interesa a liberdade das familias, non lle interesa o cumprimento da legalidade e é obvio que plantexan dun xeito oportunista esta interpelación.

Vostede sabe perfectamente que estamos a falar de tres centros educativos en Galicia —vostedes financiaban cinco— e creo que ao non estar de acordo ideoloxicamente con este modelo non están de acordo nin con marcos normativos preexistentes, nin coas sentenzas preexistentes, nin coa liberdade das familias que libremente elixen levar aos seus fillos a este tipo de centros, que, se son legais, pódeno facer. Se son ilegais, obviamente non. Por iso, é moi importante vencellar —como dixen ao principio deste debate— dous conceptos básicos para entender o que é unha democracia: o marco legal e a liberdade a desenvolverse dentro dese marco legal.

Non se pode intentar dalgún xeito trasladar a visión particular dun asunto por encima do marco legal e por encima da liberdade individual. Se a min non me gusta o fútbol, pois que ninguén vaia ao fútbol. Ao final, estamos falando desas cousas, señorías. (*Murmurios.*)



E estamos a falar dunha decisión libre dos pais e das nais que escollen este modelo, que se é legal pódeno facer e, se non é legal, non. Por iso, teñen que ver e mesturar ambas cuestións.

E tamén lle vou dicir outra vez máis que este é un goberno serio, responsable e que cumpre a legalidade. ¡Non teña a menor dúbida que cumpriu a legalidade e que a vai cumprir! ¡Non teña a menor dúbida! *(Aplausos.)* E estou seguro de que a vostede lle dá igual e vai dicir o mesmo nun marco legal que noutro, porque xa o dixeron. Eu asistín aquí a debates coa LOMCE en vigor, con sentenza do Constitucional e do Supremo en vigor e dicían exactamente o mesmo. Agora, a LOMLOE non o di e vostedes din exactamente o mesmo. Dálles exactamente igual o marco legal.

A vostedes —como xa dixen— cando o marco legal lle convén son os máis legalistas. Cando vai acorde á súa perspectiva, á súa visión da vida, son os máis legalistas e cando non, non. A verdade é que xa estamos acostumados, xa sabemos que é así.

Xa para rematar, dicirlle que non debe quedar ningún tipo de dúbida do apoio, do respecto e da responsabilidade que ten este goberno cunha perspectiva transversal —e está aquí a conselleira de Igualdade— de fomentar o respecto entre as persoas, con independencia do seu xénero ou da súa raza— como vostede citou aquí—. E os datos que dixen anteriormente son bastante claros e limpos. O dato do Informe PISA onde pon a Galicia como a comunidade autónoma que ten a mellor porcentaxe de alumnos de 15 anos, que coñecen e fomentan a igualdade de xénero, a partir de aí podemos dicir o que queiramos, pero ese dato é un dato tremendamente significativo. E iso non é froito da casualidade, iso é froito de que durante moitos anos se leva traballando nos centros educativos esta cuestión. E tamén creo que nos centros educativos se fai un labor de prevención e de sensibilización fundamental do conxunto do profesorado e isto é algo que...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...se ve nos datos ao final.

En definitiva, xa para rematar, creo que hai dous termos básicos para entender o que é unha democracia: a legalidade e a liberdade. Son fundamentos básicos e, dende logo, este goberno os cumpriu, os cumpre e os cumprirá.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Interpelación de D^a Noelia Otero Lago e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa emancipación da mocidade

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Otero Lago.



A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Aproveitamos que marchan e din adeus coa man as alumnas e os alumnos do Virxe do Rocío de 5º de primaria. Por certo, moitos son alumnas e alumnos veciños de Navia, do meu barrio, porque —como sabe o conselleiro— ante a ausencia de prazas públicas no Colexio de Navia, a ver que pasa agora co instituto... Estes non van coller o instituto.

A miña filla xusto está en 5º de primaria e ante as previsións e os orzamentos da Xunta de Galicia a ver se contan con instituto. Moitos alumnos e alumnas do Virxe do Rocío son veciños precisamente do barrio. Aproveitando que está aquí o conselleiro, había que facer o comentario. *(Aplausos.)*

E oxalá tamén —porque esta interpelación de feito lles interesa ás rapazas e rapaces desta idade— esta interpelación sirva para que nuns anos, cando teñan que alugar unha vivenda, estar buscando traballo no mercado laboral, a situación sexa mellor que a que temos actualmente, ou cando decidan se queren ter ou non fillos e fillas. Porque a situación arestora —bo día, perdoe, señora conselleira— é certamente preocupante. Sabemos que Galicia perderá 35.000 habitantes de aquí a quince anos, son as últimas proxeccións poboacionais que vén de facer públicas o Instituto Nacional de Estatística hai poucos días, unha proxección a cincuenta anos. O que chama a atención, e onde hai que poñer o acento, é que mentres no conxunto do Estado, na maior parte de rexións do Estado, aumentará esa poboación nos vindeiros quince anos, somos das poucas rexións onde diminuirá. En concreto, no ano 2037, segundo eses datos que acaba de facer públicos o Instituto Nacional de Estatística, mentres aquí en Galicia perderemos 35.000 habitantes, no conxunto do Estado haberá un aumento de arredor do 9 %, é dicir de máis de catro millóns de habitantes. É dicir, seguen situando a nosa comunidade co peor saldo vexetativo de todo o Estado, só superado por Asturias.

É dicir, temos ou ben unha radiografía, un avance de como será a nosa comunidade en termos poboacionais de aquí a quince anos, e tendo en conta a situación de fonda crise demográfica na que xa nos atopamos. Ou, se queren, un aviso da deriva demográfica ante a ausencia de políticas da Xunta de Galicia nestes anos nos que estamos vivindo un proceso de avellentamento e de baleirado que se vén acelerando na última década.

Como sabe vostede, a porcentaxe de galegas e galegos de máis de 65 anos supera xa en máis de dez puntos a mocidade, é dicir, os habitantes que teñen menos de 20 anos. Uns datos que ademais presentan un coeficiente aínda máis preocupante se falamos desa comparativa entre galegas e galegos de máis de 65 anos con galegas e galegos menores de 16.

Galicia alcanzaba no ano 2010 a súa cifra récord de habitantes. A pesar de vir padecendo tamén crises económicas, como no 2007 e no 2008, alcanzamos ese ano 2010 ese pico de poboación con 2,8 millóns de habitantes. E a partir de aí, coincidindo xustamente despois do primeiro ano do Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia do señor Feijóo, comezamos a perder a ese ritmo de 10.000 habitantes por ano, chegando a picos nun só exercicio de perder 16.000 habitantes. E ante esta radiografía —estes números, estes datos, que son



claros—, poderíamos falar ou ben de estrepitoso fracaso nas políticas para frear e reverter esta situación, ou ausencia absoluta das mesmas.

¿E por que traemos agora esta interpelación? Porque se falamos de xuventude, xa partiamos dunha situación complicada; se falamos de demografía, xa partiamos nestes últimos dez anos dunha situación complicada; se falamos de emprego, conselleira, xa partiamos dunha situación absolutamente complicada. Cunha xuventude galega que vén padecendo máis precariedade, máis temporalidade, máis taxa de desemprego que no conxunto do Estado, e cun acceso á vivenda e a unha vida independente —como temos manifestado nestes últimos dous anos— absolutamente imposible, cos peores datos de emancipación dende que hai rexistros na última década. E esta imposibilidade de desenvolver un proxecto de vida propio e digno é un dos grandes lastres, nesta hipoteca non só para a mocidade, senón para o conxunto de toda a comunidade.

E para que non nos tilden, como é habitual, de catastrofistas ou de querer recrearnos nestes datos que son preocupantes, vou remitirme a unha reportaxe moi ampla e completa recollida na prensa escrita mesmo antes da situación inflacionista que estamos a vivir agora e de suba xeneralizada de prezos que afecta á vivenda, que afecta tamén ao poder adquisitivo da xuventude. Pouco antes de falar desta crise, este mesmo ano, unha reportaxe en *La Voz de Galicia* que dicía —vou ler literalmente—: «Agora mesmo estou sen facer nada. O taller no que traballaba, onde fixen as prácticas da FP, ofrecíame unha miseria. Toda a xente que coñezo está igual». Quen fala é un mozo coruñés de 25 anos con ganas de poñer estabilidade na súa vida —di a reportaxe— sen saber moi ben como. Un mozo cuxo perfil coincide co doutros moitos sen traballo ou con empregos que tan só brillan pola súa precariedade. Unha xeración perdida a ollos de moitos: desmotivada e que non atopa saída.

En Galicia, os menores de 25 anos terminaron o 2021 cunha taxa de paro do 35,6 %, cinco puntos por riba da media estatal. A mocidade é o elo máis débil do mercado laboral e agora sumamos —isto é colleita propia— a inflación, pero xa dicía daquela Álvaro Ferreirós, meses antes do verán: «Foron a mocidade, os mozos e as mozas, os primeiros en saír e están a ser os últimos en entrar». Estas son palabras de Álvaro Ferreirós, que é doutor en Dereito pola Universidade de Vigo, cuxa tese doutoral tratou sobre a transición á vida activa da mocidade. Este informe fai fincapé no fenómeno denominado «fuga de talento», que non é máis que a emigración forzosa de mocidade cunha titulación superior, que non xera ningún tipo de valor no noso país ao non ter capacidade de desenvolver aquí a súa actividade.

E continúo lendo afirmacións desta reportaxe da prensa analizando a situación da mocidade galega. Un informe do Foro Económico estima unha perda de entre 178 millóns e 311 millóns de euros por ano aquí en Galicia derivada dos custos de formación dunha mocidade á que se lle nega a posibilidade de aportar valor ao noso país. Esta fuga de talento supón deixar de crear unhas 315 empresas no noso país e produce 1.500 nacementos menos segundo este informe do Foro Económico, que advirte ademais das dificultades de ter datos claros e estudos desta cuestión porque non hai estatísticas oficiais apropiadas. E di que esta é unha carencia que pon en evidencia a despreocupación existente. Esta é a diagnose —e pechamos comiñas, pechamos aspas— dos expertos das universidades ou do informe económico ou do propio retrato que fan de si mesmos os mozos e as mozas galegas.



Para mudar esta gravísima e preocupante situación, conselleira, o que non podemos tolerar —como diciamos empeorada neste contexto de crise económica actual— é que cando se fala neste Parlamento de xuventude por parte do Goberno galego unicamente sexa —como acontecía hai catro días na Comisión de Educación e Cultura ou cando falamos tamén na Comisión 5ª— que veña a directora xeral de Xuventude a falarnos de campamentos e do verán que quere a mocidade, e se esqueza de que temos as peores cifras de emancipación do conxunto do Estado e os peores datos, se falamos de taxa de empregabilidade e de inestabilidade, do conxunto do Estado. Xa abonda de ter en conta a mocidade unicamente nesta comunidade con estes datos para falar de campamentos.

Precisamente, co gallo do Día Internacional da Xuventude o pasado mes de agosto, UGT-Galicia presentaba unha radiografía do mercado laboral galego centrada nos máis mozos e mozas que amosaba que nada se está a facer e que seguimos ante a mesma falta de oportunidades ano tras ano a pesar de que Galicia ten pouca poboación nesta franxa de idade.

Taxas de actividade moi baixas, altos índices de desemprego e baixos salarios, e que a precariedade unicamente se está a ver beneficiada por esa reforma laboral que vostedes deostan dende o Partido Popular e que aquí na nosa comunidade, polo menos en canto ao número de contratos indefinidos, si ten sufrido, como dicimos, un aumento desa contratación, pero en canto á inestabilidade, á precariedade, a salarios máis baixos, seguimos absolutamente iguais. Polo tanto, nós pedimos, conselleira, saber cales son os plans do Goberno galego ante estas cifras de emancipación —insistimos—, ante a falta dun acceso a unha vivenda digna, tanto na parte laboral como na parte da vivenda.

E tamén, xa para rematar, hoxe falábase aquí de saúde mental. Temos tamén estudos de como está a padecer esta situación de crise a mocidade e a xuventude, oito de cada dez non ten ningún tipo de esperanza en que a situación vaia mellorar e máis da metade ten sufrido neste ano problemas de saúde mental sen pedir axuda, falan de que por cuestións fundamentalmente económicas. E tamén máis da metade recoñece ter sufrido ou sentido por algún momento ganas de se quitar a vida. É dicir, que estamos falando de hipotecar o futuro máis inmediato e precisamos ante isto políticas serias, transversais. E dicía que a situación e a radiografía xa era ben complicada e agora, sen dúbida, o é moito máis.

Pola nosa parte, polo de agora, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Resposta da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, presidente.

Bo día, deputados e deputadas.

Ben, señora Otero, non a vou tachar de catastrofista pero realmente eu non sei se vostede é consciente dalgunhas das afirmacións que acaba de dicir aquí. Tales como que a preocupante



crise demográfica que existe nesta comunidade autónoma é consecuencia das políticas da Xunta de Galicia. Parece ser que en España... (*A señora Otero Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.*) —non, díxoo textualmente, apunteino— ...e en Europa e nos países occidentais non hai crise demográfica. Dixo textualmente que a perda poboacional en Galicia ten relación coa chegada do señor Feijóo ao Goberno da Xunta de Galicia. Pero ¿vostede cre que se pode facer en serio unha interpelación coas afirmacións que acaba de dicir? E dio con todos eses datos, claramente interesados, e a base de toda a interpelación é unha reportaxe de *La Voz de Galicia*. Eu lamento moitísimo a situación dese mozo de 25 anos da Coruña pero creo que non pode vir aquí a extrapolar a situación dos mozos e as mozas da comunidade autónoma poñendo como primeiro exemplo e base da súa exposición unha entrevista en *La Voz de Galicia*.

Bueno, fala de demoleadora situación económica e laboral da mocidade galega. Eu voulle dar agora os datos, e a ver se despois de escoitarme, vostede pode volver concluír o que realmente dixó aquí e o que escribiu na pregunta. Eu non veño falar de campamentos. E de xuventude, eu falei —e creo que outros conselleiros moitas veces— en termos de emprego. Outra cousa é que se preguntase —non coñezo— e que respondese a directora de Xuventude. Pero dicir que o Goberno da Xunta identifica as políticas de xuventude cos campamentos, vou ser moi elegante dicindo que falta vostede á verdade.

O presidente Rueda cando comezou aquí a súa investidura falou xa das políticas de xuventude como un eixe central das políticas do Goberno da Xunta. Xa o fixo o presidente Feijóo moitas veces, nesta Cámara, e creo que sempre se identificaron as políticas públicas deste Goberno con formación, con emprego e con vivenda. Pasando, evidentemente, porque son unhas políticas absolutamente transversais e, por suposto, son políticas sociais, pero sempre se identificaron con estes tres eixes.

Di vostede que temos os peores datos de emancipación dende que hai rexistros na última década. Ben, a taxa de emancipación cos últimos datos do Consejo de la Juventud de España —que está, como vostede sabe, adscrito ao Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030—, no último informe que temos, que é de finais do 2021, sinala que a taxa de emancipación en Galicia é dun 15,1 %, é dicir, está 0,5 por debaixo da media nacional. E Galicia está por diante de Andalucía, que está en 14,4; de Asturias, 14,7; de Castela-A Mancha, 10,8; de Castela-León, 14,7; da Comunidade Valenciana, 11,8.

Falan da situación laboral da mocidade galega. Falaba aquí na intervención escrita, pero logo a EPA xa pouco saíu na súa intervención, supoño que é porque se di os datos da EPA, tam pouco pode seguir con esta afirmación. Taxa de ocupación EPA, no último trimestre: 4,4 puntos de aumento en comparativa anual, 1,3 en comparativa trimestral. Taxa de actividade: 3,9 máis neste último ano. Taxa de paro xuvenil: diminúe, en anual 3,4 puntos; en trimestral, 1 punto.

Galicia conta cunha proporción de parados menores de 30 anos de 11,36, estamos a 3,92 puntos de diferenza con España, que está nun 15,28. Somos a comunidade autónoma con menor proporción de parados menores de 30 anos do conxunto do Estado, isto en termos relativos. En termos absolutos, 14.400 menores de 30 anos ocupados máis que hai un ano,



é o segundo maior incremento nun segundo trimestre de toda a serie histórica dende o ano 2009. Contamos con 12.800 menores de 30 anos activos máis no último ano, isto EPA.

O paro ten resultados semellantes. Paro rexistrado, menores de 30 anos neste último mes, sabe que a baixada anualmente foi de 5,84 en termos xerais. Respecto de menores de 30 anos, un 9,77, case o dobre de baixada. Con esta caída, Galicia rexistra o menor número de parados menores de 30 anos nun mes de setembro desde o ano 2005. Afiliacións, datos da Tesourería Xeral de Seguridade Social, subida de 3.306 traballadores menores de 30 anos. Unha subida dun 2,88 %.

Acceso da mocidade á vivenda. Datos do Consejo de la Juventud de España, ao que me refería antes, que nun dos últimos informes do Observatorio de Emancipación —creo que deste informe xa falou o presidente Rueda— cualifica o mercado de vivenda galego como menos excluínte que o da maioría das comunidades, engadindo que o custo económico de acceso dunha persoa nova á compra ou aluguer dunha vivenda libre seguía a ser dos máis reducidos de España.

Non vou seguir con datos, pero, se quere, podo seguir despois. Porque hai máis cousas aínda que din na intervención por escrito, como falando do paro das persoas entre 16 e 19 anos. ¿Pero realmente cre que podemos estar falando do paro cando a maior parte da xente entre 16 e 19 anos, polas políticas da Xunta de Galicia, está en inactividade por formación?, que é onde pretendemos que estean os xoves de 16 a 19 anos (*Aplausos.*) Non inscritos no paro. Pretendemos que estean en formación. Logo doulle datos sobre isto.

Políticas de formación. Formación profesional 61.000 alumnas e alumnos matriculados neste curso, un 75 % máis que en 2009 e 2.000 estudantes máis que no curso anterior. Destes, sábeo moi ben porque o teñen manifestado o conselleiro e o presidente, o 85 % das alumnas e alumnos de FP están atopando traballo e un 100 % da FP Dual. Isto penso que é, precisamente, porque Galicia e as políticas da Xunta xeramos confianza nas familias, nos estudantes e, por suposto, tamén polo prestixio que están dando as empresas coa formación dual.

Formación universitaria. Lideramos as comunidades autónomas con prezos de matrículas universitarias máis baratos. Para este curso conxeláronse outra vez os prezos. Levamos doce anos cunha política de contención de taxas que supón un aforro anual de 18,8 millóns de euros para as familias galegas.

Emprego. Di aquí que a única mellora que ten o emprego da xuventude en Galicia é pola reforma laboral. E dixo que a reforma laboral o que fixo foi aumentar as contratacións pero continúan coa mesma inestabilidade. A ver, a reforma laboral é todo o contrario. O que está facendo é menos contratacións porque os contratos son indefinidos e aumentan a estabilidade. Entón, gustaríame que se aclarase. En calquera caso, ¿vostede cre que realmente a mellora, e todos estes datos que lle estou dando da xuventude en Galicia, é dende que entrou en vigor a reforma laboral en marzo deste ano? Realmente cre que todos estes datos son pola reforma laboral.

Levamos anos traballando con discriminación positiva en todas as políticas de emprego da Xunta e a xuventude ten a maior intensidade de axuda ou ten paquetes específicos de axudas.



Este ano 2022 —e creo que o sabe vostede ben—, sacamos un plan, Emprega Xuventude, con case cincuenta e dous millóns de euros. A totalidade do plan está en execución e son 2.000 mozos e mozas galegas os que se beneficiaron deses incentivos á contratación e dos programas de formación deste plan.

Nos últimos dez anos, dende o ano 2012 ata o ano 2021, esas políticas do señor Feijóo que fixeron que a xuventude marchase de Galicia, pois investimos 410 millóns de euros, que chegaron a máis de 331.000, en concreto 331.052 mozas e mozos galegos.

Política social. Creo que fai algo máis que falar de campamentos. Galicia conta cun plan estratéxico de xuventude, 125 medidas, seis eixes, está traballando xa nun que se ampliará ata o ano 2027. Xuventude ten mesmo rango de consellaría no día de hoxe. Somos a primeira comunidade autónoma en aprobar unha lei de impulso demográfico onde se blindan iniciativas para facer fronte, evidentemente, ao envellecemento da poboación pero tamén á promoción da mocidade, ao apoio á xuventude.

A xuventude ten o programa Xuventude Mentoring, que é medio millón de euros, para favorecer a transición á vida laboral das persoas mozas a través do apoio a unha rede de mentores que proceden do tecido empresarial galego. Creo que isto tampouco son campamentos, é unha política da Consellería de Política Social que complementa as políticas da Consellería de Promoción do Emprego.

Ten un programa de mobilidade transnacional, que é un programa xa coñecido, tamén con máis de medio millón de euros, que pretende fomentar a empregabilidade dos mozos e das mozas a través da mobilidade transnacional.

Xuventude ten en marcha unha oficina virtual de asesoramento para a xuventude cun mapa de recursos actualizado sobre a educación, formación, emprego, igualdade, mobilidade, venda, ocio.

Vivenda. Levamos tendo as políticas de vivenda coa mocidade como colectivo prioritario durante anos. Dende o ano 2018 ao 2021, 2.500 mozas e mozos resultaron beneficiados destas políticas.

Programas específicos para eles. Temos o Bono Alugueiro Mocidade: unha axuda de 250 euros ao mes cun orzamento de 22,8 millóns de euros; subvencións directas ao alugueiro do Plan de vivenda, que son moi demandadas —como sabe— por xoves e que teñen unha dotación de 12,5 millóns de euros; axudas de 2,55 millóns de euros para a compra de vivendas en municipios de menos de 10.000 habitantes. E neste ano 2022 puxemos en marcha unha medida, que creo que é pioneira, que é a concesión de avais para a compra de primeira vivenda en propiedade dos mozos e das mozas galegas menores de 35 anos. É dicir, que grazas a esta iniciativa do IGVS, que é compatible ademais coas restantes axudas, os beneficiarios acceden a un préstamo hipotecario do 100 %, porque é a Xunta a que está avalando ese 20 % restante.

Co cal, penso que as políticas da Xunta de Galicia si están claras e que pasan indefectiblemente pola formación e emprego, e por suposto tamén por apoiar os xoves na súa emancipación



coa vivenda e con outras políticas sociais. E os datos, eu non vou utilizar esa palabra que vostede dicía, catastrofistas, pero non son os que vostede está dicindo. E creo sinceramente que dicir que o Goberno da Xunta nos dedicamos a falar de xuventude falando de campamentos é ofender o traballo que estamos facendo todos e cada un —si, si— dos conselleiros. Porque xuventude —ao igual que o é igualdade— é unha política transversal e unha política que se está desenvolvendo con moitísimo traballo dende moitísimos departamentos. *(Aplausos.)*

Entón, creo que vostede concordará comigo en que non se pode facer unha análise tan simplista como a que acaba de facer aquí e coller unha serie de datos dunha reportaxe e facer un panorama absolutamente desolador da mocidade en Galicia cando ¿existe unha crise demográfica? Por suposto, non só en Galicia. ¿Somos conscientes diso? Home, eu creo que si, que o Goberno somos conscientes diso. ¿Estamos intentando atallalo todo e como podemos? Logo falareille do plan Retorna, por exemplo, co que estamos tamén traballando. Agora ben, dicir que o problema de envellecemento ou demográfico que existe en Galicia é consecuencia das políticas do Partido Popular ou das políticas da Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): ...creo sinceramente, como lle dicía, señora Otero, que é faltar á verdade.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Ben, señora conselleira, vostede quedou co da reportaxe, eu líalle a parte literal para que vise a radiografía que facían os propios mozos, as universidades ou ese informe do Foro Económico.

Demografía, porque ao final todo está vencellado. Vén vostede a falar —que é conselleira de Emprego— centrándose no emprego, retorcendo os datos como interesa e nós falabamos de demografía. ¿Quen goberna dende o ano 2010 ata a actualidade? ¿Quen é o encargado de facer políticas que revertan unha situación que —segundo os datos, a prospección e a proxección demográfica e poboacional a nivel estatal que vén de facer o Instituto Nacional de Estatística— sitúa a Galicia como unha das poucas rexións a nivel estatal, e cunha proxección a cincuenta anos vista, que van perder poboación.

Non sei se leu esa proxección publicada hai escasos días, señora conselleira, a cincuenta anos vista, pero que a quince anos di que, mentres no conxunto do Estado se gañarán máis de catro millóns de habitantes e vai aumentar esa poboación case un 9 %, en Galicia perderemos 35.000 habitantes.

E dende o ano 2010 —porque o problema non é só o que temos por diante se non facemos todo o contrario en lugar de caer no negacionismo como vén de facer vostede— vimos perdendo a razón de 10.000 habitantes por ano. E nalgún exercicio con picos de 16.000.



E se quere fale de Europa, se quere fale de que o Partido Socialista é catastrofista e de datos interesados. Pero aquí os únicos datos que se citaron foron os do Instituto Nacional de Estatística, os da EPA, os do Foro Económico, o Observatorio da Xuventude, como dicía vostede.

E se fala de vivenda e quere máis fontes, vaia vostede ao Rexistro Único de Demandantes. Porque, evidentemente, se non hai políticas públicas de acceso á vivenda en réxime de alugueiro, que é o que demanda a xuventude... Que anunciaba ese gran programa o ano pasado a conselleira: «Imos avalar as mozas e mozos galegos que queiran mercar unha vivenda». Pero sabe vostede que con esta inestabilidade, con estas taxas de desemprego, con este prezo da vivenda, ¿onde van vostedes poñer o acento? Vaian ao Rexistro Único de Demandantes, ¿que é o que demandan os mozos e as mozas que se queren emancipar? Unha vivenda asequible en réxime de alugueiro. E vostedes din que van avalar que compren unha. ¿Cos contratos, coa precariedade, coa taxa de desemprego xuvenil que temos, que é das máis baixas —e vostede sábeo— do Estado, van mercar unha vivenda?

Falaba vostede da EPA. Hai na nosa comunidade 453.600 mozos e mozas entre 16 e 35 anos —datos da EPA do segundo trimestre do ano 2022—. Esta cifra representa o 19,37 % sobre o total de idades. A porcentaxe máis baixa dos últimos anos, que contrasta, por exemplo, cos datos do terceiro trimestre do ano 2009 cando este grupo de poboación representaba o 27,2 %. Un 19,37 % no último trimestre da EPA do ano 2022 en contraste co 27,2 % —señora conselleira de Emprego— do ano 2009.

Falaba tamén vostede de emancipación e de datos que daba o señor Rueda. Son arredor de 320.000 mozos e mozas entre 15 e 34 anos os que se ven na obriga de ter que vivir coas súas familias, case o 67 % da poboación nesa franxa de idade. E ademais falaba vostede de que hai mozos e mozas que están en formación. É que a peor taxa de emancipación —e de aí o problema da hipoteca de cara a se queremos reverter a situación demográfica que estamos a padecer— e os datos de emancipación, precisamente onde os temos peores e estamos á cola do Estado é entre os 30 e os 34 anos.

Entón non nos pida que nos informemos, porque estamos a dar datos que están aí, que son claros e, se non fixeron absolutamente nada —e aí están eses números en canto á demografía, en canto a saldo vexetativo, en canto a vivenda e emancipación, en canto a desemprego, inestabilidade e precariedade no conxunto do país, nesta última década; neste contexto, dicimos de crise, cunha ameaza de que todo isto empeore, con eses índices, ese panorama futuro que está a debuxar o Instituto Nacional de Estatística—, como mínimo o que se pode agardar e que veña vostede a contarnos —e agora que vén de entrar esta semana o proxecto de orzamentos neste Parlamento— que é o que van facer. Como mínimo.

Pola nosa parte máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Peche da interpelación, conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.



A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):
Grazas, presidente.

Eu non vin falar de emprego como conselleira de Promoción de Emprego, eu veño en nome do Goberno a falar de xuventude. É vostede a que orientou a interpelación en materia de emprego como cuestión fundamental. Fala da demoledora situación económica e laboral da mocidade galega e fala especificamente das políticas en materia laboral, económica e de vivenda. E creo que é do que falei. E se vostede me interpela doutra cuestión, eu lle falo doutra cuestión. Eu falei da situación laboral porque é vostede a que pregunta sobre esta cuestión.

En calquera caso, creo que respondín en materia de vivenda —dígolle agora máis cuestións—, respondín en materia de políticas sociais, en materia de xuventude, que vostede me dicía que a única política que fai este Goberno son os campamentos.

Ben, eu non discutín —creo— en ningún momento a perda de poboación que ten a comunidade autónoma, que é o único que vostede me contesta, que está perdendo poboación. É que xa o sabemos, é que eu llo estou recoñecendo aquí. Sería unha absoluta ignorante se chego aquí e lle digo que Galicia non está perdendo poboación. Entón, esa análise témola clara. Non me queda claro que é o que vostede está interpelando exactamente.

En materia laboral eu non lle podo falar porque entón di que veño aquí a falar laboral. Estamos perdendo poboación, díxoo vinte e sete veces. Isto xa o sabemos. Todos os Gobernos, os socialistas, os de dereitas estamos traballando contra esa perda de poboación.

Eu veño de explicarlle, e vou continuar agora, o que levamos facendo moitos anos —non agora porque interpele vostede— en formación, educación, vivenda e emprego para a xuventude, e imos continuar nesa senda. Díxoo o señor Rueda, díxoo Feijóo moitas veces nesta Cámara e continuo dicíndoo eu. Son as políticas que ten este Goberno para a xuventude e pasan pola formación e polo emprego, por iso falo de emprego.

Dende que chegou Feijóo a este Goberno no ano 2009, o paro xuvenil diminuíu nun 67,84 %. Non creo que isto soamente sexa pola perda demográfica.

A afiliación subiu en 3.306 traballadores, un 2,88 % neste último ano. E se comparamos a media de menores de 30 anos afiliados nestes nove primeiros meses do ano con respecto ao 2021, temos unha subida dun 6,74 %, é dicir, de máis de sete mil afiliados de media este ano que no ano anterior.

Díciolle antes que eu falaba dos 16 aos 19 anos porque é vostede a que incorporou eses datos na súa interpelación. A nosa mocidade está optando por formase cada vez máis e por retrasar a incorporación ao mercado laboral. E creo que isto si é unha boa noticia. Reflicteo a evolución da taxa de abandono educativo, que se reduciu en case dezaioito puntos con respecto ao ano 2009, cando chegou o señor Feijóo, ata situarse no 8,1 % no ano 2021; é dicir, estamos a 5,2 puntos menos que a media estatal.



O número de persoas inactivas —pero inactivas, como lle dicía antes, por formación— entre 16 e 24 anos está subindo. Do segundo trimestre do ano 2019, que estabamos en 92,8 %, estamos xa no 94,6 %. E correlativamente con isto, a xente moza ocupada no mercado de traballo galego ten cada vez un maior nivel formativo. O 46 % dos ocupados entre 16 e 29 anos teñen unha titulación de educación superior, que está seis puntos por riba do mesmo período no ano 2014. Co cal, isto creo que si son datos importantes e que si son boas noticias para Galicia.

Máis políticas que non sexan políticas de emprego:

A Consellería de Medio Rural destina 37,5 millóns de euros para apoiar os investimentos nas explotacións agrícolas e a creación de empresas para os agricultores mozos. Estamos financiando as axudas para o pago do permiso de conducir tipo B, C e D —é dicir, turismo, camiión e autobús— a mozos e mozas, 3.500 mozos.

Como lle dicía antes, o programa Retorna mocidade. Estamos convocando bolsas, como saben, dotadas de 6.500 euros cada unha delas para a mocidade do exterior, co fin de que cursen en Galicia estudos de formación profesional. E agora imos poñer en marcha un programa que é para menores de 45 anos, un programa de formación, emprego e emprendemento para retornados, que facilitará tamén o regreso a Galicia con opcións de traballo para aqueles galegos e galegas que actualmente residen no exterior.

Podería seguir falándolle das moitas e moi transversais políticas que se están levando a cabo dende hai moitísimos anos por parte do Goberno do Partido Popular e do Goberno da Xunta de Galicia. Pero chámame moito a atención —e xa vou rematar— que vostede en ningún momento vincula as dificultades que ten a xuventude coa situación actual e a realidade actual da subida dos incrementos dos prezos, por exemplo; non tocou este tema para nada, parece que o Goberno da nación non ten nada que ver en todo isto. Levamos superados os índices rexistrados de subidas de prezos dende o ano 1985 varias veces neste último ano.

Os impostos. ¿Sabe vostede que a OCDE ten sinalado que temos impostos ao traballo e impostos á Seguridade Social tan ou máis altos que países como Dinamarca ou Noruega? ¿Cre que isto non inflúe na xuventude?

Polo tanto, eu si creo que, ademais de falar das políticas da Xunta de Galicia —das que creo que si lle teño explicado aquí pormenorizadamente o que levamos e imos continuar facendo en materia de xuventude—, si que tamén debería de contextualizar un pouco a situación demográfica que existe en Galicia —e que, aínda que iso a vostede lle soe a falar de Europa, é que Galicia está en Europa e temos unha situación semellante a nivel demográfico— e tamén debería contextualizar un pouco a situación que existe en xeral en España, o país coa taxa de desemprego maior. Superamos a Grecia. Con esta reforma, que fixo a señora Iolanda Díaz, pasamos de ser o penúltimo a ser o último. Con esta reforma.

Polo tanto, eu o que lle digo é que as nosas políticas van continuar nesta liña, aumentando os xoves que deciden formarse para ter, polo tanto, traballos de máis calidade. E imos con-



tinuar, por suposto, apoiando o emprego dos xoves en Galicia e tamén apostando por esas políticas transversais, esas políticas sociais e esas políticas de vivenda.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pasamos ao punto sexto da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas e os programas que a Xunta de Galicia ten previsto desenvolver no ano 2022 en apoio ao comercio de proximidade

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Bo día, señor vicepresidente.

Lamentablemente, na súa comparecencia de onte quedou patente que nos atopamos ante un escenario moi preocupante debido a unha xestión ineficaz e ineficiente por parte dos ministerios con competencias en materia de industria, que non son capaces de mobilizar os fondos europeos nin son capaces de facelos chegar á economía real. Ogallá esteamos aínda a tempo de corrixir esa situación ou perderemos unha oportunidade realmente histórica de percibir un importante volume de recursos que nos permitiría acadar a transformación económica para a que foron concibidos.

En todo caso, toca agora falar dun dos piares da nosa economía, da nosa sociedade como é o sector do comercio de proximidade.

Son arredor de cincuenta e cinco mil establecementos dedicados ao comercio en Galicia, dos que o 61 % son retallistas, e que ocupan a máis de cento seis mil traballadores. Pero tamén, o comercio é unha peza esencial desde o punto de vista social e de dinamización no eido local; enche de vida as nosas cidades, as novas vilas, os nosos barrios e o noso rural.

Igualmente, trátase dun tecido comprometido coa dixitalización, coa innovación, coa sustentabilidade e coa mellora dos servizos co fin de adaptarse aos novos hábitos de compra dos consumidores, especialmente trala crise da covid-19.

Nese importante esforzo colectivo, o comercio de proximidade non está só, senón que conta coa colaboración da Xunta; ben directamente a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo ou transversalmente a través doutros departamentos autonómicos. Un apoio que se traduce en axudas e subvencións directas, en financiamento, en formación e en programas para impulsar a recuperación da demanda. De feito, grazas ao Bono Activa Comercio, o pasado ano mobilizáronse vinte e cinco millóns de euros en vendas nos establecementos de proximidade galegos. Ou, tamén, no pasado ano impulsouse a creación e lanzamento de pla-



taformas de *marketplace* para incentivar a comercialización de produtores e comercios locais, con especial atención ao medio rural.

Ademais, convocáronse as liñas de axuda habituais en apoio á modernización e dixitalización do pequeno comercio para ofrecer unha experiencia de compra única e adaptada aos novos hábitos de consumo.

Convocáronse axudas para centros comerciais abertos, asociacións e prazas de abastos, e para a realización de campañas de dinamización do comercio de proximidade ou convocáronse axudas para o fomento da artesanía de Galicia.

Unhas actuacións que, cómpre lembralo, sempre se deseñaron e desenvolveron en diálogo e da man do sector, a través de federacións e asociacións de comerciantes, co obxectivo de acertar e atender as súas verdadeiras necesidades.

Neste contexto, ao Grupo Parlamentario Popular gustaríalle coñecer cales son as medidas que a Xunta de Galicia está a desenvolver neste ano 2022 en apoio ao comercio de proximidade galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Sanz, agradézolle a súa pregunta pola oportunidade que supón reiterar o compromiso da Xunta de Galicia co comercio de proximidade. Un sector moi resiliente pero que, lamentablemente, nos últimos anos está tendo que facer fronte a retos moi importantes; primeiro a unha pandemia sanitaria, pero agora nestes momentos a unha inflación e un prezo eléctrico descontrolados e que nestes momentos están afectando ao desenvolvemento da súa actividade.

Ademais, con esa obriga de cumprir con medidas impostas polo Goberno, como a instalación de equipos de peche automático de portas, co conseguinte gasto extra, que ademais non vén acompañado con ningún tipo de axudas por parte do propio Goberno e que, lamentablemente, todas as medidas vinculadas co aforro e a eficiencia enerxética son recomendacións para a Administración pública e son obrigas, neste caso, para o comercio e para os propios servizos.

Polo tanto, entendemos que temos que estar ao carón das necesidades dos comerciantes, nestes momentos, ademais, en que as propias familias están pasando por unha situación difícil tamén dende o punto de vista económico ante a propia inflación. E, polo tanto, queremos incentivar a actividade comercial nunhas datas que son importantes, porque nestes



momentos a actividade comercial diminúe e, polo tanto, este tipo de iniciativas son moi positivas; e sobre todo son positivas polo que significa achegar o comercio de proximidade aos consumidores para que poidan coñecer dunha forma directa ese servizo personalizado, esa maior especialización, ofrecendo produtos cada vez máis vinculados ao propio territorio de proximidade.

Por iso, tomamos a decisión nestes momentos de poñer en marcha a segunda edición do Bono Activa Comercio, cunha dotación de cinco millóns de euros, que permitirá mobilizar dezasete millóns de euros en compras que os consumidores galegos poderán utilizar a través deste bono. Un bono que ten unha dotación de trinta euros e que a partir do próximo luns 24 de outubro xa se poderá descargar, ben a través do teléfono, ben incluso imprimíndoo en papel para poder utilizalo nas diferentes compras.

Nestes momentos, despois de seis días, xa se inscribiron máis de tres mil comercios galegos, practicamente o 50 % dos comercios que participaron na edición anterior, o cal evidencia o interese por parte do comercio pero, sobre todo, a oportunidade que van ter os propios consumidores de poder acceder a estas compras. Pero, sen lugar a dúbidas, o máis relevante é a oportunidade de poder achegar aos consumidores o comercio de proximidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente.

Réplica, señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, señor vicepresidente.

Como vostede explicou, a Xunta acaba de poñer en marcha a segunda edición do Bono Activa Comercio. Unha iniciativa moi valorada polos consumidores, por aqueles que apostan polo comercio de proximidade e tamén moi valorada polo sector, xa que busca estimular a demanda e favorecer, e sobre todo fidelizar, a tan importante compra nos establecementos físicos.

Tampouco podemos esquecer que este tipo de medidas forman parte das recomendacións incluídas no informe do Comité de expertos económicos, creado pola Xunta nos primeiros días da crise da covid-19, e que outras Administracións autonómicas, provincias e concellos están imitando nos seus respectivos territorios.

Señor vicepresidente, non sei se vostede podería facer agora un pequeno balance do que foi a primeira edición dos Bonos Activa Comercio e sobre o impacto e a mobilización que estes tiveron na nosa comunidade.

O apoio ao comercio de proximidade é unha prioridade e un compromiso do Goberno galego ao longo de toda a lexislatura, e imaxinamos tamén que o seguirá a ser nos orzamentos da Xunta para o ano próximo.



Aínda que as contas autonómicas do seu departamento serán obxecto dunha comparecencia específica nesta Cámara proximamente, pediríámoslle, a ser posible, que nos avance algunha pincelada sobre a aposta que a Xunta ten previsto facer en relación co comercio de proximidade no ano 2023. Cales serán os recursos que a Xunta pretende mobilizar para concienciar, para impulsar e para fomentar os establecementos de proximidade e o valor engadido que estes achegan ao conxunto da sociedade.

—Remato xa.—

Os comercios son alma, vida e corazón das nosas vilas e dos nosos barrios e merecen a pena calquera esforzo e todas as iniciativas dirixidas a apoiar a estes profesionais.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Sanz.

Peche da pregunta, vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, presidente.

Señora Sanz, efectivamente, trátase de dinamizar o consumo e apoiar un sector que é moi importante para a economía e a calidade de vida das nosas vilas e cidades. Forma parte da vertebración do noso territorio. Por iso, esta campaña do Bono Activa Comercio tamén é unha boa maneira de contribuír a esa estabilidade que precisan os comerciantes nun momento en que ademais o único que poden percibir son incertezas; incertezas dende o punto de vista da evolución da inflación, incertezas tamén polas medidas que está adoptando o Goberno en materia de eficiencia enerxética, que lles está impondo medidas que van impactar tamén nos investimentos que terán que afrontar. E por iso, este tipo de medidas, que xa o ano pasado mobilizaron máis de vinte e cinco millóns de euros, vai permitir que máis de cento sesenta mil consumidores se poidan beneficiar este ano desta nova iniciativa.

Ao mesmo tempo, loxicamente, farano diferentes tipos de establecementos, os comercios, zapaterías, librarías, perruquerías, tendas de alimentación... e contaremos un ano máis coa colaboración da Federación Galega de Comercio e as diferentes asociacións de comerciantes e prazas de abastos para que poidan participar o maior número de establecementos posibles. Unha medida que, xa digo, vai permitir o incremento da actividade dentro do comercio de proximidade e que forma parte desa colaboración público-privada que mantemos cos nosos sectores estratéxicos para poder seguir incentivando a súa actividade.

Estamos a facelo no eido do comercio en diferentes ámbitos para favorecer a súa modernización, no eido da dixitalización e no comercio *on line*, a sustentabilidade, a propia formación, iniciativas que, por exemplo, neste ano 2022, permitiron a 580 pequenos comercios e obradoiros acceder ás axudas de dixitalización e modernización de equipamentos, igual tamén a través da formación. Quería destacar ese programa formativo integral para o sector



comercial e tamén o programa de formación específico para os xerentes dos comercios e os centros comerciais abertos.

No ano 2023 seguiremos e manteremos este apoio no eido da dixitalización e da formación e tamén incorporaremos novos mecanismos de cooperación para a mellora da competitividade do sector e crearemos un *hub* específico de innovación comercial para que tamén o comercio de proximidade poida acceder a este tipo de novas iniciativas, novas tecnoloxías, novas formas de comercio e que, polo tanto, permitan a mellora da súa competitividade. Creo que ese labor de colaboración co sector e co comercio de proximidade é moi importante e seguiremos tamén no ano 2023 con estas iniciativas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Hai unha alteración da orde do día. Pasamos á pregunta de dona Ana Pontón Mondelo.

Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa reapertura do centro sociocomunitario Porta do Camiño, en Santiago de Compostela

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidente.

En marzo de 2020, coa chegada da covid, pecháronse as portas dos fogares, dos negocios non esenciais e dos locais sociais. A emerxencia sanitaria que supuña o coronavirus obrigou a reclusión domiciliar para frear os contaxios e protexer vidas. Pero, pouco a pouco, a situación foi mellorando, aliviáronse as restricións de xeito progresivo, abríronse os locais e completáronse os aforos. Aínda que é certo que houbo locais que non chegaron a ver esa reapertura.

Moitos pequenos negocios pecharon definitivamente pero tamén os consultorios que, no día de hoxe, vostedes manteñen pechados ou o centro sociocomunitario da Porta do Camiño. Este centro, punto chave na vida do barrio de San Pedro de Compostela, é vital para a dinamización da zona xa que contaba con servizos como unha sala de xogos, salón de peiteados, sala de rehabilitación, ciberaula, sala de lectura, cafetería... Nel víñanse realizando actividades como baile, pilates, pintura, informática, talleres de memoria ou incluso excursións. Actividades e servizos dos que viñan desfrutando unhas duascenas cincuenta persoas. Por iso, as usuarias e os usuarios deste centro cando viron que comezaba o ano 2022 e que o centro permanecía pechado, mentres se ían abrindo outros centros similares por todo o país, comezaron a mobilizarse.



O BNG trasladou ao pleno do Concello de Santiago do mes de febreiro as súas preocupacións e o Goberno municipal dirixiuse a Consellería de Política Social tamén para preguntar cando se ía producir a reapertura, sen obter resposta. Continuaron mobilizándose, organizaron unha recollida de sinaturas polo barrio e, en abril, trasladamos a pregunta á comisión 5ª na que o director xeral de inclusión social asegurou que se ía producir unha apertura en breves, nun suspiro, e que ademais a apertura sería con todos os servizos.

Mais como seguían sen cambios, o 30 de setembro, as usuarias e os usuarios manifestáronse nas rúas de Compostela porque non houbera máis noticias despois desta resposta do señor Parrado. Así que o BNG recollendo as súas demandas decide trasladar a súa denuncia de novo, polo que o martes 11 de outubro incorpora esta iniciativa á Xunta de portavoces para a súa inclusión na orde do día deste pleno. E xusto o venres, tres días despois, *La Voz de Galicia* publica a seguinte noticia: «O centro sociocomunitario da Porta do Camiño cerrado desde a pandemia reabrirá o día 19». ¡Viron a luz, señor conselleiro! Iso si, no corpo da noticia xa adiantan que será sen programación de actividades. ¡Vaia oh! O señor Parrado aseguraba en abril que a apertura sería mantendo a mesma oferta que existía previamente, pero agora resulta que xa non é tan así —seica que é para coñecer a demanda—. E non é tan así porque o que querían era chegar a este pleno con algo para responder. Así que apuraron para mandar a nota de prensa, convocar xuntanza coas usuarias e preparáronse para abrir simplemente as portas. Nin sequera se preocuparon de avisar ás traballadoras cunha marxe mínima para que todo estivese listo.

Así que permítame a reformulación da pregunta, señor conselleiro, ¿cando vai funcionar o centro sociocomunitario da Porta do Camiño con normalidade? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Carreira, a verdade é que non lle nego certo asombro ao ver que non retirou a pregunta que vén de formular porque coñece perfectamente a resposta.

O centro sociocomunitario, tal e como foi anunciado a semana pasada, xa está aberto e sábeo. Xa ten aberto as súas portas, volve a estar en funcionamento e, por suposto, á disposición de todas as persoas maiores que queiran beneficiarse e desfrutar dos seus servizos. Polo tanto, señora Carreira, estamos a cumprir o compromiso adquirido pola Xunta de Galicia.

O que me sorprende é que vostede non comparta con este goberno a importancia de priorizar a sanidade pública e priorizar, polo tanto, a saúde das persoas. Sorpréndeme que non se poña en valor o feito de que a Xunta de Galicia, en todo momento, marcou esa prioridade de saúde pública, de defensa da saúde das persoas e, nestes momentos, procedemos á apertura do centro en canto foi posible. E foi posible unha vez que non houbo contaxios na residencia



e cando a vacinación da cuarta dose contra a covid-19 e da gripe estivo completada nas residencias de maiores.

Vostede sábeo e aínda así parece que quere sacar rédito político dunha situación na cal temos que compatibilizar as actividades dunha residencia coas dun centro sociocomunitario que está nas mesmas instalacións. A xente que a escoite pode pensar que son cousas distintas, pero non. Están dentro, están nas mesmas instalacións e comparten tamén os mesmos espazos e accesos. Seguramente, ao mellor non o sabe e, polo tanto, non ten ben enfocada a pregunta.

En calquera caso, señora Carreira, a prioridade do Goberno galego foi e será, en todo momento, velar pola saúde das persoas maiores. ¡Esa é a prioridade! Loxicamente, os colectivos máis vulnerables son a nosa prioridade.

En definitiva, é certo que en marzo de 2020 o centro tivo que interromper a súa actividade e é certo que foi necesario ampliar o número de espazos dentro da propia residencia para poder garantir o benestar dos usuarios e, por ese motivo, houbo que empregar as instalacións do centro sociocomunitario e poñelas ao servizo dos usuarios das residencias.

Eu teño loxicamente que agradecer, nese caso, a sensibilidade dos propios usuarios e das súas familias tamén, e o feito de que, nestes momentos, poidamos desfrutar tanto da utilización da residencia como do centro sociocomunitario. E esa comprensión para a Xunta de Galicia ten moito valor, tanto das familias como dos propios usuarios.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente.

Réplica, señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidente.

Permítame a min o asombro, señor Conde.

Hoxe, ás nove da mañá, houbo algunha usuaria que se achegou ao centro para poder entrar nel e o garda de seguridade díxolle que nanai e que ata as cinco da tarde —cando chegase o director xeral para proceder á inauguración— non había apertura do centro sociocomunitario. (*Aplausos.*)

Eu sei ben do que estou falando porque coñezo o centro e coñezo as circunstancias nas que está. Agradecería que vostede fose honesto tamén coas súas respostas porque, de momento, o que temos son promesas, nada máis, por parte deste goberno, e van moi tarde. Tardaron máis de dous anos e medio en volver a ter o centro sociocomunitario da Porta do Camiño aberto ao público e van moi tarde porque esta apertura faise sen que se poida garantir contar coas actividades e servizos cos que contaban previamente. Van moi tarde porque despois deste tempo negándose a dar a información, a marcar unha data, unha previsión, sen seren



quen de responder as preguntas das usuarias, facendo as cousas en base á improvisación, sen planificar nin tan sequera un mínimo para que esta reapertura, por exemplo, fose aviadada con antelación á traballadora que ten a concesión da cafetería para que puidese ter todo o material listo para que hoxe puidese funcionar.

O que pasa é que o seu interese non é o bo funcionamento deste servizo, senón ter a nota de prensa lista para poder chegar aquí con algo. *(Aplausos.)* Non lles interesa o bo funcionamento deste tipo de servizos, de ocio e lecer das persoas maiores e tampouco os da súa asistencia.

Ano tras ano vemos como as partidas dos orzamentos dedicadas a centros sociocomunitarios, a centros de día ou a residencias públicas para persoas maiores son mínimas, tan mínimas que nin unha soa residencia pública en Galicia en trece anos; tan mínimas que son mínimos os concellos do noso país que carecen dun centro de día público, como Santiago, concello no que o BNG leva demandando anos a construción dun centro de día no barrio das Fontiñas, tantos anos como o Partido Popular o leva vetando.

As usuarias do centro da Porta do Camiño merecen moito máis deste goberno da Xunta de Galicia, merecen máis respecto e máis consideración que unhas promesas baleiras. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

O problema de vir ao Parlamento e tocar de oídas é un problema, señora Carreira. Cando vostede di que se vai proceder a unha inauguración ás cinco da tarde, creo que non ten a información correcta. O centro está aberto e o director xeral xa estivo alí esta mañá. Lamento que vostede utilice esta pregunta simplemente para obter rédito político. *(Aplausos.)*

Señora Carreira, non o merecen os usuarios da residencia e non o merecen os usuarios e as familias que utilizan o centro sociocomunitario. Creo que deberían ter un pouco de sensibilidade ao respecto. *(Aplausos.)*

O que si me queda claro é que ao Bloque Nacionalista Galego non lle interesa nada a saúde pública. ¡Iso é o que me queda claro! E o que non lle interesa é que realmente a Xunta de Galicia poña por diante de calquera circunstancia a saúde das persoas e a prioridade da saúde pública. E que vostede non queira recoñecer que para garantir esa seguridade da saúde pública tivemos que priorizar a utilización das residencias fronte ao centro sociocomunitario por unha simple razón e é que comparten instalacións e, polo tanto, o propio ascensor que utilizan os residentes e os usuarios do centro sociocomunitario. Polo tanto, creo que parece razoable que a Xunta de Galicia decidira non reabrir antes o centro sociocomunitario por motivos de saúde pública.



Xa digo que lamento que o BNG unha vez máis non teña ningún tipo de reparo en sacar rédito político dun tema tan sensible como é a protección dos nosos maiores. Non é a primeira vez, lamentablemente, e iso non dignifica a política e non dignifica a este Parlamento. *(Aplausos.)*

Señora Carreira, a prioridade que tivo a Xunta de Galicia foi evitar a constante entrada e saída de persoas alleas á residencia que por motivos puramente arquitectónicos comparten acceso a eses espazos. E non teña ningún tipo de dúbida que se retomarán paulatinamente todas as actividades que se viñan prestando antes do inicio da pandemia, precisamente para dar resposta ás demandas e ás necesidades dos seus usuarios porque ese é o obxectivo que temos na Xunta de Galicia.

E tampouco teña ningunha dúbida, señora Carreira —e trasládolle esta mensaxe, loxicamente, tamén ás propias familias dos usuarios das residencias e aos propios usuarios do centro sociocomunitario—, de que a Xunta de Galicia fixo todo o posible para garantir a saúde e o benestar dos usuarios da residencia. Se volvésemos a estar nunha situación similar, non teña dúbida que volveríamos facer o mesmo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e D^a Noa Presas Bergantiños, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia de manter as traballadoras sociais que integran actualmente as Oficinas de Atención á Vítima

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Olalla Rodil, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día. Bo día, conselleira.

Hoxe, desde o BNG, preguntámoslle polo futuro das traballadoras sociais das sete oficinas de atención á vítima que hai en Galiza. Sete traballadoras que exercen un servizo esencial de atención, de apoio e de acompañamento ás vítimas de delitos violentos que adquire, se mo permite, se cabe un valor aínda maior nos casos de violencia machista.

Na actualidade, estas oficinas están dotadas cun profesional do ámbito da psicoloxía que depende da fiscalía e, polo tanto, do Goberno de España, e cunha persoa responsable no ámbito do traballo social, sufragada pola Xunta de Galiza con cargo aos fondos do pacto de Estado contra a violencia machista.

Porén, as traballadoras sociais descoñecen na actualidade se continuarán ou non exercendo as súas funcións, toda vez que non lles foi comunicada a prórroga dos seus contratos, que rematan o próximo mes de novembro. As traballadoras sociais foron incorporadas no ano



2019 ás Oficinas de Atención á Vítima e iso supuxo —queremos recoñecelo— unha mellor e unha maior asistencia, acompañamento e protección ás mulleres en situación de violencia machista que acoden aos xulgados por un proceso xudicial nesta materia, nun ámbito, ademais —como vostede sabe perfectamente—, no que se pode producir unha vitimización secundaria moitas veces e ademais que a lexislación exige previr e evitar.

As traballadoras sociais das oficinas asesoran, informan, orientan e derivan a outros servizos as mulleres vítimas de violencia machista, moitas delas adolescentes vítimas de violación e agresións sexuais, ou a persoas vítimas de trata con fins de explotación sexual, por exemplo —por citar apenas un exemplo, insisto, de centos, de milleiros de mulleres que en Galiza usan este servizo anualmente—. Pero, ademais diso, supuxo dar cumprimento ao que di o Estatuto da vítima desde o 2015 —artigo 18 e artigo 23 do real decreto que o regula—, que determina de maneira moi clara e desde hai xa sete anos que estas oficinas deben prestar unha asistencia integral e, polo tanto, non só psicolóxica, senón tamén xurídica e social. Porén, só contan —e non sabemos por canto tempo— cunha persoa do ámbito do traballo social, cuxa continuidade depende da decisión que tome agora a Xunta de Galiza.

Para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e tamén para as propias traballadoras sociais das Oficinas de Atención á Vítima, a continuidade do seu labor, a continuidade destas sete persoas nas sete oficinas e a súa dotación, ademais dunhas condicións de maior estabilidade, son fundamentais para a garantía dos dereitos de todas as vítimas de delitos violentos, pero, de maneira nomeada, das mulleres en situación de violencia machista.

Por iso, o que lle pedimos hoxe con toda claridade é que se prorroguen eses contratos, que se manteñan esas sete traballadoras sociais, se fose necesario, cos fondos propios da Xunta de Galiza, que comezarán a tramitarse para o ano 2023, en próximos días, neste Parlamento.

Por iso, a pregunta é moi clara: ¿vai manter a Xunta de Galiza as traballadoras sociais que integran actualmente, desde o 2019, as Oficinas de Atención á Vítima? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Señora Rodil, agora a desenvolvo, pero a resposta é si, van manterse as traballadoras.

Eu creo que substancialmente estamos de acordo na esencia do que vostede acaba de manifestar. Eu quero, evidentemente, confirmar unha vez máis o compromiso que temos con calquera recurso para loitar e tratar a violencia de xénero, e, por suposto, con este servizo de traballo social nas oficinas, coas propias traballadoras e, por suposto, coas vítimas e usuarias deste servizo.



Mantemos este, como mantemos a totalidade dos recursos. Dende logo, eu creo que, por unha banda, por ideoloxía e por convicción, e por suposto tamén porque así o levamos facendo os responsables de Igualdade, e neste caso a Consellería de Presidencia, en cumprimento estrito do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. E confírmolle —como lle dicía— que está en tramitación a prórroga do contrato desas traballadoras sociais; co cal, pois van continuar o seu labor con normalidade.

E si me gustaría aproveitar —á vez que eu falo claramente do compromiso firme que ten Galicia apoiando a prórroga do pacto de Estado contra a violencia de xénero— esta intervención porque seguramente non sexan conscientes das dificultades que tivemos a totalidade dos gobernos autonómicos para prorrogar o pacto de Estado en Madrid, co Goberno de Madrid. A realidade é que inicialmente non se quería renovar este pacto e, cando por fin conseguimos a renovación, non se quería financiar. Eu creo que isto o teñen que saber todos os cidadáns. Vou ser moi breve, pero, por ter datos, na Conferencia sectorial do 11 de setembro de 2021, Galicia e outras comunidades expresamos a nosa preocupación por que continuase o Pacto de Estado. E o que se dixo textualmente por parte da secretaria de Estado é que «estaban nun período de reflexión». A min paréceme inconcibible que no día de hoxe se estea reflexionando sobre a continuidade ou non das políticas públicas vinculadas a este pacto de Estado.

O 24 de febreiro deste ano volvemos expresar a nosa preocupación pola continuidade destes fondos e do propio pacto, porque non había confirmación da continuidade. E naquela reunión, a petición de Galicia, e despois por unanimidade, acórdase avanzar nos traballos de renovación. Créase un grupo de traballo e recibimos un borrador de acordo sobre a renovación do pacto, sen recursos económicos; é dicir, o pacto renovábase con recursos mínimos pero sen ningún tipo de financiamento. Ben, evidentemente, este documento rexeitouse pola totalidade das comunidades autónomas, e o 22 de xullo de 2022, na conferencia sectorial que tivemos antes do verán, practicamente por unanimidade —soamente se abstivo a Comunidade Autónoma de Asturias— se acordou tanto a prórroga como tamén a permanencia do financiamento. Co cal, evidentemente, o compromiso da Xunta de Galicia é firme, por suposto, para continuar cos contratos destas traballadoras sociais, que é polo que vostede pregunta. Pero tamén quero aproveitar para manifestar como Galicia loitou por que continuase e se prorrogase ese Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que comezou no Goberno de Rajoi, pero que é certo que continuou todos estes anos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Máis nada.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Grazas tamén á conselleira.



Eu agradézolle moito que fose, ademais, tan clara. As traballadoras sociais coas que nós tivemos contacto estes días unha das cuestións que nos trasladaban era que se lles estaba mandando información contraditoria. Non tiñan a claridade que vostede acaba de amosar hoxe aquí, e foi esa a razón, ademais, pola que desde o BNG trouxemos esta pregunta: para que non coubese dúbida da súa permanencia e do desenvolvemento do seu traballo tan esencial máis alá deste mes de novembro.

Eu tamén lle pregunto para a segunda quenda de intervención que ten vostede: ¿por canto tempo se van manter *a priori* eses contratos e, polo tanto, a permanencia desas sete traballadoras sociais nas oficinas?

Logo, nós, desde o BNG, insistimos moito alí, no Congreso, e apoiamos —pedímoloo tamén nalgunha ocasión así, fóra, digamos, do Parlamento; téñoocomentado coa secretaria xeral de Igualdade— que era necesaria esa prórroga dos orzamentos do pacto de Estado, pero que máis importante aínda era incrementar o financiamento sobre todo que reciben as comunidades autónomas, porque son as que sosteñen os servizos públicos de atención, de apoio, ou as prestacións económicas de axuda ás mulleres en situación de violencia machista. Por iso, é fundamental que se dote dos recursos económicos que necesitan, e aí saben que van contar sempre co noso apoio.

Eu, simplemente, para rematar esta quenda, creo que unha vez que estamos de acordo en que é necesario, dígolle que ademais dese perfil do ámbito da psicoloxía, que xa existe, da traballadora social que ten cada unha das oficinas de atención á vítima, creo que deberíamos ir máis alá e comezar a falar de introducir esa terceira pata que a propia lei que crea o Estatuto da vítima e o regulamento que a desenvolve dende o ano 2015 xa prevén, que é ter un persoal xurídico con formación específica en materia xurídica. Porque a nós o que nos trasladan, tanto mulleres en situación de violencia machista como as propias traballadoras, é que hai moitas mulleres que acoden con dúbidas sobre os seus procesos xudiciais —o lóxico cando estás nun xulgado— que non poden resolver porque unha traballadora social —como todas vostedes supoñen—...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...non conta con esa formación.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, presidente.



Por contestarlle, señora Rodil, ao que manifestaba, direille que nós imos ampliar os actuais contratos. Vostede falaba aquí de que os actuais contratos son de tres anos, prorrogables ata cinco. Son catro polo Estatuto básico do empregado público. Nós imos chegar ata ese máximo, e logo a pretensión é crear con carácter indefinido estes postos, ¿vale?

Entón, agora mesmo a garantía é chegar ata ese tope legal que existe, e ímolo facer, ademais, sen ningunha dúbida, quero dicir, porque se presentan os orzamentos e vostede pode ver alí que está incluída a transferencia dos fondos do pacto de Estado á Consellería de Presidencia para que continúe ese servizo de traballo social. E logo, evidentemente, agora mesmo xa está ademais confirmada a natureza indefinida do Pacto de Estado; co cal, non vai ser necesario — penso eu — aportar fondos propios. Imos consolidar ese servizo, que é a pretensión — como lle digo — que temos na comunidade autónoma. Eu non teño ningunha dúbida de que a totalidade dos servizos que agora mesmo temos para as vítimas teñen que, evidentemente, consolidarse e seguir adaptándose — e crecendo — ás necesidades que teñen as vítimas. Co cal, non imos escatimar en recursos para a igualdade. O orzamento desta Consellería de Igualdade creo que chega case ao 40 % — ao trinta e moitos por cento — este ano, e penso que esta é a maior garantía de que se van consolidar todos estes servizos; unha garantía absoluta.

Por un lado, dicíalle antes que é de convicción e de ideoloxía que é un servizo que o Goberno temos que apoiar e que temos que prestar; e, por outro lado, é esa garantía de financiamento — que reitero, porque creo que é tamén importante dicilo —, que nunha medida importante se conseguiu esa renovación do pacto polo impulso que demos en Galicia na conferencia sectorial e que agora mesmo xa está prorrogada.

Máis nada.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os estudos ou informes existentes ou previstos por Augas de Galicia en relación cos terreos e co proxecto do parque empresarial de Pontecesures

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra don Xosé Luis Bará, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor BARÁ TORRES: Señora Vázquez, non sei se lle devolven a vostede as competencias en Augas de Galicia que lle quitaron no seu momento, porque nós fixemos unhas preguntas moi claras dirixidas a informes e estudos de Augas de Galicia respecto do parque empresarial de Pontecesures. Esperemos que vostede nos responda, aínda que non leve esta competencia. Ten aí á señora Vázquez, que tamén podería respondernos. Ou unha Vázquez ou outra Vázquez.

Ben, o que queremos dicirlles ás dúas, porque teñen responsabilidades nesta materia, é que o parque empresarial de Pontecesures que está previsto no Plan sectorial é un erro; é un



grave erro polo seu emprazamento, porque ocupa 326.000 metros cadrados arredor dunha zona residencial na que vive moita xente e arredor dunha zona de equipamentos públicos situada no concello de Pontecesures e no concello de Valga. Teño que recordarlles que a 100 metros, a 50 metros, ou a menos, do parque empresarial hai un centro de saúde, un colexio, un instituto, unha escola infantil e instalacións deportivas. Non sei se a vostedes lles parece isto lóxico.

Este parque vai ter, na fase de construción e de funcionamento, un impacto moi grande pola actividade industrial e tamén polo tráfico. O propio PIA, o propio Plan de interese autonómico, na súa documentación, reconece que se vai producir un incremento de tráfico de 5.000 a 9.500 vehículos. É practicamente duplicar o tráfico actual dunha estrada autonómica. Non sei se isto lle parece normal. Vostedes despois falan de ecopolígonos, claro, porque van facer alí un carril bici por dentro do parque e, entón, xa lles parece que é un ecopolígono; como se o pintan de verde, ¿non?, cando vai haber 10.000 vehículos de tráfico pesado afectando toda esta zona.

Tamén é un erro porque afecta unha zona que ten interese ambiental e, sobre todo, que ten interese agrario. E tivo sempre interese agrario e uso agrario. Nos tempos que corren precisamos terras agrarias para producir alimentos, e non ten sentido pavimentar, asfaltar unha zona que ten ese potencial. Pero, sobre todo, preocúpannos as irregularidades na tramitación deste proxecto, porque na avaliación ambiental non se tivo en conta ou non houbo ningún informe de dúas administracións que teñen que informar, que son, por un lado, Augas de Galicia, e, por outro lado, tamén o Ministerio de Fomento.

E xa que está aquí a conselleira de Infraestruturas, responsable de Augas de Galicia, quero preguntarlles: ¿por que Augas de Galicia non informou cando esta zona, segundo a zonificación de Augas de Galicia, está catalogada como de risco de inundacións? Un terzo da zona afectada polo parque é unha zona de risco de inundacións. *(O señor Bará Torres mostra unha fotografía.)* ¿Vai Augas de Galicia informar sobre esta materia? ¿Vai Augas de Galicia facer un informe favorable a que se pavimente e se asfalte unha zona de risco de inundacións para facer un polígono industrial? Queremos que nos respondan claramente a esta cuestión.

Non teño que recordarlle as fotografías que hai de inundacións da zona. *(O señor Bará Torres mostra unhas fotografías.)* Non teño que recordarlle os ríos e regatos e como se empoza a auga alí...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.



Señor Bará, eu supoño que non lle importará que lle conteste eu, porque se trata dun polígono industrial e a tramitación teño que facela eu. Somos como dúas almas xemelgas, ben é certo que ela ten as súas responsabilidades e eu teño as miñas. *(Aplausos.)*

Señor Bará, como ben lembra vostede, hai exactamente un mes que a directora xeral de Calidade Ambiental, na Comisión 2ª, deu cumprida resposta. Pero tampouco teño eu ningún inconveniente en darlle toda a información en relación coa tramitación relativa a este futuro parque industrial que necesita Pontecesures, que necesitan os empresarios, que necesitan os veciños, que ademais demanda o Concello e que é importante para toda Galicia.

Con todo, eu voulle dicir que o que se seguen son os pasos establecidos na lexislación vixente, como non podía ser doutro xeito: por un lado, está a LOT, a Lei de ordenación do territorio; e, por outro lado, está a Lei de avaliación ambiental. Concretamente, a LOT establece que con carácter xeral os PIA deben someterse ao procedemento simplificado de avaliación ambiental. Con todo, cómpre lembrar que non estamos ante un proxecto novo, xa que a de Pontecesures é unha actuación delimitada no Plan sectorial de áreas empresariais do ano 2014, e aí informaron, como non podía ser doutro xeito, todos os organismos e, entre eles, tamén Augas de Galicia.

Agora, na tramitación da segunda modificación, porque estamos ante unha modificación do Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia, amplíase a superficie e pásase de 304.000 metros cadrados a 326.000 metros cadrados e faise, señor Bará, para incorporar enclaves industriais que xa están alí asentados e, por outro lado, os terreos precisos para a conexión viaria.

Concretamente, o procedemento de avaliación ambiental estratéxica do PIA iniciouse en novembro do ano 2021, iniciouse a consulta pública ás administracións e persoas interesadas, para o cal houbo trinta días hábiles para que así nos fixeran chegar as súas achegas.

E, con respecto á situación hidrolóxica da zona, no informe ambiental estratéxico inclúese, por un lado, o estudo hidrolóxico achegado polo promotor, que, neste caso, é o Instituto Galego da Vivenda e Solo, no que sinala efectivamente que o río Valga está catalogado neste tramo como área de risco, de potencial significado de inundación, para Augas de Galicia, e, por outro lado, se determinan o que son as manchas de inundación asociadas a distintos períodos de retorno e as zonas de fluxo preferente. Ademais do informe dos técnicos municipais, que a EDAR e a ETAP teñen capacidade suficiente para dar servizo a este parque.

Por outro lado, tal e como establece a Lei de avaliación ambiental, contabamos con elementos de xuízo suficientes para realizar a avaliación ambiental estratéxica, polo que se emitiu informe con data 16 de febreiro do ano 2022. E agora dentro do procedemento habitual de tramitación...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):
...de PIA...



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. *(A señora Vázquez Mejuto pronuncia palabras que non se perciben.)* Ten outro turno despois, grazas. Ten outro turno, tranquilidade. Ten outro turno. *(Aplausos.)*

Réplica, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, eu quero transmitirles ás dúas, porque teñen as dúas responsabilidades, a preocupación que hai na veciñanza da zona pola construción deste parque empresarial e a preocupación tamén que hai polo Concello de Valga, que está moi directamente afectado por todos os equipamentos que lle dixen, que aprobou en pleno unhas alegacións contrarias a este parque empresarial. Recórdolle que é un concello gobernado polo Partido Popular. Algo de preocupación debe haber ao respecto.

E aquí non estamos discutindo a modificación do plan sectorial, estamos discutindo a tramitación do proxecto de interese autonómico e as irregularidades que se produciron xa no proceso previo, onde non houbo informes por parte de Augas de Galicia e por parte do Ministerio de Fomento. E queremos saber por que Augas de Galicia non informou ese trámite ambiental, cando é unha zona de risco de inundacións. Parécenos extraordinariamente grave e isto pode ter implicacións ademais nunha futura hipotética anulación en vía xudicial, porque tiña que informar Augas de Galicia e non informou.

E claro que a directora xeral tivo que vir ao Parlamento despois de adiar dous meses a súa presenza aquí para dar explicacións. Pero non veu a directora de Augas de Galicia de novo cando lle faciamos preguntas dirixidas a Augas de Galicia. E queremos saber que opina Augas de Galicia sobre que o IGVS incluía un estudo hidrolóxico dunha empresa consultora do ano 2021 —recórdolle que o presentaron no 2022— que cuestiona o Plan hidrolóxico e o mapa de inundacións, *(O señor Bará Torres mostra un documento.)* que di que non é válido o que di o Plan hidrolóxico e a planificación sobre inundacións e que eles consideran que non lle afecta, e fan un novo plano *(O señor Bará Torres mostra un documento.)* que cuestiona a documentación oficial. Entón, a directora xeral díxonos que Augas de Galicia —por iso nos gustaría coñecer a opinión de Augas de Galicia e da súa presidenta, que está aquí sentada— pedira documentación suplementaria. Queremos saber que informes, que estudos está facendo ou vai facer Augas de Galicia sobre esta cuestión. Parécenos unha cuestión moi grave e teñen que dicirnos o que van facer.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señor Bará, dígolle: o IGVS, como órgano substantivo, remitiu o PIA a Augas de Galicia para solicitar o informe. Tanto é así que Augas de Galicia solicitou en agosto un requirimento de documentación adicional, requirimento que cando teñamos esa documentación adicional,



aínda que sexamos almas xemelgas, se pasará cando tecnicamente o teña avaliado o Instituto Galego da Vivenda e Solo. Iso por un lado.

Por outro lado, é que me chama moitísimo a atención que vostede estea moi preocupado — e agradézollo—, pero hai que ter memoria. E digo que memoria porque este non é un polígono novo, xa que se dá a casualidade de que este polígono está recollido nunha bolsa de terreo urbanizable industrial aprobado nun plan xeral de ordenación municipal do ano 2003. ¿E sabe quen estaba gobernando naquel momento en Pontecesures? Pois dáse a casualidade de que foi o BNG. (*Murmurios.*) Pero é que vostedes, como cando lles interesa van á pullita e a ver se teño un voto ou a ver se montamos algarada, ao final non hai ningún problema. Estase seguindo toda a tramitación, Augas de Galicia demándalle ao IGVS que complemente. O IGVS está facendo ese traballo. Houbo información pública. Mire, a lei está para cumprila, sexa un concello gobernado polo PP, polo PSOE ou polo BNG. (*Aplausos.*)

Por outro lado, ademais, lémbrolle que no ano 2006, que creo eu que tamén gobernaba o Bipartito na Xunta de Galicia, había un proxecto tamén de polígono industrial e vivendas públicas. Fíxese que ¿naquel momento estaba todo ben e agora resulta que está todo mal? Non se pode medir con distinta vara, señor Bará, hai que medir coa mesma vara, e iso é o que facemos as Vázquez: a Vázquez que ten competencias en Augas de Galicia e a Vázquez que ten competencias nos polígonos industriais. (*Aplausos.*)

Imos máis alá e eu quero dicirle que a Xunta de Galicia segue apostando polos polígonos industriais, por suposto con toda a tramitación necesaria. Neste caso dáse a casualidade de que está no Plan sectorial de áreas empresariais do ano 2014, que xa informou Augas de Galicia; dáse a casualidade de que foron vostedes os que aprobaron o Plan xeral de ordenación municipal en Pontecesures naquel entón; dáse a casualidade de que tamén fixeron un proxecto que non foron capaces de levar a cabo, pero agora si lle direi que nos próximos orzamentos para este polígono reservamos 2,9 millóns de euros no ano 2023 por entender que o polígono industrial vai saír adiante porque o necesita non só Pontecesures senón tamén Valga e os concellos do arredor e tamén a cidadanía; cidadanía coa cal eu xa hai máis dun ano que me sentei e que estiven presente cando se presentou este polígono industrial alí *in situ*.

Polo tanto, eu quero dicirlles que seguimos incrementando o orzamento...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...para os polígonos industriais, que son moi necesarios. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a inclusión por parte da Xunta de Galicia nos orzamentos para o ano 2023 dunha partida suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363 que permita mellorar a mobilidade e a seguridade en Redondela

O señor PRESIDENTE: Señora Gallego, cando queira.



A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Bo día, conselleira.

En Redondela hai unha estrada de titularidade autonómica, a PO-363, máis coñecida como avenida Mendiño, que está totalmente abandonada. Nesta rúa está situada a piscina municipal, o centro de saúde, hai centros escolares, o polideportivo, é dicir, é unha rúa moi transitada polos veciños e veciñas de Redondela.

E agora imos facer un pouco de memoria. Nas vésperas das eleccións municipais do ano 2019 o entón alcalde, Javier Bas, e vostede mesma anunciaban as inminentes obras de remodelación da estrada PO-363, que, segundo o exalcalde, comezarían en xuño de 2019.

O actual Goberno municipal de Redondela leva máis de dous anos exixíndolle á Xunta de Galicia o cumprimento dese compromiso que adquiriron en 2019 con toda a veciñanza de Redondela, coa veciñanza. O Goberno municipal cumpriu todos e cada un dos requisitos exixidos polo Goberno autonómico, incluída a retención de crédito, petición máis que cuestionable se se ten en conta que a Xunta non explicaba se pola súa banda contaba ou non con partida orzamentaria para a súa realización.

O 24 de marzo de 2020 tivo entrada a comunicación dirixida á alcaldesa dende a Axencia Galega de Infraestruturas na que se require a conformidade do Concello de Redondela co texto proposto de convenio para realizar as obras para a mellora e seguridade viaria de reordenación da PO-363.

No que á conformidade do texto do convenio fai referencia, a secretaria municipal —unha técnica— advertiu unha serie de cuestións xurídicas que segundo a Lei de réxime xurídico do sector público necesitaban a súa modificación ou incorporación ao texto do convenio, tales como a determinación nas cláusulas do convenio das competencias da Xunta e concello respecto á actuación de que se trata, tendo en conta —sinala o concello— que neste caso a estrada obxecto de actuación é de titularidade da Xunta de Galicia.

Tamén se indicaba que o texto do convenio non prohibía a imputación orzamentaria concreta da achega da Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo co apartado d) do artigo 49 da Lei de réxime xurídico do sector público.

Finalmente, o ano pasado o Goberno municipal fixo esa retención de crédito que lle solicitaba a Administración autonómica, pero a día de hoxe esas obras nin comezaron.

Ben, como estamos en época de orzamentos, señora conselleira, ¿vai incluír vostede nos orzamentos do ano que vén as obras para a avenida Mendiño, a PO-363, para arranxar dunha vez esa estrada?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, señoría, é de agradecer que o Partido Socialista se interese polas estradas galegas, porque vendo o interese que ten o Ministerio de Transporte nas estradas galegas, que para o ministerio é cousa menor, polo tanto para o Partido Socialista, que onde gobernan vostedes en Madrid é cousa menor, é de agradecer ese interese polas estradas galegas.

Permítame poñer en contexto as estradas galegas. As estradas de competencia autonómica son 5.500 quilómetros de estradas de titularidade autonómica. É a nosa obriga telas nas mellores condicións, condicións de comodidade, condicións por suposto de seguridade viaria, e iso require un volume de investimentos importantes na conservación e na mellora de estradas.

Só para darlle un dato, xa que lle interesan tanto os orzamentos do ano 2023, que lle agradezo: son case 50 millóns de euros os que destinaremos á conservación e mantemento en boas condicións en materia de estradas de titularidade autonómica. Gustaríame que o Ministerio de Transportes fixera a mesma reflexión e pediran tamén en materia de estradas galegas a outras administracións. 50 millóns de euros para a conservación de 5.500 quilómetros das estradas da nosa competencia.

E son moitas as necesidades, por suposto que si, os recursos son limitados e por iso non podemos dende logo permitírnos o luxo de non aproveitar todas as oportunidades que poidamos ter en materia de fondos para conseguir infraestruturas. E, nese sentido, vou reiterar o que non lle gusta que reiteremos, porque, claro, cando se fala do Ministerio de Transportes, sempre parece que escoce.

Os fondos Next Generation son — máis ben eran — unha oportunidade única, que deixaron de ser unha oportunidade única polos criterios arbitrarios do Ministerio de Transportes, que se reserva un montón de millóns e millóns de fondos Next Generation, que a ver se os gasta, por esquecer o rural e esquecer concellos medianos e pequenos, ante o que vostedes dende logo calaron. Foi o Goberno de España quen extirpou eses fondos Next Generation para ese tipo de concellos e ese tipo de obras. E vostedes calaron.

Esa visión particular da mobilidade do Goberno de España, unha visión moi particular onde investir só nas cidades e non ven máis aló das cidades, e por iso os criterios dos fondos Next Generation son totalmente inxustos. A min gustaríame que se apoiara esa declaración institucional onde pedimos eses fondos para o resto dos concellos galegos, por suposto que si.

E sabe que perdeu moito tempo o Concello de Redondela, porque para completar a información, tempo perdido; para remitir proposta de convenio e contestar, tempo perdido; tempo perdido tamén para temas de semáforos, dende logo; e tamén reformularon, pediron a reformulación vostedes do proxecto. Polo tanto, aclárense vostedes. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Estou realmente abraiada: vostede falou 2.40 do Goberno de España e dedicoulle 20 segundos a Redondela. Isto é increíble, señora conselleira, de verdade. *(Aplausos.)*

Respóndame vostede: ¿vai estar a avenida Mendiño nos orzamentos do ano que vén? ¿Vaise arranxar o ano que vén esa estrada? ¿Si ou non? Díganolo. ¿Vai ir nos orzamentos? ¿Si ou non?

Mire, señora conselleira, ¿sabe que pasa? Que única e exclusivamente a quen prexudica non facer ese arranxo de beirarrúas é aos veciños e veciñas de Redondela, non nin a esta deputada nin tan sequera á alcaldesa, aos veciños e veciñas de Redondela, que caen nas rúas *(Aplausos.)* na avenida Mendiño, porque esas beirarrúas teñen uns socavóns, ¿sabe?, que cae a xente. E iso é o que ten que saber vostede e o seu Goberno.

¿Vostede e o seu Goberno por que non fan esas obras? Díganolo. ¿Cal é o motivo?, ¿cal é o motivo de que non fagan esas obras? E que é increíble, que veña aquí e que fale de todo menos de Redondela. Fale vostede de Redondela, ¡por favor!, na súa segunda quenda. ¡É que xa está ben!

Mire, é intolerable que a veciñanza de Redondela leve dous anos esperando por esas obras. Traballen xa, póñanse xa a traballar, de verdade. Xa está ben de botar balóns fóra. E non me volva falar do Goberno de España, por favor, na segunda quenda. *(Murmurios.)* Fáleme da Xunta de Galicia e de que vai facer a Xunta de Galicia nesta estrada de Redondela. *(Aplausos.)* ¡É que xa está ben!, sempre igual. É que, de verdade, é intolerable.

Eu non quero pensar que non se fai esta obra polas cores políticas do Concello de Redondela. Espero que non sexa ese o motivo. E seguiremos unha e outra vez traendo —si, rían, rían, que é unha risa que caian as persoas alí, é unha risa—... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo. Grazas, señora Gallego, grazas.

(A señora Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Creo que deben aclararse vostedes en primeiro lugar. A consellería non ten a culpa dos atrasos reiterados do Concello de Redondela en moitas cuestións que creo que esquece e non pide explicacións nese sentido. Pero vostedes creo que teñen que aclararse, porque pediron aquí no Parlamento que se cambiara ese proxecto. ¿Estame pedindo que fagamos un proxecto que piden que rectificemos e que modifiquemos, que podía modificar o concello? Teñen



que aclararse vostedes. ¿Ou vostedes non aprobaron aquí xunto co BNG a modificación? ¿Si ou non? Polo tanto, son moi contraditorios, así non hai quen se entenda.

Entón, aquí temos dúas cuestións: tempo perdido e reiterado polo Concello de Redondela durante moitísimo tempo, que vostede se esquece; e non lle bote a culpa á consellería de algo que lle corresponde ao concello. E que se aclare o Partido Socialista cando me está pedindo aquí agora unha actuación que pediron mudar e cambiar totalmente e reformular. Polo tanto, primeiro, teñen que aclararse. Para saber dar hai que saber pedir, e, polo tanto, aclárense vostedes.

Vexo que lle parece mal que lle falemos dos Next Generation, pero o certo é que é un asunto realmente importante, por suposto que si. O Concello de Vigo ten fondos Next Generation para actuar nesas actuacións e en Redondela non. O criterio non o puxo a Xunta de Galicia. Como di vostede, cartiños, dinerito, si, pero está en Vigo pero non está en Redondela. Nos Next Generation os criterios pónenos vostedes e calan, para que vaian só ás cidades, e nós queremos que vaian ao rural, porque apostamos polo rural, e queremos que os fondos... (*Murmurios.*) Ben, se vostedes non queren que eses fondos vaian ao rural, eu teño que lamentar enormemente o desprezo que parece —xa digo: parece— ao rural, porque nós queríamos eses cartos.

Eu vólvolle insistir en que me sorprende que me pida agora unha obra da que pediron aquí no Parlamento de Galicia, en sede parlamentaria, que reformuláramos totalmente o proxecto. Así, sen que vostedes se aclaren, ninguén nos podemos aclarar.

E hai moito tempo perdido nesta actuación, dende logo, unha actuación que nos parece que é importante, xunto co resto das actuacións que temos que facer en materia de estradas galegas; eu insisto: agradézolle esa preocupación polas estradas. (*Murmurios.*) ¿E logo non é unha estrada galega? Son 5.500 quilómetros das estradas galegas onde se invisten máis de 50 millóns de euros en materia de conservación e mantemento e seguridade viaria e comodidade.

E eu insisto: aclárense vostedes se queren reformular o proxecto, que era a última versión que dende logo tiñamos na consellería, ou se queren o proxecto orixinal. E, polo tanto, cando se aclaren, conseguiremos ver, e a ver se o concello pois tamén non segue perdendo tempo e se dedica máis a traballar que a dar peticións públicas aos medios de comunicación.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Eduardo Ojea Arias e D^a Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do acordo acordado no Parlamento de Galicia para comunicar Valdeorras con Galicia pola estrada OU-533

O señor PRESIDENTE: Señor Ojea, cando queira.

O señor OJEA ARIAS: Grazas, presidente.



Bo día, señora conselleira.

Imos falar de estradas, pero imos falar de Valdeorras, no outro extremo. De todas as entradas a Galicia, o val do Sil, é dicir, Valdeorras, é a entrada natural, sobre todo nos días duros de inverno, cando as outras opcións, polo Cebreiro ou polas Portelas do Padornelo e da Canda, as nevadas dificultan o traxecto, sobre todo do tráfico pesado.

Valdeorras conta cunha riqueza paisaxística importante, con áreas protexidas, como a serra da Enciña da Lastra, o macizo central e Pena Trevinca. Estivo moi influenciada pola presenza romana; hai dous mil anos construíron a vía XVIII, ou vía nova, desde Astorga a Braga. Esta foi a primeira infraestrutura importante na comarca. Xa se deran conta da necesidade de boas estradas para o seu desenvolvemento económico. Eles buscaban o ouro que había no Sil. Por certo, Valdeorras non significa «val de ouro» senón «val dos egurros».

Esta riqueza natural mantense ata hoxe en día. A lousa é o ouro do século XX e XXI, creando riqueza e contribuíndo ao mantemento poboacional, fundamental para que os xoves teñan perspectiva de futuro. O 26 por cento do PIB comarcal procede das canteiras e é o responsable de nove de cada dez euros xerados polo sector mineiro na provincia ourensá.

Outra riqueza sae da natureza da súa terra e do seu clima: o viño. Os viños teñen un recoñecemento internacional, sendo a variedade godello como uva branca un referente mundial pola súa calidade. Hoxe hai en Valdeorras preto de cincuenta adegas que comercializan estes viños e que é unha nova riqueza.

Señora conselleira, aínda así, o sentir de calquera valdeorrés ou valdeorresa é que existe un abandono continuo e permanente de todas as administracións —digo todas, de calquera cor, de hoxe e de onte— e que se pon de manifesto na falla de infraestruturas do século XXI. A pesar de todo isto, Valdeorras existe, e existe ben.

A N-120, inaugurada nos anos setenta, comunica unha parte de Valdeorras con Monforte e Ourense. O resto de Valdeorras ten como estrada de referencia a OU-533, da Rúa á Gudiña, que é a estrada autonómica que é a referencia da pregunta. Comunica unha parte de Valdeorras co resto de Galicia; na Gudiña xúntase coa A-52, que une a Meseta con Ourense e Vigo.

Valdeorras e Ourense, o oriente galego tanto de Ourense como de Lugo, perdemos xa vai máis de vinte anos a batalla do tren de alta velocidade e agora ábrese unha porta de esperanza coa estación do AVE-Porta de Galicia, na Gudiña.

Desde O Barco ata a estación do tren hai 80 quilómetros pola OU-533, Ourense está a 120 quilómetros e León a máis de 200. Polo tanto, a estación máis próxima que temos é a do AVE. A OU-533 estase a converter na saída natural ata Portugal ou a Madrid e Vigo de mercadorías tanto para os valdeorreses como para os nosos veciños do Bierzo.

O incremento na mobilidade por vía da estrada fai que necesite un arranxo importante...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor OJEA ARIAS: Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Ten outro tuno despois. A pregunta xa a coñece a conselleira, non se preocupe, ela xa a coñece.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Dende logo, volvo insistir: é moi boa nova que o Partido Socialista se preocupe pola mobilidade do rural. É unha moi boa nova e non foi sen tempo e gustaríanos que fora antes para que fora máis produtivo. Vimos actuacións e iniciativas —por moito que escoza, teño que dicilo— como ese Anteproxecto de lei de mobilidade sostible que realmente é un mazazo ao rural. Tamén as liñas de autobús estatal deixaban tamén e deixan o rural pois do lado e eses fondos Next Generation, que nós non compartimos, deixan o rural de lado para mellorar a súa vertebración.

Dende logo, gustaríanos que se puxera máis atención tamén no resto das administracións e na Xunta de Galicia tamén. Eu agradézolle a súa pregunta, pero hai moitas desfeitas en materia de afectar a mobilidade no rural en Galicia que non é consecuencia da Xunta de Galicia e que prexudican, ademais, moito a Galicia e vostedes non din nada.

Eu coincido coa súa exposición de motivos, que a porta natural de entrada a Galicia é a futura A-76, de futuro moi remoto, vendo os orzamentos do Estado. No que atinxe ao ferrocarril, tamén pois pouco que dicir ademais do xa dito, vendo as partidas orzamentarias nas liñas ferroviarias, e por iso tampouco hai motivo de celebración ningunha vendo os orzamentos do Estado, vendo a mellora da mobilidade do noso rural e infraestruturas.

A min sorpréndeme que elixa reclamarlle á Xunta de Galicia unha serie de cuestións. Nós a mellora da estrada OU-533 cremos que é unha actuación necesaria e por iso levamos traballando nesta actuación e levamos traballo arreo en solitario para mellorar esta entrada e para mellorar tamén a mobilidade do rural.

E teño que volvelo dicir: nós pedimos por suposto fondos Next Generation para esa actuación, fixemos unha declaración institucional con máis de cento cincuenta concellos que mandamos á ministra de Transportes, que nin se molestou en responder. Teño que dicilo, porque é unha realidade, que axudaría moito.

Autoconsígnase o Goberno de España o 78 por cento de 11.000 millóns de euros, priva o 98 por cento dos concellos desta actuación. Pero pese a esa oportunidade única, que é unha oportunidade perdida, nós seguiremos traballando pola vertebración do noso rural, investindo na OU-533. Estamos actuando con máis de 2 millóns de euros na mellora dos firmes, porque consideramos que a conservación das estradas é importante, e tamén contaremos cunha partida orzamentaria no ano 2023 para esa mellora da estrada OU-533, porque cremos que Valdeorras ten que coller a alta velocidade, dende logo na estación da Gudiña, e por iso apostamos por esta estrada, porque nós si que apostamos pola vertebración do noso rural.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Ojea.

O señor OJEA ARIAS: Moitas grazas.

Simplemente, quería ampliar o que estaba a falar. Estaba dicindo que o incremento da mobilidade por vía da estrada fai que se necesite dun arranxo importante e por riba de todo dende Viana á Gudiña. En Viana hai que cruzar unha poboación, o que dificulta considerablemente o percorrido; a única solución sería sacar a estrada da poboación. A partir de Viana o traxecto necesita dun terceiro carril polo perigo que implica, curvas continuas e sen beiravía ao longo de dez quilómetros que separan as localidades. Esta é unha realidade e soamente hai que estar a pé de país e observando *in situ*.

En maio de 2019 o PP presentou unha proposta na comisión correspondente para facer un proxecto de mellora desa estrada para convertela en vía de alta capacidade. Foi aprobada sen ningún problema, foi aprobada por unanimidade.

Este proxecto xa se puxeran enriba da mesa no ano 2016 e segue sen resolverse. A mellora contribuirá ao reequilibrio territorial dos municipios da súa influencia ante a posta en servizo da nova estación do AVE na Gudiña. Ademais, suporá a mellora da comunicación dos concellos da zona oriental de Ourense con Madrid, pola A-52, e coa fronteira portuguesa, así como co resto de Galicia, quedando xustificada a importancia deste arranxo.

Estando todos de acordo, facemos a pregunta: ¿ten previsto a Xunta cumprir o acordo acordado vai tres anos na comisión do Parlamento de Galicia? Isto foi o que me quedou.

E simplemente neste rato que me queda, comentarlle que nos orzamentos xerais do Estado si está recollida unha partida interesante, importante, para o que é Valdeorras, tanto na A-76, sobre todo na parte do tramo leonés, que son 49 millóns de euros ata o 2026, pero despois no referente ao tren, pois o que nos afecta ao tramo de Valdeorras, pois hai 99,7 millóns de euros para o tramo Ourense-Monforte-Lugo, que ese tramo é o que afecta a Valdeorras a nivel de tren.

Polo tanto, si en todos os sitios se fan investimentos. O que falta é que esa estrada, que é autonómica, se...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Ojea Arias pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.



Eu, señoría, non entendo moi ben os reproches que nos quere trasladar. Eu insisto en que nos parece lóxico que os veciños da comarca de Valdeorras queiran facer uso da alta velocidade, pois acudindo á estación máis próxima, que é a da Gudiña, e por iso somos conscientes da necesidade de mellorar a estrada OU-533.

E é certo para min o argumento de peso de que se nos excluía dos Next Generation para esta actuación; por suposto que si. E gustaríame que o Partido Socialista non calara sobre esta cuestión da repartición e criterio arbitrario do Goberno de España privando o rural destes fondos e centrando estes fondos soamente nas cidades.

Nós seguiremos traballando polas melloras na estrada OU-536. Nós executamos actuacións ordinarias de conservación: tres reforzos de firme, que se remataron recentemente, e o terceiro está en plena execución; máis de 2,24 millóns de euros de investimento para a mellora do firme e ter a estrada en boas condicións; en 32 quilómetros, dos 50, actuamos na estrada A Rúa-A Gudiña. E, polo tanto, o investido pola Xunta de Galicia na OU-533, A Rúa-A Gudiña, é mais que o investido polo actual Goberno de España na A-76. (*Murmurios.*) ¿Que me ten que dicir vostede?

Polo tanto, eu pediría ser equitativos e ser equilibrados. Nós seguiremos traballando por esta actuación, porque digo que a mellora da funcionalidade da OU-533 e a vertebración do rural, a mellora da mobilidade do rural e a cohesión e conectividade no rural impórtannos, e por iso estamos cun proxecto de rectificación do trazado, suavizar curvas, terceiros carrís, resolver problema de estrangulamento de tráfico nalgúns zonas, e por suposto que hai outras obras que se poderían impulsar na N-535, que xa sabe vostede quen é titular, que tamén serían moi benvidas para a mellora da mobilidade nesa zona.

Para nós é unha actuación prioritaria. Por iso nos orzamentos do ano 2023 vai existir unha partida concreta orzamentaria para a OU-533 e a 540 con 2,5 millóns de euros, soamente no 2023, cos seus plurianuais, con fondos propios obviamente, porque a nós si que nos importa a vertebración do rural e a mobilidade do noso rural.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. José Luis Ferro Iglesias e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia respecto das actuacións levadas a cabo en relación co pazo de Meirás

O señor PRESIDENTE: Señor Pazos, cando queira.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Señor conselleiro.

Hoxe queremos interesarnos por un inmoible que deu moito que falar neste parlamento pero que ultimamente parece suscitar menos interese, polo menos nunha parte importante deste



hemicycle; falo do pazo de Meirás. A historia recente de Meirás está inexorablemente ligada a sentenzas sobre a reivindicación da titularidade pública do pazo, que, sen dúbida, constitúe un éxito incontestable do conxunto do pobo galego, e de maneira sinalada de todas aquelas institucións que participaron nese procedemento, das persoas e asociacións que durante anos pularon para que este feito histórico se fixera realidade e tamén —hai que dicilo— do noso Estado de dereito, que amosou que é posible reverter as inxustizas do pasado a través da legalidade nacida do proceso de transición democrática, tan deostada por algúns.

E cómpre subliñar esta realidade, señor conselleiro, porque, fronte aos atallos legais que defendían algúns grupos políticos e fronte aos intentos de patrimonialización partidista, que tamén os houbo, foi un acordo tomado por este parlamento o que permitiu a reversión ao dominio público de Meirás, un acordo, por certo, non unánime, que solicitaba á Xunta de Galicia iniciar un estudo xurídico para analizar a fórmula máis viable para tentar recuperar para o desfrute público as torres de Meirás. Aquel estudo, finalmente, foi redactado por unha comisión de expertos nomeada polo Goberno galego e co seu ditame abriuse por primeira vez unha vía certa de actuación, que, ademais, o tempo demostrou exitosa. A recuperación das torres de Meirás non tería sido posible sen a escrupulosa observancia da legalidade vixente e sen a colaboración leal das distintas administracións públicas implicadas no proceso.

Este grupo parlamentario está convencido de que esas mesmas bases son as que permitirán afrontar con maiores probabilidades de éxito os retos que aínda nos quedan por diante, porque, ademais da resolución definitiva sobre a titularidade do pazo de Meirás, aínda está pendente tamén a resolución do proceso xudicial que ten que determinar a titularidade pública dos bens mobles vinculados a este sitio histórico, e cuxa titularidade, por certo, reclama tamén a familia Franco.

Nós agardamos que ambos os procedementos rematen de maneira satisfactoria para os intereses de Galicia, porque non debemos esquecer que o fin último que perseguía este parlamento cando impulsou este proceso era poñer o pazo á disposición dos lexítimos representantes do pobo galego.

Tranquilízanos moito comprobar os evidentes avances que se teñen producido co fin de reintegrar Meirás ao patrimonio público, pero, ao mesmo tempo, observamos con certa inquedanza que todo o que fai referencia ao seu uso e desfrute polo pobo galego avanza a un ritmo moito máis lento, e por iso hoxe queremos formular esta pregunta: ¿cal é a valoración que realiza a Xunta de Galicia respecto das actuacións levadas a cabo en relación co pazo de Meirás?

Polo de agora, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.



Señor deputado, do relatorio que fixo vostede eu quedaría cun feito, que foi a aprobación neste parlamento dunha iniciativa de impulso que levou a que a Xunta de Galicia crease un grupo de expertos para desenvolver un razoamento xurídico que posibilitase que este ben, que as torres de Meirás pasasen a ser un ben público.

A verdade é que se fixo con moita cautela, con moita prudencia, con moita solvencia, diferente ao ruído xeral que sempre rodeou este ben. A verdade é que fomos dando pasos firmes, sempre cuns principios básicos; un dos máis importantes pois foi a lealdade política, a lealdade política que desde a Xunta de Galicia sempre plantexamos, sempre demos, para que se defendese neste caso o interese xeral e se defendese o Estado de dereito.

Tamén moi significativo foi o que é a unidade de acción. Certamente compételle ao Estado facer as reclamacións xurídicas pertinentes, pero sempre tiveron o apoio firme e solvente neste caso da Xunta de Galicia, e a verdade é que con certa perspectiva, sen caer en ningún tipo de triunfalismos, creo que debemos estar francamente satisfeitos do logrado ata o momento, do éxito, como vostede dixo, pois do Estado de dereito.

A día de hoxe, o continente forma parte xa do dominio público e demostrouse que a vía xudicial, neste caso a vía civil, é a única posible, a única que acredita ou que posibilita o cambio de propiedade, neste caso, desde a familia Franco, desde a familia do ditador, cara neste caso aos bens públicos.

Certo é que estamos falando do continente, non estamos falando do contido, dos bens mobles que están no seu interior. Aquí atopámonos cun proceso xurídico francamente complexo.

Por unha parte, o Estado reclamou a propiedade dunha serie de bens ante o Xulgado número 1 da Coruña. En xullo foi o fallo desta reclamación, favorable neste caso aos intereses xerais —digamos— do Estado, tamén apoiado pola Xunta de Galicia, onde eses bens pasaron a ser públicos. Pero quedaba outra serie de bens que non foran reclamados polo Estado e que a Xunta de Galicia lle reclamaba porque estaban vencellados á figura histórica de Emilia Pardo Bazán ou á figura histórica do ditador.

E agora vimos como, por unha parte, a propia familia reclamou ante o xulgado da Coruña eses bens e, por outra parte, tamén o Estado plantexou ante un xulgado neste caso de Madrid, o Xulgado número 70 de Madrid, a reclamación hai escasas semanas daqueles bens que lle plantexamos desde a Xunta de Galicia.

Neste momento, obviamente, estamos ante unha situación xurídica complexa, cun dobre litixio, para entendernos: un nun xulgado da Coruña, outro nun xulgado de Madrid, sobre o mesmo ben, pero o que si se demostra é que a acción xurídica solvente da Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...e do Estado é a que posibilita... *(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois. Grazas.

Réplica, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, conselleiro.

Este grupo parlamentario non alberga ningunha dúbida nin sobre o bo facer dos Servizos Xurídicos da Xunta de Galicia nin sobre a solvencia dos técnicos da Xunta de Galicia que elaboraron ese inventario de bens asociados a Meirás, nin tampouco sobre a vontade do Goberno galego de poñer o pazo á disposición de todos os galegos. E non o dubidamos porque os feitos acreditan que non existen motivos de dúbida.

As resolucións xudiciais dan conta da acertada estratexia xurídica plantexada polos letrados da Xunta e —hai que dicilo— pola Avogacía do Estado, por suposto. E esas mesmas resolucións dan fe do excelente soporte técnico proporcionado polos servizos de patrimonio da Consellería de Cultura. E dende logo, se houbo unha administración que tomase a iniciativa para plantexar usos e para facer actividades en Meirás, esa foi a Xunta de Galicia.

Pero, curiosamente, para os galegos resulta máis complicado acceder ao pazo de Meirás agora, cando está sendo custodiado polo Goberno de España, que cando estaba en mans da familia Franco. (*Murmurios.*) (*Risos.*) Porque a realidade é que, en cada ocasión que foi solicitada a autorización para celebrar algún acto en Meirás, a resposta sempre foi a mesma: non. Solicitáronlle ese uso as asociacións memorialísticas, para actos relacionados coa memoria histórica (*Murmurios.*), e dixéronlles que non; solicitouno tamén a propia Xunta de Galicia, para facer alí actos oficiais e recoñecementos á figura de Emilia Pardo Bazán, e dixéronlle que non. E a día de hoxe —que parece que lles causa moita hilaridade— a realidade é que nin sequera se pode visitar o interior do pazo.

Pero o máis sorprendente de todo é que isto está pasando co silencio daqueles que non hai moito tempo exixían a apertura sen restricións do pazo de Meirás e llo exixían á Xunta de Galicia. Pero agora, cando lle corresponde garantir ao Goberno do Estado, calan e rin. (*Murmurios.*) ¡Que bonita mostra de coherencia a que practican vostedes neste pleno! (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, moitos galegos vimos con ilusión como unha xuíz entregaba as chaves de Meirás ao Goberno de España. O que non sospeitabamos era que o Goberno ía gardalas debaixo da alfombra e botar o cadeado ao pazo. (*Murmurios.*) E por iso nos vemos na obriga de preguntar aquilo que cantabamos de nenos: «¿dónde están las llaves?, matarile, rile, rile». Esperemos non ter que bucear para que os galegos poidan volver acceder ao pazo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Peche da pregunta, señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.



O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Grazas, señor presidente.

Certamente, é obvio —e os resultados están aí— que a solvencia técnica e o rigor xurídico nunha tarefa compartida da Avogacía do Estado e da Asesoría Xurídica da Xunta posibilitaron ir progresivamente ganando todos os preitos e pasando os bens a titularidade pública. Tamén hai que destacar o traballo técnico neste caso feito polos propios técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio.

E a verdade é que tamén se demostrou neste tempo que a única posibilidade legal e real de acceder á propiedade deste ben sen transferir recursos á familia Franco é a través da vía xurídica, que afortunadamente tivo un moi bo resultado.

Protexemos e traballamos coa Administración do Estado, e certamente tamén nos dá a sensación, un pouco a raíz do que comenta vostede, de que hai institucións ou niveis administrativos, neste caso o Goberno do Estado, que perderon un pouco a intensidade respecto do propio complexo das torres de Meirás. É certo que co cambio da anterior vicepresidenta polo actual ministro da Presidencia parece que dá a sensación de que deixa de ser un tema prioritario.

Nós seguimos reclamando a xestión, Galicia segue reclamando a xestión por este ben, a transferencia da xestión por parte do Estado. Ata agora nada sabemos. Tamén é certo que desde a perspectiva de usos e funcións foi esta administración a única que presentou un plan funcional de usos para dotar de vida este recinto. Este plan de usos quería converter e aspira a converter as torres de Meirás nun faro da igualdade e nun faro da cultura que, por unha parte, recupere todo o traballo intelectual, toda a presenza que tivo dona Emilia Pardo Bazán no seu momento, tamén como unha precursora do feminismo, sen esquecer nunca que aí pasaba as vacacións un ditador, con todas as connotacións políticas que tiña e que por suposto sempre os valores democráticos son superiores a calquera valor ou a calquera período ditatorial.

Creo que tamén é importante —e vostede tamén o citou— que se facilite o acceso ao pazo. As chaves do pazo están en propiedade do Estado, pero é certo que leva pechado desde o momento, e iso é algo que é indubidable, non se pode cuestionar. E tamén é certo que en moitas ocasións se demandaron, se solicitaron permisos para poder acceder ao seu interior, para poder facer actos no seu contorno, e foron denegados. Creo que é unha situación que non é positiva para os cidadáns. Moitos cidadáns se preguntan como é posible o que está pasando, como é posible que os cidadáns, que os galegos e calquera persoa non poida acceder ás torres de Meirás, e certamente detectamos unha certa despreocupación neste caso.

En todo caso —e xa para rematar—, o que si é certo é que o traballo solvente, sólido, riguroso, prudente, da Asesoría Xurídica da Xunta, xunto coa Avogacía do Estado, é o que posibilitou e posibilita que este ben sexa hoxe propiedade pública, e agardemos que as reclamacións plantexadas aos bens mobles vaian na mesma liña.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Noelia Otero Lago, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do cesamento do director xeral de Formación Profesional

O señor PRESIDENTE: Señora Otero, cando queira.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde xa, señor conselleiro.

Este grupo parlamentario trouxo a este pleno hoxe unha interpelación na que falabamos da preocupante situación demográfica da nosa Comunidade, do menor peso cada vez máis da mocidade a nivel de poboación, das estatísticas e previsións que está a facer no futuro máis inmediato o Instituto Nacional de Estatística, e preguntando cales son as políticas de xeito transversal que este Goberno galego ten pensado facer para reverter esta situación, non só para que esa mocidade ben formada non marche e teña aquí oportunidades estables e acordes co seu nivel de formación, senón tamén para recuperar e reverter esa emigración da xeración máis capacitada da historia. E nós vinculabamos —aínda que ás veces custe entendelo— como están directamente relacionadas esas oportunidades de emprego, a estabilidade e a vivenda coa mocidade e tamén coa demografía.

E, falando de empregabilidade, é indubidable —e así se reflicte nos datos, no aumento de matriculación na formación profesional— a importancia que ten a FP, neste momento absolutamente chave; un aumento da matriculación non só na nosa Comunidade Autónoma senón tamén a nivel estatal e a nivel europeo. E, polo tanto, por iso consideramos que é tan importante acertar aí, conselleiro.

Cando vostede fala de formación profesional, cando presentaba esa Estratexia galega de formación profesional para os vindeiros anos, vostede sempre empregaba neste parlamento — e tamén fóra, a nivel público— unha expresión: a revolución auténtica, como di vostede «revolución silenciosa». E salvo en determinados casos, o silencio non sempre adoita ser algo positivo. Non sabemos se neste caso. Veremos se conseguimos que o rompa vostede para nos explicar que está acontecendo na súa consellería, onde tan só catro meses despois de facer unha reestruturación o responsable de FP —desa FP galega revolucionaria, pioneira, modelo, innovadora— cesase no seu cargo. O señor Mira Lema dimitía como responsable da FP tan só catro meses nun cargo de recente creación, no que, por certo, se reduciron as súas competencias, a pesar de ser o maior responsable desa FP galega revolucionaria, pioneira, modelo, innovadora e exemplo para todo o Estado.

O que nos interesa, señor Rodríguez, non é a revolución silenciosa, senón o bo facer, o bo clima, as ideas claras, e en pleno comezo de curso, cando menos, agardamos que faga vostede aquí un exercicio de responsabilidade parlamentaria e nos aclare os porqués, o motivo e a situación na consellería nun momento chave a todos os niveis para a formación profesional. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Ben, a verdade é que me sorprendeu esta pregunta, pero tamén a agradezo, porque nos dá a posibilidade aquí na Cámara de representación dos galegos e das galegas de reiterar o agradecemento público, tanto do conxunto da consellería como o meu persoal, a unha persoa, a José Luis Mira Lema, que durante moito tempo e cunha ampla traxectoria desenvolveu un traballo a favor da educación de Galicia e a favor da formación profesional. E tamén me serve para darlle a benvinda ás súas novas responsabilidades a outra persoa, tamén moi vinculada, moi coñecedora da formación profesional, como é a actual directora xeral, Eugenia Pérez. E digo isto porque, despois de escoitalos a vostedes, pois dá a sensación de como se entrásemos nunha fase de abandono ou nunha fase —digamos— de destrución dos avances tidos ata o momento.

Mire, hai unha petición de dimisión, a petición propia, dun alto cargo da Xunta —e iso é algo moi habitual—; neste caso, o conselleiro acéptaa, e, a partir de aí, nomea un substituto —neste caso unha substituta— para seguir traballando nesta liña. Hai unha saída neste caso voluntaria, despois dunha intensa etapa de traballo nos dous últimos anos, onde, ademais do traballo habitual, houbo que facer fronte ás responsabilidades da covid.

Tamén teño que dicir que a actual directora xeral é un relevo absolutamente natural. Foi subdirectora durante moitísimo tempo, practicamente unha década de subdirectora, e ten un coñecemento, eu diría a percepción do propio sistema, co cal imos seguir nunha liña absolutamente continuísta cos novos impulsos e imos seguir traballando; a nova directora ten confeccionado o seu equipo. E despois do cesamento, que foi un martes, o xoves xa tiñamos un relevo no propio Consello da Xunta.

En todo caso, pode estar absolutamente segura de que a formación profesional seguirá sendo un motivo de orgullo para Galicia. Creo que vostede hoxe fixo aquí —e agradézollo— unha reflexión moi positiva sobre a formación profesional. Falou de empregabilidade, falou de número de alumnos, falou de innovación, falou da capacidade que temos para formar sesenta mil xoves de incremento de matrícula. Falou de moitísimas cousas que son verdade. E tamén lle digo: hai unha auténtica «revolución silenciosa», que é unha expresión que se acuñou neste parlamento hai moitísimo tempo; e tamén teño que dicir que hai tres ou catro días a lin nun texto da ministra de Educación e Formación Profesional do ministerio, co cal vexo que están atentos ao que se está facendo en Galicia, co cal estamos moi contentos.

Tamén teño que dicir que tamén estou contento de escoitala a vostede, porque neste parlamento e nesta cámara o Partido Socialista ten votado en contra dalgúns aspectos básicos da formación profesional actual: en contra da creación da rede de CIFP, por exemplo, en moitísimos debates; ou en contra da FP dual.



Señoría, non se preocupe —agradecemos a súa preocupación— : a formación profesional vai seguir sendo un orgullo para Galicia. E reiteramos o noso agradecemento ao director cesante e dámoslle a benvida á nova...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...responsable da formación profesional de Galicia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Si, señor conselleiro, había moita estabilidade e moitos acertos, moitos recoñecementos, pero tan só en catro meses —insistimos—, despois de facer unha reestruturación neste momento chave, e nesta revolución silenciosa, pois presenta ese cesamento; un cesamento da convivencia temporal, que dirían se fora iso un divorcio real.

Pero o que agardamos e desexamos —que é o importante— é estabilidade e acertos —agora si—, que sexa así nesta nova etapa.

Tamén aproveitamos para pedir un pouco máis de transparencia arredor de cousas importantes neste comezo de curso, como, por exemplo, os datos de matriculación por ciclos, prazas cubertas ou non por ciclos. Tamén coñecer datos do alumnado que pediu praza como primeira opción nun ciclo e quedou sen ela.

Hoxe falaba vostede, por certo —xa que falamos de FP—, tamén de igualdade. Aquí sabe vostede que cando debatemos arredor da formación profesional temos prestado e posto especial énfase na necesidade de traballar. E queremos saber tamén cal vai ser neste novo equipo a folla de ruta para acabar tamén con esa fenda que hai en canto á igualdade e á matriculación de mulleres na formación profesional, que está máis agudizada na nosa Comunidade.

Tamén queremos saber como van mellorar esas taxas de finalización arredor das que temos debatido, de empregabilidade, etc., etc., cuestións clave de FP e ante as que —dicimos e insistimos— desexamos toda a sorte do mundo, cunha lei —xa que fala vostede de consenso—, salvo o Partido Popular, de nova formación profesional a nivel estatal que vai mobilizar, como sabe vostede, máis de 7.000 millóns de euros. Podemos falar dos votos do Partido Popular tamén arredor das leis educativas de consenso ou de aumento de bolsas ao estudantado nun momento de crise para saber onde se sitúa cadaquén.

Así que rematar como comezaba, desexando éxitos e acertos, será bo para todas e todos, e que esa revolución silenciosa sexa na súa consellería cun pouquiño menos, conselleiro, de barullo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.



Peche da pregunta, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Ben, é curioso, señora deputada, que vostede lance aquí como insinuacións ou críticas por un relevo dunha determinada persoa nun determinado posto. Eu dígolle unha cousa: o Partido Popular non é como o Partido Socialista. Eu, cando vin esta pregunta, dixen: ¿por que se formula?, ¿cal é a clave?, ¿por que se fai? A min deume a sensación —ao mellor estou equivocado, pero teño que dicilo— de que vostedes estaban buscando argumentos para intentar diluír os seus espectáculos internos —sen ir máis lonxe, vímolos aquí coa Lei de áreas empresariais— e para que se dea a sensación de que somos todos iguais. E non somos todos iguais; este é un partido e un goberno serio, e se hai unha persoa que por vontade propia presenta a súa dimisión, o Goberno segue funcionando absolutamente. E isto é o que queremos trasladarlle; pouco máis lle podemos dicir a esta cuestión.

Non hai a menor dúbida de que a formación profesional en Galicia é un orgullo, vai seguir funcionando a un nivel altísimo e imos seguir dándolle en España moitísimos aspectos. Imos manter os tres conceptos clave da formación profesional, que son o prestixio, a confianza e a utilidade.

O noso obxectivo é acertar co que facemos a nivel persoal e a nivel de proxectos, e creo que o balance mostra que se está acertando máis que errando, porque calquera variable cuantitativa ou cualitativa que comparemos no ámbito da formación profesional hai uns anos ou agora cambia radicalmente.

Recórdolle: nos anos do Bipartito había unha caída crecente na matriculación de FP, había unha empregabilidade do 30 por cento. Hoxe estamos incrementando todos os anos a matrícula, este ano dúas mil prazas novas, dous mil postos novos, máis de sesenta mil alumnos, e cunha empregabilidade do 85 por cento para os ciclos ordinarios e practicamente o 100 por cento para os ciclos de formación profesional dual. Co cal pode estar vostede absolutamente tranquila, que a Estratexia galega de FP dual está en marcha, está en vigor, vai desenvolverse, e vai seguir sendo, sen dúbida ningunha, unha referencia educativa.

E imos seguir traballando. De feito, onte aprobamos os orzamentos no Consello da Xunta. O ámbito da formación profesional, de xeito específico para programas de innovación, para programas de emprendemento, para todo o que ten que ver coa mellora e avance neste sentido, ten un incremento de máis dun 50 por cento.

Non dubide de que imos seguir sendo referencia en España, imos seguir traballando cun altísimo nivel de complicidade coas empresas, creando e deseñando unha oferta educativa da man das empresas para poder darlles oportunidades e ser útiles aos alumnos que a fan e tamén para poder ser útiles aos sectores produtivos.

E, en definitiva, agradecemento á persoa que presentou a súa dimisión e benvida á persoa que asume agora os novos retos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*




O señor PRESIDENTE: Grazas.

Non hai máis asuntos. Remata aquí o pleno.

Boas tardes.

Remata a sesión ás dúas e catorce minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

